

**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA Nº 4**  
**SEO DE FISTERRA-RÍA DE MUROS-NOIA**

**VOLUME 2**  
**PLAN ESTRATÉXICO ZONAL**

**Coordinación**

**José Carlos Fernández-Barja Martínez**

Xerente da Fundación Comarcal de Noia

**Inés Monteagudo Romero**

Xerente da Fundación Comarcal de Muros

**Redacción**

**Isabel Merchán Benítez**

**Sebastián Valverde**

**Roberto Rodríguez Sueiro**

## INDICE XERAL

## VOLUME 1

## DOCUMENTACIÓN DO GAC

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	1
<b>2.</b>	<b>RESUMO EXECUTIVO</b>	3
<b>2.1.</b>	<b>Criterios de solvencia técnica.</b>	3
	2.1.1. Plan Estratégico Zonal (PEZ).	3
	Ferramentas para a dinamización do tecido empresarial do GAC 4.	
	2.1.2. Experiencia en xestión de programas das entidades integradas no GAC.	4
	2.1.3. Equipo técnico vinculado ao GAC.	5
<b>2.2.</b>	<b>Criterios de representatividade.</b>	6
	Organizacións representativas do sector pesqueiro da Zona 4.	
<b>2.3.</b>	<b>Criterios de coherencia.</b>	7
	2.3.1. Accións de difusión e dinamización levadas a cabo polas entidades do GAC.	7
	2.3.2. Mecanismos de coordinación con outras asociacións que existen no territorio e con outros GAC.	8
	Coordinación con asociacións e outros axentes do territorio.	
	Coordinación cos concellos do territorio.	
	Coordinación con outros GAC.	
	Coordinación co GAC 3 Costa da Morte para a creación dunha Plataforma de Comercialización e distribución da pesca(PCDP).	
	Coordinación con tódolos GAC galegos.	
<b>2.4.</b>	<b>Criterios de xénero.</b>	10
	Representación feminina no GAC.	
<b>2.5.</b>	<b>Actas das reunións.</b>	10
	Actas das xuntanzas previas.	
	Acta de constitución e estatutos do GAC.	
<b>3.</b>	<b>O GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA</b>	12
<b>3.1.</b>	<b>Denominación, asociados, obxecto.</b>	12
	3.1.1. Denominación.	12
	3.1.2. Asociados.	12
	3.1.3. Obxecto.	30
<b>3.2.</b>	<b>Personalidade xurídica do GAC. Documentación referente á Asociación.</b>	33
	3.2.1. Actas das xuntanzas previas.	34
	3.2.2. Acta fundacional e estatutos.	35
	Acta fundacional.	
	Estatutos	
<b>3.3.</b>	<b>Órganos de goberno e sistema de xestión</b>	92
<b>4.</b>	<b>EXPERIENCIA EN PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO.</b>	94
<b>4.1.</b>	As institucións do GAC e a súa experiencia.	94
<b>5.</b>	<b>XESTIÓN E APLICACIÓN DO PROGRMA</b>	96
<b>5.1.</b>	<b>Sistema de xestión e funcionamento.</b>	96
<b>5.2.</b>	<b>Xestión e aplicación do Eixo 4/FEP no GAC 4 Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia.</b>	97
	5.2.1. Equipo xestor.	97



	Opción 1: Xestión conveniada con entidades asociadas con experiencia no desenvolvemento de programas e/ou iniciativas comunitarias de desenvolvemento territorial.	
	Opción 2: Contratación directa polo Grupo de Acción Costeira.	
	5.2.2. Procedemento de xestión de axudas.	101
<b>5.3.</b>	<b>Relación valoración proxectos-porcentaxe de axuda.</b>	<b>110</b>
	5.3.1 Actividades produtivas.	111
	5.3.2. Actividades non produtivas.	111
	5.3.3. Iter procedimental.	113
	5.3.4. Incompatibilidades.	114
	5.3.5. Control de expedientes.	114
	5.3.6. Esquema de procedemento.	114
	5.3.7. Desenvolvemento do esquema procedimental.	115
	Solicitud.	
	Acta de non inicio.	
	Revisión da solicitude e requerimento de documentación.	
	Ditame de elixibilidade e subvencionabilidade do proxecto.	
	Valoración.	
	Elaboración do informe técnico-económico.	
	Resolución da axuda e notificación.	
	Aceptación e sinatura do contrato entre o promotor e o grupo.	
	Seguimento e control das iniciativas e proxectos.	
	Xustificación e execución de obra.	
	Pagamento das axudas ao promotor.	
<b>6.</b>	<b>TERRITORIO DE APLICACIÓN DO PROGRAMA</b>	<b>121</b>
<b>ANEXO 1</b>	Actas de xuntanzas previas á constitución do GAC.	
<b>ANEXO 2</b>	Acta fundacional da Asociación.	
<b>ANEXO 3</b>	Estatutos da Asociación aprobados.	
<b>ANEXO 4</b>	Solicitud de inscrición do GAC no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.	
<b>ANEXO 5</b>	Certificado de concurrencia á convocatoria de Grupos de Acción Costeira e de aprobación do Plan Estratéxico Zonal.	
<b>ANEXO 6</b>	Notas de prensa.	



VOLUME 2

**PLAN ESTRATÉXICO ZONAL**

<b>1.</b>	<b>CARACTERIZACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL DO PEZ</b>	<b>1</b>
1.1.	Sistema territorial.	1
1.2.	Análise demográfica.	6
1.3.	Estrutura económica.	13
1.4.	Sectores chave na economía do GAC 4.	25
	1.4.1. O sector pesqueiro.	25
	A vocación mariñeira.	
	A economía doméstica.	
	A importancia económica do sector pesqueiro.	
	Demografía e tipoloxía empresarial.	
	A composición da oferta de produtos pesqueiros.	
	A problemática da comercialización dos produtos pesqueiros.	
	1.4.2. O sector turístico.	64
	A análise da actividade turística.	
	Avaliación do tecido empresarial do sector turismo.	
	Recursos e equipamentos turísticos.	
	Actuacións xa realizadas en turismo.	
1.5.	D.A.F.O.	119
<b>2.</b>	<b>PROPOSTA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN</b>	<b>121</b>
2.1.	Modelo de desenvolvemento territorial.	121
2.2.	Obxectivos do PEZ.	128
2.3.	Estratexias.	129
2.4.	Proposta operativa do GAC 4.	135
<b>3.</b>	<b>LIÑAS DE TRABALLO E ACCIÓNS</b>	<b>139</b>
3.1.	Xestión do Grupo de Acción Costeira.	139
3.2.	Sensibilización e capacitación	146
3.3.	Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro.	182
3.4.	Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	207
3.5.	Calidade de vida e medio ambiente.	275
<b>4.</b>	<b>ORZAMENTOS</b>	<b>282</b>
10.1	Orzamento xeral.	283
10.2	Cadro financeiro.	287
10.3.	Gasto produtivo / Non produtivo	288
10.4.	Cronograma de execución.	290



# 1. CARACTERIZACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL DO PEZ

## 1.1. SISTEMA TERRITORIAL

A proximidade deste territorio con respecto á AP9, colócao nun lugar económico estratéxico dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O espazo incluído dentro do Grupo 4 Seo de Fisterra-Muros-Noia sitúase na franxa costeira centro-occidental de Galicia, na zona de influencia do Eixo Atlántico. A súa pertenza á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e a súa situación xeográfica a non máis de 1 h da arteria principal de articulación da devandita, coloca este territorio nunha situación potencialmente favorable para a implementación de polos de desenvolvemento, dependendo o seu éxito das condicións favorables das vías de comunicación terrestres.

A 1h. da AP9; a arteria principal de Galicia, que comunica A Coruña con Vigo e o norte de Portugal



itc.ménsula

A súa denominación deriva da propia distribución do territorio en tres comarcas históricas diferentes, das cales toma o seu nome: Fisterra, Muros e Noia, que posúen unha superficie total de 593,4 km<sup>2</sup> distribuída en torno a nove municipios: Noia, Porto do Son, Muros, Outes, Cee, Carnota, Fisterra, Dumbría e Corcubión. As propias condicións orográficas do terreo e o



sistema de relacións históricas, condicionaron que os sistemas de comunicación interna entre as tres comarcas se atope nunhas condicións bastante deficitarias.


Neste sistema de relacións xogou un papel moi relevante a organización do territorio en torno a dous grandes ámbitos, centrais para o dinamismo social e económico de Galicia, e que son A Coruña e Santiago de Compostela, que para o territorio que nos ocupa, son os dous elementos de referencia na organización do sistema territorial. Dunha parte temos os concellos pertencentes á Costa da Morte, que xiran en torno á área de influencia de A Coruña; e doutra parte temos os pertencentes a Muros e Noia, que xiran en torno a Santiago de Compostela. Aparece así un sistema territorial polarizado en torno a estas áreas de influencia, que actúan cunha crecente capacidade de atracción pola oferta de servizos de todo tipo e polas posibilidades de ampliar o horizonte laboral.

**A existencia dos Nodos territoriais de Noia, Muros, Cee-Corcubiión, vertebrará o rural e o urbano, asemade que garante a sostibilidade da poboación e da paisaxe.** A distribución no sistema de relacións territoriais vén posibilitada polo desenvolvemento de viarios estruturais que permiten conectar as rías co Eixe Atlántico (AP9), parte das cales se están a implementar na actualidade e que van recortar os tempos de desprazamento dentro das respectivas áreas de influencia.

-A autovía AG-55 A Coruña-Carballo e a súa continuación pola vía de alta capacidade da Costa da Morte ata Cee, que abrirá novas oportunidades aos territorios da Costa da Morte (aínda sen comezar).

-A conexión Santiago-Brión-Noia, que recortará os tempos de distancia cara Noia (en vía de desenvolvemento).

-Muros, pola súa banda, atópase aínda bastante mal



conectada e sen previsións claras de conexión directa coas vías principais debido basicamente ás dificultades orográficas.

Con todo, a carencia destas vías de comunicación ata a actualidade e as dificultades na comunicación interna, xa argumentadas anteriormente, provocaron que apareceran de forma paralela outro tipo de cidades medias galegas, que veñen xogando un papel imprescindible na articulación intermedia do territorio.

Neste rango atópanse os polos de Noia, Muros e Cee-Corcubión. Tres núcleos cun amplo radio de influencia, que ao amparo deste illamento tradicional convertéronse en espazos chave para a integración entre o urbano e o rural, tendo protagonizado un grande desenvolvemento socioeconómico, e unha especialización no sector terciario, como expendedores de servizos de todo tipo (sanitarios, bancarios, educativos, administrativos, comerciais...). Non obstante, e aínda que a nivel xeral, trátase de emplacementsos bastante periféricos, a evolución dos devanditos a nivel micro é bastante diferencial, e isto tivo que ver con factores tanto de localización e accesibilidade, coma da súa relación coas cidades capitais ou das súas bases produtivas. Fisterra engloba os municipios de Cee, Corcubión, Dumbría e Fisterra; Muros, a Carnota e Muros; e Noia, a Noia, Porto de Son e Outes.



## DISTRIBUCIÓN ADMINISTRATIVA DO TERRITORIO, 2008

Comarcas	Concellos	Parroquias
NOIA	Noia	Argalo (Santa María de) Barro (Santa Cristina de) Boa (San Pedro de) Ponte colgante sobre el río Tambre Noia (San Martín) Obre (Santa Mariña del) Roo (Santa María de)
	Porto do Son	Baroña Caamaño Goiáns Miñortos Nebra Noal Queiruga Ribasieira San Pedro de Muro Xuño
	Outes	A Serra de Outes Cando (San Tirso) Entíns (Santa María) O Freixo de Sabardes (San Xoán) Matasueiro (San Lourenzo) Outes (San Pedro) Roo (San Xoán) San Cosme de Outeiro (San Cosme) Santo Ourente de Entíns (Santo Ourente) Tarás (San Xíán) Valadares (San Miguel)
MUROS	Muros	Abelleira (Santo Estevo) Esteiro (Santa Mariña) Louro (Santiago) Muros (San Pedro) Serres (San Xoán) Tal (Santiago) Torea (San Xulián)
	Carnota	Lariño (San Martiño) Lira (Santa María) O Pindo (San Clemente) San Mamede de Carnota (San Mamede) Santa Comba de Carnota (Santa Comba)
FISTERRA	Cee	A Ameixenda (Santiago) Brens (Santa Baía) Cee (Santa María) Lires (San Estevo) A Pereiriña (San Xíán) Toba (San Adrián)
	Fisterra	Duio (San Vicenzo) Fisterra (Santa María) San Martiño de Duio (San Martiño) Sardiñeiro (San Xoán)





Dumbría	Sta. Uxía de Ézaro S. Pedro de Buxantes Santiago de Berdeogas Santiago de Olveira S. Martiño de Olveira S. Mamede de Salgueiros Santa Baia de Dumbría
Corcubión	Corcubión (San Marcos) Redonda (San Pedro) Capela de San Antonio Capela do Pilar

Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2008

Elaboración propia

Así, aparecen casos singulares dentro deste ámbito territorial, como son o caso dos núcleos situados máis cara ao norte, no entorno de Fisterra, que perdeu o seu protagonismo territorial a consecuencia da perda de importancia que teñen protagonizando as actividades tradicionais. Outro caso é o de Noia, integrado na área de influencia das Rías Baixas, que grazas ao seu tamaño, accesibilidade e especialización económica conseguiu xerar dinámicas positivas. No último lugar deste rango está Muros e Porto do Son, que viu relegada a súa función debido á proximidade doutros centros urbanos máis dinámicos.

Sen embargo, a capacidade destes núcleos para configurar Nodos e garantir o equilibrio territorial dependerá tamén do desenvolvemento de incentivos a nivel rural e costeiro que consigan fixar e manter a poboación cuns índices axeitados de calidade de vida. Hai que ter en conta que o nivel de cobertura de aqueles dependerá directamente da magnitude de poboación á que teña que prestar cobertura. A relevancia que adquiren estes Nodos de relacións supramunicipais e a xerarquía que neles se establece, supón un valor que hai manter e desenvolver para a ordenación equilibrada do territorio, en termos de calidade de vida e mantemento da calidade da paisaxe.



## 1.2. ANÁLISE DEMOGRÁFICA

O territorio composto polos nove concellos abrangue un total de 593,4 km<sup>2</sup> e presenta unha densidade media de poboación que xira en torno aos 157 habitantes por km<sup>2</sup>, encontrándose inscritas baixo estas cifras, situacións como as de Noia, municipio que agrupa o meirande número de habitantes, e que presenta unha densidade media de poboación de 398 hab./km<sup>2</sup>, e a de Corcubión, que a pesar de contar co menor número de poboación, presenta a segunda maior densidade de habitantes: 290 hab./ km<sup>2</sup>; unha situación que vén determinada en grande parte pola extensión que alcanzan os termos municipais de cada concello, polo que as maiores concentracións corresponden con aqueles que posúen unha menor extensión.

### DATOS DE POBOACIÓN 2007

CONCELLOS	NÚMERO DE HABITANTES	EXTENSIÓN(km <sup>2</sup> )	DENSIDADE MEDIA DE poboación (hab./km <sup>2</sup> )
Noia	14.808	37,2	398,1
Porto do Son	10.416	94,6	104,6
Muros	9.931	72,9	136,2
Outes	7.681	99,7	77
Cee	7.555	57,5	131,4
Carnota	5.017	70,9	70,8
Fisterra	4.971	29,4	169,1
Dumbria	3.890	124,7	31,2
Corcubión	1.887	6,5	290,3
<b>Total</b>	<b>Total de habitantes</b>	<b>Total de km<sup>2</sup></b>	<b>Densidade media</b>
	66.156	593,4	156,52

Fonte: Instituto Galego de Estatística (I.G.E)  
Elaboración propia

Os cambios económicos acontecidos ao longo do s. XX provocaron o tránsito desde un modelo de organización territorial da poboación, basicamente rural e costeira, ata outro predominantemente urbano, aínda que no proceso cada unha delas foi adoptando uns niveis diferenciais de desenvolvemento, en función do seu relativo illamento con respecto aos principais nodos de influencia supramunicipal. Á cabeza encóntranse Cee, Noia e Muros, que foron fortalecéndose a partir dunha especialización das súas funcións de servizos e asistencial.

itc.ménsula

Entre Muros e Porto de Son organízase un espazo litoral complexo e fortemente humanizado. O crecemento urbano ao longo da costa da Ría, levou á configuración dun espazo urbano case ininterrompido, no que se mesturaron os antigos asentamentos con novos polos de crecemento urbanístico unido tamén coa segunda residencia. Así, o núcleo de Noia como cabeceira, e os de Muros e Porto do Son como subcabeceiras fornecen unha base urbana axeitada para impulsar



un proceso de fortalecemento destes centros, complementados con outro tipo de asentamentos menores dotados dunha forte identidade e atractivo.

As tres comarcas comparten características de poboación moi similares. Trátase de poboacións moi pouco dinámicas, nas que, salvando as diferenzas, se repite municipio a municipio, a mesma estrutura demográfica. Son poboacións cun crecemento vexetativo negativo debido ao baixo índice de natalidade e a unha elevada taxa de dependencia, que vén provocada en maior medida polo conxunto de poboación maior de 65 anos.



Así é todo, trátase de poboacións novas, cun peso específico elevado do grupo de poboación en idade laboral, e se non cambia o rumbo cara índices de natalidade máis altos, o verdadeiro problema hase presentar en 15 ou 20 anos, xa que o índice de dependencia tende a crecer de maneira desorbitada debido ao descenso da mortalidade e o baixo índice de persoas en idade de procrear. Se observamos as pirámides de poboación dos nove municipios, vemos como se repite o estrangulamento no grupo de poboación en idade infantil, e o leve alargamento no grupo de poboación en idade de xubilarse.









# PIRÁMIDES DE POBOACIÓN. Padrón municipal de habitantes, 2007

Fonte: Instituto Galego de Estatística




Elaboración propia

	Mulleres
	Homes



itc.ménsula





As poboacións máis dinámicas son as de Noia e Cee; ambas cun crecemento positivo, e que se deriva da importancia que ambas teñen protagonizado como centros expendedores de servizos, e que vén marcado en grande medida polo papel funcional, de cabeceiras comarcais, que se foron desenvolvendo historicamente, e que fai que na actualidade se sitúen dentro do rango das cidades intermedias galegas. Excepto nestas dúas ocasións, o resto das poboacións están inmersas nun proceso progresivo de regresión demográfica, máis acusada nalgúns situacións concretas, como son os casos extremos de Dumbría, Carnota e Outes.



**EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN. 1998-2007**

	Noia	Porto do Son	Muros	Outes	Cee	Carnota	Fisterra	Dumbria	Corcubión	Total
1998	14.473	10.416	10.855	8.948	7.326	5.930	5.295	4.755	1.949	69.947
1999	14.420	10.376	10.670	8.739	7.352	5.864	5.295	4.611	1.929	69.256
2000	14.404	10.298	10.519	8.634	7.364	5.645	5.224	4.529	1.945	68.562
2001	14.410	10.212	10.378	8.553	7.320	5.593	5.175	4.488	2.001	68.130
2002	14.391	10.085	10.272	8.398	7.239	5.510	5.132	4.428	2.002	67.457
2003	14.586	10.134	10.095	8.243	7.308	5.421	5.141	4.307	1.997	67.232
2004	14.481	10.039	10.050	8.050	7.344	5.285	5.093	4.166	1.964	66.472
2005	14.637	9.990	9.995	7.889	7.467	5.244	5.042	4.067	1.927	66.258
2006	14.702	10.025	9.999	7.751	7.489	5.112	5.009	3.970	1.912	65.969
2007	14.808	9.899	9.931	7.681	7.555	5.017	4.971	3.890	1.887	65.639

**EVOLUCIÓN DA poboación EN PORCENTAXES**

Total	+	-	-	-	+	-	-	-	-	-
	2,31%	4,96%	8,51%	14,15%	3,12%	15,39%	6,11%	18,19%	3,18%	6,15%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (I.G.E)

Elaboración propia

Moi indicativa desta mesma situación de preeminencia diferencial entre os concellos é tamén o indicador sobre movemento migratorio das poboacións que nos ocupan, no cal se ratifica que son Noia e Cee os concellos máis dinámicos demograficamente e tamén os únicos nos que o saldo migratorio é positivo. O resto dos concellos presentan un saldo negativo, e esta realidade vén determinada fundamentalmente pola situación endémica que se vive no sector mariñeiro, principal compoñente sociolóxico de todos os concellos que nos ocupan.

Emporiso, hai que apuntar que se vén producindo nos últimos anos unha inflexión no comportamento da migración, xa que, tanto a taxa de emigración coma no perfil de emigrante actual, varían con respecto ao tradicional. a taxa de emigración experimentou unha contención e a xente tampouco ten a necesidade de emigrar cara ao estranxeiro, como se viña producindo historicamente a nivel de toda Galicia, senón que, dentro do propio Estado, elixe o entorno provincial ou o galego.



**MOVEMENTO MIGRATORIO DA POBOACIÓN.**


Estatística de variacións residenciais, 1996

Concellos	Total	Saldo interno	Intraprov.	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
Noia	119	20	14	6	99	16	83
Porto do Son	-102	-85	-81	-4	-17	-6	-11
Muros	-35	-67	-64	-3	32	-5	37
Outes	-27	-61	-62	1	34	-11	45
Cee	112	38	41	-3	74	27	47
Carnota	-37	-59	-57	-2	22	11	11
Fisterra	-5	-22	-17	-5	17	-4	21
Dumbria	-45	-27	-25	-2	-18	-17	-1
Corcubión	-1	-19	-29	10	18	7	11
<b>Total</b>	<b>-21</b>	<b>-282</b>	<b>-280</b>	<b>-2</b>	<b>261</b>	<b>18</b>	<b>243</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística (I.G.E)

Elaboración propia

Tamén abunda en grande medida o efectivo de poboación que emigra ao entorno comarcal, sobre todo dentro da órbita das cidades máis dinámicas como centros comarcais. É dicir, que a situación endémica do sector pesqueiro é contrarrestada coa aparición doutros oficios e servizos no propio contorno comarcal e provincial, como ocorre co sector servizos. Ademais existe un dobre factor que estrutura a evolución destas poboacións:



-Por unha banda, as limitacións que o propio contorno ofrece no desenvolvemento das comunicacións, posibilitou que se desenvolva historicamente un sistema de relacións endógeno no territorio, actuando os núcleos hoxe máis importantes como elementos intermedios de estruturación da poboación, entre as

cidades de primeiro rango (Santiago de Compostela e A Coruña) e o medio rural, diseminado dentro do propio concello en parroquias e barrios.

-Por outra banda, a centralidade histórica que veñen desenvolvendo algúns concellos, que protagonizaron un desenvolvemento dos subsectores de servizos máis especializados, que relevaron a aqueloutros sectores tradicionais en decadencia, asemade que supuxo unha alternativa para evitar a emigración.



Ao mesmo tempo aparece a figura do inmigrante estranxeiro, que no caso dalgúns concellos neutraliza o efecto da emigración da poboación autóctona. Este engloba un efectivo de poboación escasamente cualificada que chega en busca dos traballos que son desprezados pola poboación local.

Tamén é interesante a aparición dun novo perfil de movemento; o movemento pendular. Trátase de persoas que viven no seu lugar de orixe pero realizan traslados diarios ou semanais no seu contorno provincial por cuestións de traballo, de estudos, de negocio, etc.; que moven un importante número de poboación flotante. Unhas cifras que adquiren grande relevancia, sobre todo nalgúns concellos, como son os casos de Porto do Son, cun 25 % de poboación flotante; Muros, co 22 %; Noia e Carnota cun 17 %; un feito no que inflúe tamén o fenómeno da «segunda residencia», que vén determinada pola actividade turística e que resulta bastante representativa, sobre todo na zona de Costa da Morte, especialmente Carnota.

#### ANÁLISE DE POBOACIÓN FLOTANTE, 2001

Estatísticas por concellos	TOT	Poboación residente					Poboación vinculada non residente				Taxa vincul.
		TOT	Só residente	Reside e traballa	Reside e estudia	Reside e ten unha segunda vivenda	TOT	Porque traballa alí	Porque estudia alí	Porque ten unha segunda vivenda	
<b>Noia</b>	17.244	14.217	10.778	2.732	550	157	3.027	1.195	336	1.496	1,21
<b>Porto do Son</b>	13.616	10.132	8.187	1.563	223	159	3.484	320	27	3.137	1,34
<b>Muros</b>	13.246	10.156	8.008	1.765	269	114	3.090	476	40	2.574	1,30
<b>Outes</b>	9.064	8.202	6.517	1.511	117	57	862	203	10	649	1,11
<b>Cee</b>	9.270	7.164	5.105	1.707	273	79	2.106	913	518	675	1,29
<b>Carnota</b>	6.800	5.480	4.028	950	97	405	1.320	232	8	1.080	1,24
<b>Fisterra</b>	5.755	5.132	4.111	883	51	87	623	97	0	526	1,12
<b>Dumbría</b>	4.636	4.260	3.670	530	6	54	376	142	0	234	1,09
<b>Corcubión</b>	2.574	1.966	1.632	311	6	17	608	188	1	419	1,31

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (I.N.E)

Elaboración propia





### 1.3. ESTRUCTURA ECONÓMICA

A continuación intentarase realizar unha radiografía da economía global dos nove municipios que nos ocupan de maneira que poidamos extraer cal é a vocación da poboación, cales os condicionantes que a estruturan e as posibilidades que presentan para abordar unha nova etapa no desenvolvemento socioeconómico. Del extraeremos aqueles aspectos económicos e sociolóxicos que estruturan e fundamentarán en páxinas posteriores a presentación da nosa aposta estratéxica, as propostas sobre proxectos concretos e os procedementos máis axeitados para poder poñelos en marcha cunhas mínimas garantías de éxito.

Hai que comezar dicindo que en todo o territorio se dá unha preeminencia dos sectores primario e terciario, nas súas vertentes de pesca, turismo e comercio, respectivamente, e que a pesar da grande dependencia que a poboación presenta na actualidade respecto de eles, non conseguiu ata a actualidade desencadear un proceso de desenvolvemento aceptable.



Por isto, dedicamos dentro do diagnóstico un lugar importante aos sectores da pesca e do turismo, en canto a peso específico e tamén en canto a análises sobre o perfil das actividades, do empresariado e da súa contribución á economía local, coa fin de poder determinar onde esta a boca de funil destas actividades e poder dotar de contido innovador as nosas propostas en ditos sectores.

Os nove concellos que nos ocupan están protagonizando xa desde hai anos unha profunda transformación da súa estrutura económica, identificándose en todas as magnitudes socioeconómicas (diversificación, ocupación, estacionalidade, capacidade, etc.) co problema xeral que sofre o medio rural da costa galega. A grandes trazos, trátase de poboacións cunha elevada terciarización, unha escasa diversificación das súas actividades económicas, e unha elevada fragilidade do seu sector empresarial.

itc.ménsula

No proceso de reestruturación económica veñen perdendo peso as actividades relacionadas coa agricultura que, aínda que por tradición veu asociada na meirande parte coa pequena propiedade e co autoconsumo, a súa representatividade dentro das economías domésticas veuse reducida.



Non obstante, neste proceso saíron beneficiados os sectores servizos e construción; dous sectores moi recorrentes nas sociedades de clara vocación rural; sobre todo pola capacidade que teñen estes sectores de poder ser combinados como fonte de diversificación da renda co carácter temporal das actividades do mar.

A pesca e o marisqueo son actividades moi significativas dado o carácter costeiro da meirande parte do territorio, que posúe bancos de area excepcionais para o cultivo da ameixa e especialmente do berberecho. Unicamente nos núcleos de poboación máis dinámicos, coma Noia ou Porto do Son, están sendo alcanzados polo sector terciario como xerador de emprego. Non obstante, no sector da pesca destacan os concellos de Noia e Porto do Son, debido a que contan cunha significativa frota de baixura en Noia e de arrastre en Portosín. O porto de Muros goza de importancia similar e na súa lonxa non só se comercializan as capturas do seu propio porto, senón tamén a dos portos veciños de Lira e O Pindo.

A nivel xeral, os datos relativos ao dinamismo empresarial do territorio que nos ocupan son moi reveladores sobre a vocación destas poboacións. Segundo os datos achegados polas Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña e de Santiago Norte, para o ano 2008, a análise xeral dos datos revélanos ese elevado protagonismo do sector terciario, cun 79,18% das altas empresariais; seguido do sector secundario, que alcanza o 20,72% das altas.

Sen embargo, as empresas do sector primario destacan pola súa irrelevancia, cunha representatividade dun 0,10% no total de altas empresariais. Sempre tomando estes últimos datos sen contemplar o sector da pesca, que posúe un rexistro independente e por iso non aparece contabilizado na seguinte táboa. Este sector tratarase nun epígrafe independente coa exhaustividade que merece pola representatividade e relevancia que adquire o seu estudo para o Plan de Acción Costeira.

#### EMPRESAS AGRUPADAS POR PERFIL E POR SECTOR ECONÓMICO, 2008

SECTORES ECONÓMICOS	C <sup>a</sup> . COMERCIO E INDUSTRIA SANTIAGO NORTE	C <sup>a</sup> . COMERCIO E INDUSTRIA A CORUÑA	TOTAL
SECTOR PRIMARIO			
Expl. agrícola/gandeira	3,00	0,00	
<b>Subtotal</b>	<b>3,00</b>	<b>0,00</b>	
SECTOR SECUNDARIO			
<b>Construción</b>			
Albanelería	66,00	64,00	
Carpintería	41,00	58,00	

itc.ménsula



	Constr. saneamento	16,00	0,00	
	Illam. fónicos	5,00	2,00	
	Reparación edificios	78,00	0,00	
	Preparación terreos	10,00	1,00	
	Revestimentos	11,00	1,00	
	Sanitarios	7,00	0,00	
	Outros	0,00	3,00	
	<b>Subtotal</b>	<b>234,00</b>	<b>129,00</b>	<b>363,00</b>
	Construcción	99,00	7,00	
	Conservas	7,00	1,00	
	Naval	6,00	0,00	
	Repostería e pan	26,00	9,00	
	Enerxía	12,00	5,00	
	Outras	0,00	1,00	
	Minería	1,00	0,00	
	Madeira	8,00	12,00	
	Outros	20,00	38,00	
<b>Industrial</b>	<b>Subtotal</b>	<b>179,00</b>	<b>72,00</b>	<b>251,00</b>
<b>SECTOR TERCIARIO</b>				
	Promo e aluguer inmob.	71,00	115,00	
	Serv. sociais	4,00	5,00	
	Aseguradoras	21,00	18,00	
	Axencias de viaxe	6,00	0,00	
	Agrup. temp. empresas	11,00	2,00	
	Aloxamento	23,00	32,00	
	Restauración	68,00	174,00	
	Aluguer embarcacións	2,00	1,00	
	Aluguer bicicletas	0,00	1,00	
	Bancos/Caixas de aforro	42,00	15,00	
	Serv. financeiros	13,00	10,00	
	Serv. xurídicos	6,00	1,00	
	Serv. administrativos	7,00	3,00	
	Campamentos	3,00	1,00	
	Comercio	392,00	574,00	
	Intermediarios comercio	15,00	0,00	
	Reparación de buques	6,00	0,00	
	Salas de xogo	17,00	6,00	
	Serv. arquitectura	7,00	5,00	
	Serv. enxeñería	6,00	0,00	
	Fontanería	20,00	10,00	
	Electricidade	26,00	16,00	
	Xeso e pintura	10,00	19,00	
	Serv. protecc. incendios	2,00	1,00	
	Serv. agríc./gandeiros	3,00	3,00	
	Serv. forestais	0,00	7,00	
	Outros	288,00	258,00	
	<b>Subtotal</b>	<b>1.067,00</b>	<b>1.277,00</b>	<b>2.346,00</b>
<b>Total empresas</b>		<b>1.485,00</b>	<b>1.478,00</b>	<b>2.963,00</b>


itc.ménsula

Fonte: Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña e de Santiago Norte.  
Elaboración propia



Na análise por sectores, a agricultura, gandería e silvicultura acadan unha pequena significación no conxunto territorial. Nesta realidade vén determinada, non pola ausencia de explotacións agrícolas (agrarias, gandeiras e forestais), senón polo carácter familiar das devanditas, que vén marcado historicamente por unha estrutura da propiedade de tipo minifundista. A súa representatividade diminúe conforme nos achegamos á costa e as explotacións adoptan a tipoloxía de pequenas hortas, salvando as excepcións. Así é todo, a escasa capacidade económica deste sector contrasta coa súa importante achega á economía doméstica, xa que se trata dunha actividade a tempo parcial, que por regra xeral está orientada a satisfacer o autoconsumo, supoñendo desta maneira un gran apoio ás economías domésticas.

#### DISTRIBUCIÓN XERAL DE TERRAS POR Hab. E COMARCA, 2004



Comarcas	C. Herbáceos	C. Leñosos	Outros cultivos	C. Asociados	Prados, pasteiros e pasteiros arbustivos	Outras sup.	Superficie forestal	Superficie total
Fisterra	6.509	134	241	1.324	3.959	3.555	20.875	33.949
Muros	542	64	91	56	2.804	2.603	8.334	14.382
Noia	2.671	479	293	310	3.733	3.849	21.810	32.525

Fonte: Anuario de Estadística Agraria. 2004. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia  
Elaboración propia

itc.ménsula

Os datos extraídos do Anuario de Estadística Agraria para 2004, revélanos unha porcentaxe de Superficie Agraria Útil (SAU) bastante representativa a nivel de todo o territorio, asemellándose á tónica xeral de Galicia. Non obstante, as cifras relativas á distribución entre os



aproveitamentos da SAU revélanos en termos xerais a escasa representatividade do sector agrario na economía do territorio; un sector que está orientado cara ao autoconsumo e xeralmente asociado á pequena propiedade.

En relación cos tipos de cultivo que se desenvolven nestas tres comarcas, destacan por orde de preeminencia a pataca, os cultivos hortícolas, o millo; sobre todo o forraxeiro destinado aos animais, e as leguminosas. Estes cultivos chegan a representar entre o 10-15%, entre o 1-2%, e entre o 2-4% da SAU respectivamente; ademais de estaren orientados ao autoconsumo nun 90% das explotacións e de sufrir un retroceso nos últimos 10 anos.

Os cereais son os menos representativos dentro dos cultivos agrícolas, aínda que na análise da súa evolución, o trigo é o cereal que mantén o seu cultivo máis tempo e, sen embargo asístese a un claro e destacado retroceso no cultivo dun cereal moi enraizado na cultura alimentaria galega como é o caso do centeo.

Noutro rango de representatividade superior encóntrase a superficie de campiña, que representa, segundo que zonas, índices bastante elevados. En todo caso, danse casos extremos coma os de Fisterra e Carnota, nos que chega a representar ata un 40% da SAU, no primeiro caso, e menos do 1% no segundo.

Outro aspecto de relevancia na análise da superficie agraria, é a representatividade que adquire a extensión de montes comunais na zona. A titularidade colectiva destes terreos vén asociada a un dereito foral de Galicia que posúe unha lexislación que está baseada na regulamentación de normas colectivas de tipo consuetudinario, asociadas a explotacións de interese público. Constitúen, hoxe en día, institucións que continúan estando asociadas a un modelo de estrutura da propiedade bastante asentada e identificadora da poboación do rural galego.

itc.ménsula



Non obstante, esta relevancia histórica dos montes comunais, choca cunha plausible infrautilización, froito da modernización das condicións de vida e da progresiva decadencia que a actividade agraria vén protagonizando. unha situación que estivo favorecida polo despoboamento do rural, ou en todo caso, a concentración progresiva en núcleos urbanos



con actividades laborais máis liberais, e a escasa capacidade de sostemento da actividade agraria nestas circunstancias e das actividades ás que subministraba; hai que ter en conta que a orientación da produción forestal destes montes era fundamentalmente forraxeira e de madeira.

Na actualidade, o 83% destes montes está abandonado ou carece dunha xestión eficaz e ben organizada, e isto obriga a tomar algunha dirección a prol da súa reconversión estrutural, ou en todo caso das obrigas sobre o seu mantemento, xa que o desuso e falla de mantementos os converteu en pasto das lapas en múltiples ocasións.

Concello	Nome do monte	Titular	Ha. plano	Ha. Bases	Ha. cualif
Carnota	Xestoso	C. de Xestoso	2,68		28,63
Carnota	Aguillóns e Vallóns e outros	C. de Pedrafigueira e outros	278,44		303,08
Carnota	Aguillóns e Vallóns	Concello de Carnota	166,94		
Carnota	Cadeiras	Concello de Carnota	254,72		
Carnota	Pindo	Concello de Carnota	1.041,37		
Carnota	San Mamed	Concello de Carnota	26,90		
Carnota	San Mamed	C. de San Mamed	760,54	760,54	814,84
Carnota	Mallou e Maceiras	C. de Mallou e Maceiras	77,00	77,00	65,
Carnota	Lira	C. de Lira	300,00		300,00
Carnota	Caldebarcos e San Cibrán	C. de Caldebarcos	195,96		195,96
Carnota	Abaixo e Riba (Pedrouzo)	C. de Cubelo 203,46 con Adraño			109,00
Carnota	Adraño	C. de Adraño 203,46 con Cubelo			40,00
Concello	Nome do monte	Titular	Ha. plano	Ha. Bases	Ha. cualif
Cee	San Pedro Martir ou Serrada	C. de Lobelos			0,00
Cee	San Paio	C. de Lagarteira, Pallares e Escabanas			39,90
Cee	O Son	C. de O Son			29,18
Concello	Nome do monte	Titular	Ha. plano	Ha. Bases	Ha. cualif
Corubiión	San Andrés	Concello de Corubiión	11,00	11,00	
Concello	Nome do monte	Titular	Ha. plano	Ha. Bases	Ha. cualif
Fisterra	Do Cabo o Facho	Concello de Fisterra	203,00	250,00	
Fisterra	Nave	Foral de Escarís, San Martín e Hermedesuso	59,70	59,70	
Concello	Nome do monte	Titular	Ha. plano	Ha. Bases	Ha. cualif
Muros	Sieiras	C. de Bornalle e outros	97,20		97,20
Muros	Sestaio	Concello de Muros	88,40		
Muros	Sieiras	Concello de Muros	30,80		
Muros	Baño	C. de Serres	154,39	154,39	154,34
Muros	Costa Grande	C. de Serres	548,93	548,93	548,93
Muros	Bornalle	C. de Bornalle e outros	83,40		83,40
Muros	Figueiroa	C. de Figueiroa	54,00		64,00
Muros	Vistabós	C. de Vistabós	145,00		138,00
Muros	Lestón	C. de Lestón	26,50		27,00
Muros	Riomaio	C. de Riomaio	120,52		112,00
Muros	Amira	C. de Amira	82,30		91,00
Muros	San Xulián	C. de San Xíán	52,00		46,00

itc.ménsula



Muros	Cornes	C. de Cornes	62,00	62,00	150,00
Muros	Torea	C. de Torea	81,60		78,00
Muros	Pando	C. de Pando	106,00		106,00
Muros	Rateira	C. de Bornalle e outros	6,00		6,00
Muros	Louro	C. de Louro	116,21		120,00
Muros	Meán	C. de Louro	17,05		17,05
Muros	Naraio e Tixia	C. de Louro	316,23		320,00
Muros	Louro (Oroso)	C. de Louro	94,20		94,00
Muros	Sestaio	C. de Eiroa	114,00	114,00	105,00
Muros	Sieiras	C. de Lestón de Baixo	13,50		13,50
Muros	Tal	C. de Santiago de Tal	137,09		137,09
Muros	Vouga e Coiba	Concello de Muros	23,74		
Muros	Castelo Grande	C. de Sta. Mariña de Esteiro	121,20	121,20	121,20
Muros	Pedregal e Bolantón	C. de Sta. Mariña de Esteiro	461,42	461,42	461,42
<b>Concello</b>	<b>Nome do monte</b>	<b>Titular</b>	<b>Ha. plano</b>	<b>Ha. Bases</b>	<b>Ha. cualif</b>
Noia	Vilardante e Vilafabeiro	C. de Vilardante e Vilafabeiro	168,90	168,90	115,00
Noia	Castelo de Nimo	C. de Nimo	144,24	144,24	140,00
Noia	Boa	C. de Boa	70,80	70,80	74,50
Noia	Castelo de Nimo	Concello de Noia	19,38		
Noia	Pedrido e outros	C. de Pastoriza	10,77	10,77	10,00
Noia	Liñaio	C. de Liñaio	31,49	31,49	30,87
Noia	Barbanza de Argalo e outros	C. de Argalo	65,95	65,95	78,60
Noia	San Lois	C. de Obre	23,20	23,20	18,50
Noia	San Lois e Armada	C. de Beiro	18,17		18,17
Noia	Figueira	Concello de Noia		20,00	
<b>Concello</b>	<b>Nome do monte</b>	<b>Titular</b>	<b>Ha. plano</b>	<b>Ha. Bases</b>	<b>Ha. cualif</b>
Outes	Tremuzo	Concello de Outes	74,85	74,85	
<b>Concello</b>	<b>Nome do monte</b>	<b>Titular</b>	<b>Ha. plano</b>	<b>Ha. Bases</b>	<b>Ha. cualif</b>
Porto do Son	Barbanza de Xián e Outros	C. de Baroña			823,00
Porto do Son	Campo de Catia e Pozón e outros	C. de San Pedro de Muro			69,85
Porto do Son	Tahume de Muro	C. de San Pedro de Muro	152,60	152,60	163,17
Porto do Son	Barbanza e Graiade	C. de Ribaseira	721,00	721,00	836,00
Porto do son	Sieira e Castelo	C. de Xuño	445,00	445,00	455,19
Porto do son	Iroite, Barbanza e outros	C. de Nebra	863,00	863,00	1.013,00
Porto do Son	Graiade, Marandán e Miguelís	C. de Caamaño	334,00	334,00	374,00
Porto do Son	Solar e outros	C. de Miñortos	85,16	85,16	84,00
Porto do Son	Barbanza, Enxa e Dordo	C. de Noal	446,03	446,03	593,00
Porto do Son	Xestas	D. Julio Liñares, C. Fontán, R. Cruces, Xestas SL	37,16	37,16	
Porto do son	Xestas	Juan Santos Queiruga e outros	20,84	20,84	
Porto do Son	Iroite	C. de Goians	315,65	315,65	476,00
Porto do	Graiade	C. de Queiruga	122,57		283,00



Son				
Porto do Son	Recobo	C. de Miñortos	21,50	84,00


No que se refire ao sector secundario, de realizarse unha análise desagregada por subsectores, os datos estatísticos achegados polas diferentes Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, resultan bastante significativos da tremenda terciarización das actividades económicas da poboación. Máis do 79% das altas empresariais corresponden ao sector terciario, e case un 21% ao sector secundario. Non obstante, se descendemos na nosa análise cara o perfil dese sector secundario, obtemos datos moito máis extremos, xa que só o sector da construción representa un 13%.

Se unimos esta porcentaxe a aquela representada pola industria da construción, as empresas de servizos inmobiliarios, aseguradoras e demais empresas de apoio ao sector, vemos como só o sector da construción representa case o 26% do dinamismo empresarial da zona, restando ao resto do sector industrial, tan so o 5% da forza empresarial. Este subsector da construción estase a ver dinamizado en grande parte polo atractivo turístico da Ría de Muros e Noia, así como da Costa da Morte, zonas nas que se veu rexistrando unha forte promoción inmobiliaria ligada á segunda residencia. No caso de Porto do Son, Muros, Noia e Carnota, nos que a súa poboación flotante representa o 25 %, 22 % e o 17 % respectivamente.





## ANÁLISE DESAGREGADA DO SECTOR SECUNDARIO, 2008



Fonte: Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña e de Santiago Norte.  
Elaboración propia


En situación ben distinta atópase o resto do sector industrial, que no chega a ocupar nin o 5% do total das altas empresariais. Dentro deste grupo, destacan as relacionadas co mar; é dicir, as de tipo alimentario como poden ser conserveiras e manufactureiras, e as relacionadas coa construción naval, intimamente relacionada coa primeira. Entre as conserveiras existen un total de 8 establecementos en todo o territorio vinculado ao Plan de Acción Costeira, e en cuanto ás segundas un total de 6.

Unha escasa representatividade si temos en conta o peso que tradicionalmente tivo a pesca nestas poboacións costeiras e cuxa decadencia é consecuencia directa de dous factores fundamentais: por un lado a tradicional estrutura produtiva, orientada basicamente á actividade extractiva, e por outro á escasa capacidade de adaptación das industrias tradicionais á nova situación económica de apertura e competitividade do mercado; un feito que provocou o peche paulatino da grande maioría delas pola falla de rendibilidade das explotacións.

No que se refire ao sector terciario, o subsector comercio desmárcase claramente do total de altas empresariais, con mostras especialmente relevantes en Noia e Cee pola súa centralidade comarcal, seguido do sector hostaleiro e do sector inmobiliario, xa analizado en liñas anteriores.



## ANÁLISE DESAGREGADA DO SECTOR TERCIARIO, 2008



Fonte: Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña e de Santiago Norte.  
Elaboración propia

A nivel xeral, a interpretación que se pode facer con respecto ao perfil da empresa local, é a fragilidade empresarial do territorio, cunha preeminencia da empresa familiar ou microempresa, abundando sobre todo naqueles negocios con menos capacidade de risco. Un elemento que funciona como referente da falla do carácter emprendedor na poboación é a carencia de negocios innovadores ou con certa capacidade de risco nos sectores máis destacados: o turismo e a pesca. Pola súa parte, o sector pesqueiro protagonizou un grande cambio nos últimos anos debido a varios factores:

- A reconversión levada a cabo na frota debido ás medidas comunitarias.
- A suba dos custes de produción debido ao encarecemento dos carburantes.
- A falla de rendibilidade da actividade polo mantemento dos baixos prezos do pescado, que se encontra supeditado a unhas marxes de perda escandalosos polas regras que os intermediarios imponen na poxa en lonxa.


itc.ménsula

En canto á capacidade de xeración de emprego por sector, e segundo os datos que se extraen da información recollida no Código CENAE, sobre empregados por sector, hai que dicir que, por regra xeral, é o sector servizos o que maior número de persoas emprega, seguido de construción, o comercio e a hostalaría. Este dato varía, aínda que sensiblemente, nos dous concellos que se



encontran un pouco máis cara ao interior: Cee e Outes, nos que destaca con moita diferenza o sector da construción como o maior creador de emprego de man de obra.

### DEMANDANTES DE EMPREGO POR SECTOR, 2007




Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia  
Elaboración propia

Na evolución mensual do paro, é a tempada de verán a que máis persoas emprega e xusto no sector servizos; un sector que vén asociado nesta época á actividade turística. Outro dato importante é a proporción que existe entre traballadores por conta allea e traballadores por conta propia ou autónomos. Estes últimos resultan bastante representativos no sector da construción, da hostalaría e do comercio; un dato que vén reforzar a visión sobre a existencia dun amplo número de microempresas, que nalgúñas ocasións chega a supoñer o 80% dos empregados nestes subsectores, e mesmo chegan a superar a porcentaxe de traballadores por conta allea.

É representativo o caso de Noia, que se desmarca da tónica xeral, xa que, a pesar de que o sector da pesca segue constituíndo un dos máis representativos, a súa tradicional relevancia funcional como centro de servizos a nivel comarcal, determinou que este sector sexa superado polos sectores do comercio e da construción, aínda que iso si, dos pequenos negocios de tipo familiar.



### EVOLUCIÓN DO PARO POR SECTOR E MES, 2007



Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia  
 Elaboración propia



## 1.4. SECTORES CHAVE NA ECONOMÍA DO GAC 4

Hai que comezar dicindo que en todo o territorio se dá unha preeminencia dos sectores primario e terciario, nas súas vertentes de pesca, turismo e comercio, respectivamente, e que a pesar da grande dependencia que a poboación presenta na actualidade respecto de eles, non conseguiu ata a actualidade desencadear un proceso de desenvolvemento aceptable. Por isto, dedicamos dentro do diagnóstico un lugar importante aos sectores da pesca e do turismo, en canto a peso específico e tamén en canto a análises sobre o perfil das actividades, do empresariado e da súa contribución á economía local, coa fin de poder determinar onde esta a boca de funil destas actividades e poder dotar de contido innovador as nosas propostas en ditos sectores.

### 1.4.1. O SECTOR PESQUEIRO

#### A VOCACIÓN MARIÑEIRA

Os recursos pesqueiros son recursos esgotables que cobren unha necesidade primaria como é o abastecemento alimentario da poboación. Ao longo da historia, o seu consumo veu determinado polos usos sociais e unhas pautas culturais. Sobre a relación entre as persoas e as condicións de acceso ao seu alimento, construíronse as propias comunidades de habitantes.




A propia configuración social, económica e xeográfica débese, en gran medida, a esta interrelación co mar e os recursos pesqueiros. Isto é o que sucedeu con Galicia, onde a dieta alimentaria pasou a cubrirse en gran parte con produtos do mar, e desa interacción construíronse como comunidades pescadoras. O recurso pesqueiro é convertido no produto *pescado*, algo producido polo mar, recollido por persoas conforme a certas técnicas e posto no mercado para que alguén o merque destinándoo a súa alimentación, sendo algo recoñecido polas súas propiedades de uso aínda cando non se coñeza nin o lugar de procedencia ou como se accedeu a el. Deste modo, as actividades pesqueiras intégranse rapidamente nas redes de comercialización, dándose procesos de valorización do produto rápidos e elevados. Así, a marca



*pescado* (peixes, crustáceos ou moluscos, ou derivados destes) de procedencia galega acaba por ser sinónimo de calidade.

A maior parte de todo o produto pesca-conserva galega destinase ao consumo humano, sendo esta unha característica específica do sector pesqueiro galego: produce alimentos para os humanos. Parece comprobado pola evolución económica do mercado do ben alimenticio pescado que a demanda do consumidor do mercado español e do mercado de exportación se ve satisfeita polo produto galego: a demanda de produto pesqueiro, lonxe de declinar, non só se mantén senón que aumenta. A partir desta identificación de marca, establécese un tramado de relacións que percorre o produto desde a súa captura ou seu desembarco, ata que é consumido en calquera mercado (algúns deles moi distantes física e culturalmente da orixe), creando zonas de influencia noutros subsectores produtivos con consecuencias económicas xerais. Deste entendemento son consecuencia, en gran medida, a distribución de poboación dalgúns países ou comunidades costeiras (a zona de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, por exemplo), a forma de se constituír as localidades mariñeiras, as vivendas, as institucións veciñais e comunais, as técnicas utilizadas, a división do traballo e as profesións, a economía local, os modos de intercambio, as relacións con outras comunidades do litoral ou do interior, e finalmente a propia alimentación (o tipo de alimentos, a súa conservación, a súa preparación).



Todo parece indicar que os oferentes da zona conseguiron ir adecuando as características da oferta aos requirimentos de demanda. Mesmo tamén que foron quen de crear demanda en nichos novos de mercado. Demostrase, deste xeito, un grao de profesionalización do sector que, sen abandonar os coñecementos tradicionais, actualiza constantemente a

súa presenza no mercado, converténdose nun dos mellores activos no mercado de produtos galegos, tanto dentro como fóra de España. Isto foi o que sucedeu en Galicia e ben se pode extrapolar á zona de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia. É dicir, o coñecemento das técnicas de produción e do ecosistema, a especialización produtiva en recursos mariños como os moluscos, e o recoñecemento da orixe do peixe e do marisco procedente da zona, son todos elementos que fixeron ata o día de hoxe da actividade pesqueira unha comunidade costeira de referencia.



Os problemas actuais están vinculados a cuestións internas sobre como reducir a intensificación do esforzo pesqueiro ao tempo que se conserve o recurso, e como mellorar as estruturas, fórmulas e canles de comercialización ante a escasa rendibilidade do produto no mercado, a adopción de medidas de actuación cara a unha maior valorización da profesión do pescador, e á creación de iniciativas cara á formación, tal e como sucedeu noutras comunidades costeiras como a bretoa, onde o nivel de educación e formación é superior. Os aspectos externos están ligados ao aumento dos custes do combustible, ás restricións regulamentarias establecidas pola Unión Europea, ás limitacións das axudas estruturais máis aló do ano 2013 e especificamente concentradas na comercialización dos produtos pesqueiros, á redución do esforzo pesqueiro e á dotación de mellores infraestruturas acuícolas. (valorizar a profesión do pescador, formación).

### A ECONOMÍA DOMÉSTICA




A pesca de baixura e artesanal é un termo ambiguo, que pretende abranguer á pesca realizada no día, por embarcacións de pequeno porte, que traballan cunha chea de artes diferentes sobre un número moi variado de especies e dentro das augas autonómicas preferentemente. Na zona de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia a característica predominante é dunha explotación familiar que se dedica á pesca de baixura, ou ben á explotación de moluscos no marisqueo a pé.

O móbil principal da actividade económica da pesca de baixura é a satisfacción das necesidades, o que non quere dicir que non exista o móbil económico dos beneficios. A satisfacción das necesidades e a posible obtención de beneficios económicos son cubertas polos ingresos derivados da actividade pesqueira e, en caso de que a muller sexa mariscadora, dos ingresos complementarios de esta. A estrutura familiar da pesca de baixura propia dunha economía capitalista non desenvolvida permite unha certa disociación das tarefas dos membros en diferentes actividades. Así, é o propietario—habitualmente o pescador ou mariñeiro ou os seus fillos—assume a dirección de todas as funcións da empresa: produción, venda e administración, é o director-xerente, e practicamente non existe diversificación. El é quen controla todo o proceso de produción.



Co paso do tempo e a incorporación da muller ao mercado laboral, esta foi realizando algunhas destas tarefas, sobre todo aquelas relacionadas coa venda e administración do produto ou ben dedicándose ao marisqueo. No caso dos fillos, colaboran embarcándose como mariñeiro sen recibir formación educativa anterior, o que significa que a súa aprendizaxe do oficio será fundamentalmente empírico ou a través da transmisión da experiencia do pai. A técnica é suplida pola elevada intuición que posúen este homes do mar. Ademais, o carácter eventual á que está sometida a súa actividade, supón unha inestabilidade nas empresas pesqueiras, o que obriga a compaxinar as tarefas da pesca con outras como o marisqueo ou con outras doutros sectores da comunidade local como é o turismo. Aínda así nos últimos anos introducíronse tecnoloxías nas embarcacións que facilitan a labor pesqueira (radares, GPS). Neste sentido imos atrasados en relación a outros países como Francia nos que a innovación tecnolóxica é un elemento moi considerado por parte dos pescadores.

O tipo de organización na empresa industrial é diferente. A necesidade dunha estrutura empresarial, racionalmente organizada, supón unha división de tarefas, que van desde as técnicas de distribución do traballo ata as organizativas, comerciais e financeiras. A existencia de empresas con varias embarcacións permite economizar gastos, por



medio de economías de escala que fan medrar a rendibilidade. En calquera caso, o que sucede na pesca de baixura tradicional da zona non é unha estrita división o traballo. O que sucede é que a medida que a empresa familiar se expande e se diversifica, incorporando novas tecnoloxías e mecanismos de incremento dos beneficios como a redución de custes de combustible, o modelo de pesca de baixura tradicional muda cara a unha máis industrializada, de maior tamaño e onde comeza a visualizarse unha maior división das tarefas.

#### A IMPORTANCIA ECONÓMICA DO SECTOR PESQUEIRO

Galicia é un país con longa tradición pesqueira que deu lugar a un complexo entramado produtivo relacionado coas industrias do mar, desde a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura, a industria de transformación e as industrias auxiliares. O sector pesqueiro galego





representa arredor do 10% do sector dos empregos e da flota da Unión Europea (UE-27). Os sectores extractivo, acuícola e transformador empregan conxuntamente arredor de 38.000 persoas, que representan o 52% e o 10% do emprego total en España e na Unión Europea respectivamente.

A produción extractiva galega anual supón, en termos de valor, o 15% da UE-27 e supera a produción conxunta de Alemaña, Bélxica, Finlandia, Grecia e Suecia. Todo isto supón que o valor engadido bruto da pesca en Galicia sexa moi elevado en comparación con outras rexións europeas (unhas 20 veces superior á media europea), de tal maneira que así converte a Galicia na rexión máis dependente da pesca. Ademais, nos concellos do litoral galego vive un 58% do total da poboación, e concentran máis do 80% da facturación das empresas galegas, o que demostra o dinamismo económico deste territorio, vinculado á existencia dun tramado produtivo forte ao arredor do complexo pesca-industria.

**TÁBOA 1. DIMENSIÓN DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO EN RELACIÓN CO ESPAÑOL E DA UE-27<sup>1</sup>**

Indicadores	UE-27	España	Galicia	G/E	G/UE-27 %
<b>Frota<sup>2</sup></b>					
Número de barcos	87.004	13.021	5.205	40,0	6,0
Capacidade (miles Gt)	1.956	484	182	37,6	9,3
Potencia (miles Kw)	7.022	1.124	330	29,4	4,7
<b>Emprego<sup>3</sup></b>					
Pesca de captura	198,1	43,9	22,3	50,8	11,3
Acuicultura	56,4	7,4	5,1	68,9	9,0
Transformación da pesca	118,2	22,7	10,8	47,6	9,1
<b>Total do sector</b>	<b>372,7</b>	<b>74,0</b>	<b>38,2</b>	<b>51,6</b>	<b>10,2</b>
<b>Produción<sup>4</sup></b>					
Desembarcos anuais (miles t)	4.434	757	520	68,7	11,7
Valor desembarcos (millóns €)	6.687	1.734	1.035	59,7	15,5
<b>Consumo<sup>5</sup></b>					
Quilogramos/persoa/ano	24,5	44,4	57,6		
<b>Renda<sup>6</sup></b>					
Valor engadido da pesca e acuicultura/PBI	0,1	0,2	2,2		

<sup>1</sup> EUROSTAT. <sup>2</sup> Non se consideran os buques auxiliares dos cultivos mariños. <sup>3</sup> Non se inclúe o emprego das industrias auxiliares (comercialización, reparación de buques, etc.). <sup>4</sup> No emprego acuícola de Galicia considerase tamén o marisqueo a pé. <sup>5</sup> Consumo per cápita: subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano. <sup>6</sup> No peso relativo do sector respecto do PBI



consideráanse conxuntamente pesca e acuicultura. Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea, INE, e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

No ámbito municipal, e no que se refire ao PBI ou valor engadido da pesca en cada un dos concellos de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, cómpre destacar que non existe rexistro oficial que desagregue estes aspectos de forma individualizada para cada un deles, polo que non se poden ofrecer datos sobre a importancia relativa de cada un dos subsectores económicos (pesca de baixura, marisqueo, acuicultura e miticultura).

### CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS NO ÁMBITO TERRITORIAL DE SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA

A zona 4 dos Grupos de Acción Costeira denominada Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia está composta polos municipios de Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muros, Outes e Porto do Son. Trátase dun territorio onde a importancia do medio mariño e as actividades da pesca e o marisqueo son fundamentais para o desenvolvemento socioeconómico das comunidades locais.

Unha forma de coñecer a importancia cuantitativa e cualitativa na análise económica da pesca na nosa comunidade é facer referencia ás cuestións máis destacadas, comezando pola flota, o emprego, a demografía empresarial e o tipo, número e as características das empresas, así como a actividade pesqueira a través do volume, facturación e prezos das descargas en lonxa nos últimos anos.

#### A Frota

A pesca de baixura e de litoral son as operacións pesqueiras predominantes en Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, onde o pescado se comercializa en fresco procurando acadar un alto valor no mercado, ao tempo que os procesos produtivos se caracterizan pola súa simplicidade, entendida esta como a descarga directa do peixe capturado desde a propia embarcación ata a propia lonxa para a súa poxa.


A razón de capturar especies de alto valor unitario radica en que os pescadores acadarán maiores beneficios económicos unha vez comercializado o pescado en lonxa, de tal forma que se garante o proceso de produción da empresa pesqueira. A flota de baixura faena normalmente nun ámbito xeográfico reducido pola especialización das embarcacións e as restricións regulamentarias, limitándose ao interior das rías ou, no seu caso, ás áreas preto do porto base.



A efectos metodolóxicos, debemos destacar que o ámbito territorial de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia non conta con portos e/ou lonxas en todos os concellos, por este motivo só comprende os portos de Lira e O Pindo (Carnota), Corcubión, Fisterra, Muros, Noia e Porto do Son.

### A evolución da frota

Desta forma, dunha primeira análise descritiva, podemos apreciar que a evolución da frota nos últimos 15 anos seguiu unha tendencia á diminución do número de embarcacións, que se traduciu nunha caída da orde do 31,8% (Táboa 2). Ademais, a traxectoria da frota do territorio reproduce practicamente o mesmo patrón de caída de embarcacións sufrido en toda Galicia



(30,1%). O exame pormenorizado permite advertir que as flotas que máis reduciron a súa capacidade foron as de Lira (48%), Muros (36%), O Pindo (69%) e Porto do Son (52%).

Esta redución obedece ao cumprimento por parte da administración española e galega dos plans de reestruturación da frota dos buques aprobados pola Dirección Xeral de Pesca da Comisión Europea para o período 1983-2002, denominados Programas de Orientación Plurianual, que fixaron obxectivos de diminución que afectan a case todos os segmentos da frota española.



**TÁBOA 2. EVOLUCIÓN DA FLOTA PESQUEIRA POR PORTOS**

Concellos	1993	2008	Variación %
Corcubión	44	38	-13,6
Fisterra	94	75	-20,2
Lira (Carnota)	25	33	-48,0
Muros	173	110	-36,4
Noia	626	429	-31,5
O Pindo (Carnota)	26	8	-69,2
Porto do Son	93	44	-52,6
<b>Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia (a)</b>	<b>1.081</b>	<b>737</b>	<b>-31,8</b>
<b>Galicia (b)</b>	<b>8.811</b>	<b>6.157</b>	<b>-30,1</b>
% (a) / (b)	12,2	11,9	

Fonte: Xunta de Galicia e Plataforma Pesca de Galicia.

Elaboración propia

En calquera caso, a pesar desta redución do número de unidades, o peso do conxunto da flota da zona respecto ao total galego mantívose constante, oscilando arredor do 12% en todo o período. A consideración do tamaño e da capacidade de esforzo pesqueiro medidas en termos da tonelaxe dos buques danos unha idea da capacidade operacional da flota baixo unha dobre perspectiva. Así, hai que salientar que se trata dunha flota case que en exclusiva artesanal (95%) con predominancia de embarcacións menores de 24,9 TRB, e dotadas dun ou dous tripulantes.

#### Actual configuración sectorial da flota

Actualmente o número de buques é de 737 (pescadegalicia.com; 28 setembro 2008), dotadas dunha tonelaxe de 2.730 TRB, o que representa 11,9% dos buques e o 2,28% da tonelaxe da flota galega (Táboa 3). Se efectuamos unha desagregación por tipoloxía de embarcacións en función dos subsectores (pesca extractiva, marisqueo ou acuicultura) de actividade do sector pesqueiro, cómpre destacar o elevado peso das unidades dedicadas ao marisqueo a flote con 487 buques (66,7%), seguida por aquelas que se dedican á pesca de baixura con 223 unidades (30,2%).

itc.ménsula

Respecto á tonelaxe, é dicir, á capacidade das embarcacións, máis do 50% pertencen ao subsector da pesca extractiva, en concreto, á pesca de baixura, mentres que o marisqueo e a acuicultura representan o 26,4% e o 23,2% respectivamente.



Por tradición pesqueira e/ou especialización produtiva, a análise por portos indica a elevada concentración da flota en Muros e Noia, que no seu conxunto acadan preto do 77% dos buques e o 59% da capacidade. Muros, por ser o pulo do dinamismo económico pesqueiro do entorno xeográfico, e Noia, pola súa forte especialización no marisqueo, sendo unha das comunidades costeiras onde o marisqueo é moi relevante en Galicia.

Respecto ao número de embarcacións dedicadas ao cultivo de mexillón, cómpre aclarar que as estatísticas oficiais de PescadeGalicia non permiten diferenciar os buques de acuicultura dedicadas ao mexillón das restantes da acuicultura. Con todo, e aínda que existen bateas ou plataformas flotantes dedicada ao cultivo de mexillón, este non é un territorio que se caracterice especialmente polo cultivo de mexillón, xa que a meirande parte das 3.337 bateas están localizadas nas rías de Lorbé (Sada), a Ría de Arousa e as restantes Rías Baixas.

**TÁBOA 3. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DA FLOTA POR SUBSECTORES NOS PORTOS DE SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA E GALICIA.**

Portos	Número de buques			Tonelaxe de arqueo			Total Buques	Total TRB
	Pesca	Marisq.	Acuic.	bruto				
				Pesca	Marisq.	Acuic.		
Corcubión	37	0	1	232,6	0	0,9	38	233,5
Fisterra	75	0	0	558,0	0	0	75	558,0
Lira (Carnota)	31	1	1	85,6	9,6	15,8	33	111,0
Muros	29	57	24	262,8	89,7	572,8	110	925,3
Noia	29	399	1	101,7	563,2	44,1	429	709,0
O Pindo	8	0	0	30,4	0	0	8	30,4
Porto do Son	14	30	0	102,4	60,4	0	44	162,8
<b>Seo de Fisterra, Ría de Muros e Noia</b>	223	487	27	1.373,5	722,9	633,6	737	2.730,0
<b>Galicia</b>	<b>2.338</b>	<b>2.653</b>	<b>1.166</b>	<b>99.717,4</b>	<b>1.499,2</b>	<b>18.448</b>	<b>6.157</b>	<b>119.664,6</b>

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.  
Elaboración propia

itc.ménsula

Tocante ás artes empregadas, a característica predominante son as artes menores, coa utilización de dúas ou máis aparellos na explotación de pescarías multiespecíficas compostas por unha diversidade de especies en canto ao hábitat, valor e preferencias do consumidor se refire. Nasas e artes de menores son as artes máis utilizadas que operan máis próximas á costa, caracterizándose por un grao relativamente baixo de especialización.




## O Emprego

As cifras anteriores da flota deben complementarse coa información do emprego, xa que permiten coñecer un pouco máis das características da flota. Pero antes de entrar na análise do emprego no sector pesqueiro, é preciso coñecer as principais características do mercado de traballo do territorio de tal forma de coñecer a dinámica dos últimos anos.

### Taxas de actividade, ocupación e paro por sexos

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa analizando a evolución das taxas de actividade, ocupación e paro no período 1991-2001, e a distribución destas variables por sexo e concellos.



En canto á taxa de actividade, a situación de partida é que a actividade feminina resulta considerablemente menor en comparación á dos homes, mesmo duplicando e triplicando os valores de 1991 na maioría dos municipios. Este patrón reproducése para o caso galego en proporcións semellantes. Para analízala evolución experimentada comparamos os datos do censo de poboación do 2001 cos do 1991, e pódese observar—agás no concello de Dumbría— unha clara melloría da situación da muller nesta década, onde se rexistra un incremento destacado da taxa de actividade feminina. Este considerable aumento vén dado pola prolongación no tempo do proceso de inserción da muller ao mercado de traballo, seguindo unha evolución semellante ao que sucedeu no conxunto de Galicia. Aínda así, cómpre destacar que a situación é francamente mellorable en todos os municipios, e moi especialmente en Dumbría, Fisterra e Outes, onde o ritmo de inserción da muller ao mercado laboral é máis lento. De forma semellante analizamos a taxa de ocupación que presenta unha concentración atronadoramente masculina tanto en 1991 como en 2001. De novo, observamos que a situación das mulleres experimentou un crecemento singular en todos os municipios, reducindo as diferenzas existentes entre homes e mulleres. Non obstante, hai que subliñar, por un lado, que pese aos avances rexistrados os valores seguen sendo baixos en comparacións ás taxas de ocupación dos homes, e, por outro, que en 2001 todos os municipios presentan unha taxa de ocupación feminina inferior á media galega.



Por último, a taxa de paro ou desemprego informa sobre a estrutura socioeconómica do territorio, e indica a proporción de persoas que non traballan sobre o total da poboación activa. Segundo o censo de 1991, a taxa de paro feminina rexistrada en practicamente todos os concellos—coa excepción de Carnota—é superior ca dos homes, que en Galicia foi do 20,1%.

**TÁBOA 4. TAXA DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO POR SEXOS NOS MUNICIPIOS DE SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA.**

Concello	1991						2001					
	Taxa de actividade		Taxa de ocupación		Taxa de paro		Taxa de actividade		Taxa de ocupación		Taxa de paro	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
Carnota	63,2	24,0	53,2	20,1	15,8	16,5	53,9	33,2	47,4	28,4	12,1	14,4
Cee	68,7	22,4	59,0	17,9	14,0	19,9	63,2	34,1	57,0	27,7	9,0	18,8
Corcubión	68,7	30,3	58,6	22,7	14,7	25,1	62,2	33,2	57,1	27,3	8,2	17,8
Dumbría	73,0	35,1	60,8	31,3	16,8	10,6	59,3	30,3	55,0	26,2	7,3	13,6
Fisterra	70,6	23,7	57,1	16,5	19,1	30,7	63,4	26,0	57,9	20,8	8,8	20,0
Muros	64,7	21,3	53,3	14,9	17,6	29,7	55,4	30,0	49,9	25,0	9,9	16,9
Noia	63,8	21,3	53,6	16,9	16,0	20,9	61,1	32,2	56,5	27,3	7,6	15,3
Outes	66,2	26,9	54,2	23,7	20,9	12,0	55,0	29,9	50,2	26,7	8,6	10,6
Porto do Son	67,6	18,6	57,9	15,5	14,3	16,7	60,7	30,5	55,9	27,0	7,8	11,4
<b>Galicia</b>	<b>66,4</b>	<b>33,5</b>	<b>56,9</b>	<b>26,8</b>	<b>14,3</b>	<b>20,1</b>	<b>60,7</b>	<b>40,3</b>	<b>55,9</b>	<b>33,8</b>	<b>9,9</b>	<b>16,1</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística.  
Elaboración propia

Desde unha perspectiva temporal, comparando cos datos do censo de 1991, a poboación de mulleres en paro diminúe ao longo do tempo, a pesar de que a intensidade e proporción da redución é maior na poboación masculina. Aínda hoxe a taxa de paros feminina duplícase en Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Noia. Polo tanto, no ámbito territorial analizado asistimos a un proceso de concentración dos empregos nos homes. Esta situación modificouse nos últimos anos como consecuencia do acceso ao mercado laboral da muller; aínda así todo parece indicar que a muller continúa tendo importantes problemas á hora de atopar un emprego, sendo a principal prexudicada da poboación parada..

#### Educación e nivel de instrución da poboación por sexos

Un dos principais indicadores para avaliar o grado de instrución dunha determinada poboación é a taxa de analfabetismo funcional. Dos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE)



despréndese que os municipios do entorno presentan taxas de analfabetismo funcional moi superiores no caso das mulleres respecto aos homes.

A pesar da redución importante do número de analfabetos, os valores para 2001 indican que continúa sendo unha situación verdadeiramente preocupante en Cee, Dumbría, Fisterra, Outes e Porto do Son, onde se rexistran cifras que chegan a triplicar a taxa de analfabetismo presenta dos homes.

**TÁBOA 5. TAXA DE ANALFABETISMO FUNCIONAL POR SEXOS EN SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA**

Concellos	1991		2001	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Carnota	0,9	6,4	0,3	3,0
Cee	1,3	2,9	1,4	4,5
Corcubión	0,6	3,2	1,1	2,3
Dumbría	2,2	9,4	1,3	4,8
Fisterra	3,2	10,5	1,2	4,2
Muros	0,6	3,7	0,6	2,1
Noia	1,0	4,0	0,7	2,2
Outes	1,8	8,5	1,3	4,5
Porto do Son	1,6	6,7	0,8	3,1
<b>Galicia</b>	<b>1,6</b>	<b>4,9</b>	<b>1,0</b>	<b>3,0</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística.  
Elaboración propia

Mesmo en Cee o analfabetismo feminino mesmo aumentou do 2,9 a 4,5. Con todo, tamén é interesante destacar que só en tres concellos, Corcubión (2,3), Muros (2,1) e Noia (2,2), a taxa de analfabetismo feminino é inferior ao rexistrado en Galicia (3,0).

Segundo enquisas realizadas a mariñeiros de Galicia, Cerdeña e Bretaña a través do programa SEREA, puido observarse que mentres en Galicia o 66,2% dos pescadores enquisados posuían estudos primarios, esta porcentaxe reducíase ata un 51% en Cerdeña e un 18,9% en Bretaña, destacando en ditos países a proporción de pescadores que terminaron o FPI, cun 44,9% e un 48,6% respectivamente.





### O emprego no sector pesqueiro

A pesar da importancia da actividade pesqueira na economía de Galicia non resulta doado atopar unha fonte estatística oficial no ámbito comunitario, nacional ou autonómico, que recolla de forma axeitada o número de persoas que traballan directa e indirectamente nos distintos subsectores que a conforman (pesca de baixura, pesca de litoral, pesca de altura e gran altura, marisqueo, acuicultura, miticultura, conservas e industria de transformación, comercialización e outras industrias auxiliares, entre os máis relevantes).

Os organismos que aportan información sobre o número de empregos de forma regular son o IGE e o *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* a través da información subministrada dos afiliados á Seguridade Social. Os datos referidos aos afiliados á Seguridade Social reportan información máis actual (2001-2005, mentres que o IGE só abarca o período 1991-2001) e máis completa, ao aportar información do comportamento do número de traballadores contabilizados nas diferentes ramas de actividade económica reconecidas na *Clasificación Nacional de Actividades Económicas* (CNAE-93). Por esta razón aquí seguiremos esta última para tratar a evolución do número de afiliados ao Réxime dos Traballadores do Mar. Hai que ter en conta que o número de afiliados non se corresponde necesariamente co de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar; é dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

As estatísticas elaboradas pola Seguridade Social indican que o número de afiliados no Réxime do Mar descendeu en Galicia nos período 2001-2005 en máis de 2.040 persoas, acorde coa redución de empregos que ven experimentando o sector en España (Táboa 6). Sen embargo, se nos achegamos ao número de afiliados nos municipios de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, comprobamos que experimentou un aumento de 207 persoas, e medrou o seu peso relativo con respecto ao total galego, pasando do 7,6% ao 8,9%.

Deste dato xeral convén extraer, ademais, algunhas significacións singulares. Así, a escala municipal, pode apreciarse que dos nove concellos examinados, en catro deles medrou o número de afiliados: Noia (32%), Outes (19%), Carnota (15%) e Cee (11%), sendo por tanto os municipios máis dinámicos; mentres que en Corcubión (-26%), Muros (-5%), Porto do Son (-7%) e Fisterra (-1,3%) produciuse unha redución



do número das persoas afiliadas. O crecemento do número de afiliados obedece a diversos factores explicativos.

**TÁBOA 6. EVOLUCIÓN NÚMERO DE AFILIADOS NO RÉXIME DOS TRABALLADORES DO MAR.**

Concellos	2001	2005	Variación %
Carnota	259	307	15,67
Cee	85	95	11,76
Corcubión	23	17	-26,08
Dumbría	6	1	-83,33
Fisterra	303	299	-1,32
Muros	278	262	-5,88
Outes	298	357	19,79
Noia	486	643	32,92
Porto do Son	460	424	-7,82
<b>Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia (a)</b>	<b>2.198</b>	<b>2.405</b>	<b>9,41</b>
<b>Galicia (b)</b>	<b>28.811</b>	<b>26.762</b>	<b>-7,11</b>
<i>% (a) / (b)</i>	7,62	8,98	

Fonte: Seguridade Social.  
Elaboración propia

En Muros e Noia existe un número significativo de mulleres mariscadoras e redeiras, que co transcurso do tempo foron acadando unha maior profesionalización da súa actividade, o que se traduciu nun recoñecemento dos seus dereitos laborais e, por tanto, da súa obriga de cotizar á seguridade social. Igualmente, proxectos que reforzaron a capacidade de organización do sector a través da creación da Confraría de Lira e do proxecto *MardeLira*, por exemplo, explicarían o aumento dos afiliados. Así mesmo, o establecemento da piscifactoría de cultivo de rodaballo puido contribuír positivamente a este proceso. Por último, outro aspecto salientable é a mellora da recollida da información nas estatísticas dispoñibles, que podería incidir na evolución do número de afiliados.

#### As mulleres do mar


A participación das mulleres nas actividades da pesca e a conserva de Galicia goza dunha longa tradición, e o seu traballo ten unha importancia socioeconómica decisiva no sector pesqueiro galego, participando en toda a cadea produtiva, desde o subsector extractivo ata a comercialización final do produto, realizando tarefas de recollida, tratamento e venda de peixe, xestión e planificación empresarial das unidades de produción.



En Galicia, no ano 1999, existían 14.755 mulleres (en equivalencia a tempo completo) empregadas no sector pesqueiro, sendo esta una estimación prudente, na que se inclúe o emprego na pesca, o marisqueo, a acuicultura e a industria conserveira, ao que habería que sumar a ocupación na comercialización, os servizos relacionados, etc., así como na xestión de empresas produtivas, comercializadoras, etc. Algúns de estes pasos na cadea produtiva da creación do produto pescado teñen un carácter eminentemente feminino, como son o marisqueo e a fabricación de conservas e outros transformados da pesca. Tamén teñen un papel destacado na miticultura, o comercio polo miúdo e algúns servizos relacionados imprescindibles para algunhas actividades pesqueiras, como a fabricación e reparación de redes.

A participación cuantitativa do emprego feminino na pesca galega supera o 30%, sendo a rexión de Europa na que a súa participación é máis elevada. En función da porcentaxe de emprego feminino podemos establecer tres grupos de subsectores: aqueles cun nivel de participación das mulleres baixo, integrado por Gran altura, Altura, Litoral e Baixura, que en ningún caso supera o 10% de emprego feminino; nivel de participación medio, integrado pola miticultura, onde a participación das mulleres supera a cuarta parte do emprego total; e, finalmente, os subsectores da conserva e do marisqueo a pé nos que acada cifras arredor do 80% do total (Gráfico 1).

### GRÁFICO 1. CLASIFICACIÓN DOS SUBSECTORES DA PESCA GALEGA EN FUNCIÓN DA PORCENTAXE DE EMPREGO FEMININO



Fonte: Rodríguez Rodríguez (2004).

A participación da muller, non obstante, non comeza e remata coa simple presenza numérica nas estatísticas, xa que os aspectos cualitativos que fan referencia ao papel da muller na sociedade mariñeira son tan importantes como os cuantitativos.

itc.ménsula

Así, é fundamental a cualificación material (este ou non reflectida no salario), a transmisión de coñecemento do medio mariño, o papel de coidadora do recurso e, por tanto, de elemento clave na fixación da poboación así como na perpetuación dunha relación histórico-cultural co mar. As bases sobre as que se sustenta a dinámica industrial da transformación do pescado en Galicia están en débeda co rol das mulleres no sector pesqueiro. As mulleres foron desde sempre



pescadoras a bordo, traballadoras na industria conserveira, transportistas-estibadoras de pescado, vendedoras, transformadoras, comercializadoras, mariscadoras, redeiras, percebeiras, recolectoras de algas, bateiras, empresarias, directoras e xerentes de empresas medianas e accionistas de grandes compañías. Sen poboadores de beiramar, sen cultura de coñecemento, relación de interacción (pobo-mar) sería impensable a existencia de pescadores.



O coñecemento que as mulleres mariscadoras de a pé de Noia teñen das praias, do seu ecosistema, da racionalidade específica da vida do mar e no mar, conforman un criadeiro de capacidade de pescar que non existe noutros países, noutras formacións sociais onde a pesca declinou no momento en que os seus

habitantes da beiramar empezaron a vivir de costas á praia. Froito desa diversidade existen aínda actividades desenvolvidas exclusivamente por mulleres, con achegas singulares e específicas, á xeración da cultura e o coñecemento mariñeiro que aínda case non foron descritas e suficientemente estudadas. Este sería o caso das mulleres do mar de seo de Fisterra, ría de Muros-Noia, que na súa práctica totalidade se trata de mariscadoras e redeiras—actualmente existen arredor de 1.000 redeiras en Galicia das que aproximadamente 35 traballan neste territorio—moitas delas historicamente ligado ao individualismo, fragmentación e falta de mobilización, e obrigadas a traballar na economía somerxida ou cun escaso recoñecemento dos dereitos laborais. Sen embargo, se hai unhas décadas eran vistas como persoas que tiñan que ir mariscar porque non tiñan outra forma de acadar ingresos, cómpre salientar que nos últimos anos tiveron lugar melloras considerables en canto á profesionalización e ingresos acadados, como resultado dunha boa xestión dos bancos areais e do recoñecemento de dereitos laborais.

itc.ménsula

Trátase de mulleres de idade media que deben compatibilizar as súas tarefas do fogar, coidado dos fillos/as, mesmo realizar o traballo doméstico, coa loita diaria de exercer unha profesión e acadar unha remuneración digna. Isto é, no ámbito familiar, converxen o traballo do mariñeiro, mariscador ou patrón da embarcación, co traballo da muller máis especializado, dirixido ao marisqueo ou acompañando ao cónxuxe axudando nas tarefas de subministro de víveres do buque, de tal forma que no sector da pesca a unidade familiar actúa como unha sociedade aínda sen adoptar unha fórmula xurídica determinada. Coidado! Porque as mariscadoras de Noia




recoñecen en entrevistas que lles realizamos que están a mellorar en canto á súa profesionalización e ingresos acadados., agora elas mesmas ven que moitas quixeran estar no marisqueo (bos ingresos derivados dunha boa xestión dos areais, seguridade social, e compaxinan a vida familiar).



## A capacidade organizativa do sector pesqueiro: as Confrarías de Pescadores e as agrupacións de mariscadores

A maior profesionalización, capacidade organizativa e mellora da competitividade do sector tiveron lugar grazas ao asociacionismo dos traballadores do mar. Historicamente, as Confrarías de Pescadores desenvolveron—e aínda o fan—un papel fundamental na actuación, planificación, organización, xestión e posterior comercialización dos recursos pesqueiros e marisqueiros das áreas marítimo-terrestres que lle foron concedidas desde a idade media.

Estas corporacións de dereito público, hoxe reguladas a través da Lei 9/1993, de 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia, ademais de levar a cabo estas e outras funcións como a actuación como órgano de consulta coa administración pública, poden de forma voluntaria e dependendo das



súas necesidades específicas, escoller entre dividir a súa organización na orientación e a produción, e quedar só a cargo da orientación da produción e deixar aos propios produtores que se organicen en todo o que se refire aos aspectos comerciais. Ábrese, pois, a vía para a creación do asociacionismo privado entre as empresas pesqueiras, posibilitando o proceso de modernización do sector pesqueiro.

É así que hoxe en día en España só unha parte dos pescadores está agrupado baixo as Confrarías de Pescadores, especialmente aqueles que se dedican á pesca artesanal, xa que os demais operan habitualmente nas pescaías industriais e teñen o seu propio sistema de xestión da produción e comercialización a través das organizacións de produtores. Pero no caso de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, o papel das confrarías de pescadores segue sendo fundamental, na medida en que permite a asociacións dos profesionais do sector.

itc.ménsula

No que respecta ao marisqueo, trátase dunha actividade realizada case na súa totalidade por mulleres, na que predomina a recolección manual con técnicas artesanais do recurso. As unidades de produción do marisqueo a pé son as agrupacións de mariscadoras (ao reunir as características de dirección, xestión e control (vixilancia, coidado do recurso, planificación da produción, renda e reparto de tarefas no interior da agrupación) propias da titularidade da



explotación. A mellora das rendas é unha cuestión prioritaria para as mulleres do mar na medida que en visualizaría a súa actividade saíndo da economía somerxida na están situadas boa parte delas. O seu recoñecemento, profesionalización e a súa visualización pasan, necesariamente, pola mellor organización da produción e da actividade no seo das agrupacións de mariscadoras. Ademais, poderán ter unha remuneración digna con cotización asegurada e dereitos sociais no caso de abandono temporal e/ou definitivo da actividade. Estas tarefas realízanse sobre a base dun plan de explotación marisqueiro, que entre as súas fases pode incluír o pre-engorde, engorde, cultivo e recolección do molusco.

### As alternativas socioeconómicas da diversificación das actividades pesqueiras: o turismo mariñeiro

Os mundos da pesca e dos portos pesqueiros constitúen un patrimonio histórico, cultural, social e natural con oportunidades de desenvolvemento da oferta turística local. Ante a actual crise do sector xorde a necesidade de desenvolver actividades complementarias á pesca para promover a diversificación económica en zonas altamente dependentes da actividade pesqueira. Na actualidade existe unha clara vontade de crear formas de turismo sostible que teñan como elemento central e innovador a dimensión da pesca, considerada como sistema social, económico e cultural, e ofrecendo un valor engadido ás actividades relacionadas co medio mariño.

O *Libro Blanco de la Pesca* do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (MARM), considera o turismo como unha fonte de alternativas de diversificación socioeconómica, ben sexa a través de actividades unicamente relacionadas coa pesca (Pesca Turismo) ou ben vinculando as actividades coa hostalaría e a restauración (Ititurismo). Da experiencia levada a cabo ata o momento, as iniciativas estiveron enfocadas principalmente á realización de visitas guiadas polas infraestruturas portuarias e instalacións de pesca ou marisqueo, fábricas de conserva, museos relacionados con o mundo do mar, actividades coas redeiras, e coa oferta gastronómica baseada nos produtos de orixe.

A pesar de que a maioría dos turistas e axentes implicados neste tipo de experiencias están satisfeitos, tamén cabe destacar algunhas cuestións que son útiles para os municipios do entorno. É así como na meirande parte dos casos existe unha escasa formación en temas de seguridade a bordo e xestión económico-financeira das actividades, e mesmo nula en formación de idiomas para os turistas. As experiencias doutros territorios europeos demostran que estas iniciativas son positivamente valoradas polos pescadores, xa que aumenta a valoración da súa



actividade, permite dar a coñecer o patrimonio cultural e natural da comunidades, ao tempo que pode obter ingresos extras e axuda á creación de fontes de emprego alternativas.

### O Proxecto Mar de Lira

Dados os problemas polos que pasa o sector pesqueiro (sobreexplotación dos recursos mariños, redución da rendibilidade das mareas, aumentos dos custos de explotación), xorde a necesidade de buscar alternativas complementarias á actividade pesqueira de tal forma que, sen abandonar definitivamente a pesca, a xente do mar poida acadar uns beneficios económicos axeitados. A finalidade principal consiste na reactivación económica integrando a todos os sectores e actores, de maneira de favorecer ademais á poboación local e a todo ao contorno. Buscan una reactivación económica integrada que favoreza ademais á poboación local e a todo o contorno.

Desta maneira, nacen iniciativas cara á diversificación da actividade a outras como o turismo mariñeiro. Neste sendo, é interesante destacar a iniciativa da Confraría de Pescadores de Lira de ao crear o Proxecto denominado *Mar de Lira*, que consiste na diversificación laboral como alternativa á pesca tradicional cara á actividade turística. A idea basease en dar a coñecer a vida do mar e no mar a sectores económicos distintos da pesca. Baixo o título Turismo mariñeiro pódese participar nunha xornada laboral dos mariñeiros e aprender as técnicas e artes de traballo da pesca tradicional galega.

Estas actividades están dirixidas non só ao público en xeral senón que tamén poden formar parte grupos de escolares, co obxectivo de tomar contacto co mundo do mar, no contexto real da actividade diaria dun porto de pesca de baixura. As actividades consisten, entre outras cousas, en recoñecer a importancia da pesca no desenrolo das zonas costeiras, dar a coñecer a profesión de mariñeiro e as súas dificultades, as técnicas de conservación e comercialización de peixe, mostrar as actividades que se levan a cabo no porto, comprender e ensinar o funcionamento da lonxa e distinguir os distintos tipos de embarcacións pesqueiras e das especies obxecto de captura.

### O arrastre da pesca na economía local e a capacidade de xeración de emprego

A pesca é unha actividade económica capaz de xerar fortes relacións interindustriais cos restantes subsectores da economía galega, demandando e ofertando un elevado número de bens e servizos como cabos e redes, xeo, madeira, auga, servizos de asesoramento contable e xurídico, entre outros.

Dos 74 sectores que conforman a economía 63 deles manteñen relacións económicas co sector





pesqueiro. Isto pon de manifesto a *capacidade de arrastre* da pesca nos restantes sectores da economía. Evidentemente, este dinamismo ten a súa correlación no impacto na xeración de empregos tanto directos como indirectos. Na medida en que, como xa se mencionou, as estatísticas oficiais non recollen a totalidade dos traballadores que directa e indirectamente realizan o seu traballo, debemos destacar que se ten asumido no sector que por cada traballo que se xere no mar pódense producir entre 3 a 5 postos de traballos en terra, fundamentalmente na industria de transformación e comercialización dos produtos do mar.

Coa finalidade de identificar a capacidade de xeración de emprego e a dependencia da pesca da do territorio con respecto a Galicia, neste apartado elaboramos os denominados *Índices de especialización relativa* que permiten coñecer cal é o peso de cada un dos sectores da economía de cada municipio respecto ao peso dos sectores en Galicia (IERG). A efectos metodolóxicos debemos indicar que foron incluídos unicamente as ramas de actividade económica que posúen 10 o máis ocupados, vendo expresada a especialización relativa en cada rama pola obtención de razóns superiores a 1.

A partir das estatísticas de afiliados por sectores elaboradas pola Seguridade Social para o ano 2005, pódese comprobar que a pesca posúe un elevado grado de especialización en todos os concellos—agás Dumbría—mesmo naqueles con histórica tradición mariñeira e vocación pesqueira, os valores duplican (Carnota) e incluso son 5 veces superiores (Fisterra, Muros, Noia, Outes e Porto do Son) aos demais sectores máis destacados (Táboa 7).

**TÁBOA 7. ÍNDICE DE ESPECIALIZACIÓN REXIONAL POR SECTORES ECONÓMICOS.**

Concellos	Índice de Especialización Rexional				
	Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Carnota	7,0	17,9	3,8	3,1	0,4
Cee	0,6	5,0	0,5	1,1	1,1
Corcubión	0,1	0,9	0,2	0,3	0,1
Dumbría	4,8	0,5	0,9	1,7	0,4
Fisterra	1,0	15,8	0,4	0,8	0,2
Muros	0,9	6,7	0,9	1,2	0,8
Noia	0,3	6,7	0,4	1,3	1,0
Outes	1,9	8,7	0,7	1,4	0,5
Porto do Son	1,4	9,1	0,5	1,5	0,6

Fonte: Seguridade Social.  
Elaboración propia



Os resultados indican, polo tanto, que a economía local de Seo, Fisterra, Ría de Muros-Noia está fortemente especializada nas actividades dependentes das actividades pesqueiras. Isto pon en evidencia que, a pesar da redución da flota nos portos do entorno, existe unha forte dependencia co complexo mar-industria, que ten a súa repercusión positiva no mercado laboral.

Estes patróns evolutivos responden a varios factores que explican explicativos que se poden dar de forma complementaria dependendo de cada municipio. Primeiro, o sector pesqueiro está actuando, e sempre considerando as especificidades de cada concello, como un mecanismo dinamizador ou de sostén socioeconómico destas comunidades ante a caída demográfica dos últimos anos. Segundo, esta evolución é particularmente relevante naqueles concellos onde a dependencia das actividades pesqueiras é vital para a súa supervivencia socioeconómica, ou onde os traballos relacionados co mar chegan a ser, nalgún deles, a actividade produtiva principal. Terceiro, aínda constatando a diminución da flota, parece que a especialización do conxunto das ramas económicas relacionadas coa pesca, nun contexto de crise do sector, non diminúen, senón que aumentan, en particular, no que se refire ao marisqueo e á acuicultura. En cuarto lugar, é posible que algúns dos membros da unidade familiar dediquen parte do seu traballo de forma temporal, como é caso do marisqueo, como consecuencia do calendario dos plans de explotación marisqueiros, das condicións climáticas no caso da pesca de baixura ou, directamente, porque complementen a actividade pesqueira con outras de carácter estacional como pode ser o turismo.

En calquera caso, subsisten problemas importantes como pode ser rexeneración da poboación mariñeira, xa que na medida en que os mozos e mozas ven pouco atractivo e escasamente rendible saír ao mar, o relevo de xeración en xeración debilítase co paso do tempo. Así, esta falla de vocacións débese principalmente á diminución da proporción de ganancias no mundo da pesca con respecto aos empregos do sector secundario e terciario, así como á minoración dos tempos de descanso das flotas e a súa contraposición cunha cada vez maior demanda de ocio e tempo libre por parte dos empregados. Asemade, a escaseza de mariñeiros vincúlase de xeito directo coas duras condicións do mundo pesqueiro, sometido ás inclemencias do tempo nun medio hostil, a longas estadias fóra da casa e á incerteza do salario na meirande parte dos casos.

itc.ménsula

#### DEMOGRAFÍA E TIPOLOXÍA EMPRESARIAL

A continuación abordamos o estudo da demografía empresarial dos concellos, e dicir, o estudo da poboación de empresas. En concerto centraremos na dinámica demográfica que trata os movementos desa poboación, isto é, a natalidade e a mortalidade de empresas.



### A capacidade de emprendemento e creación de empresas

A observación dos datos sobre a evolución da dinámica demográfica das empresas radicadas indica que, para o ano 2007, por cada empresa que desaparece créanse 1,30 empresas novas, provocando un saldo vexetativo positivo. Ademais, tanto a taxa de mortalidade son bastante elevadas nalgúns concellos (Corcubión e Porto do Son), sendo non só superiores á media comarcal, senón situándose entre as maiores dos concellos galegos, e dicir, créanse un número elevado de empresas novas, pero tamén desaparecen moitas empresas.

A análise comparativa do período 2000-2007 indica un aspecto positivo como é o incremento da capacidade de creación de empresas e un descenso da taxa de mortalidade de empresas. Aínda así, neste último caso os valores sitúanse por riba da media galega (Táboa 8).

Esta situación que acabamos de describir indicamos que a dinámica económica local é capaz de xerar unhas expectativas moderadamente positivas nos axentes económicos, que se traducen en iniciativas de investimentos produtivos, é dicir, existe unha certa confianza da dinámica económica local. Non obstante, estas expectativas ou ben superan ás oportunidades de negocio reais ou ben carecen dunha posta en práctica axeitada.

**TÁBOA 8. DINÁMICA DEMOGRÁFICA DAS EMPRESAS**

Concello	2000			2007		
	Taxa creación neta de empresas	Taxa de natalidade de empresas	Taxa mortalidade de empresas	Taxa creación neta de empresas	Taxa de natalidade empresas	Taxa mortalidade empresas
Carnota	1,09	11,48	10,53	1,53	12,95	8,48
Cee	0,96	10,90	11,37	1,12	10,53	9,40
Corcubión	1,11	13,51	12,16	0,83	16,48	19,78
Dumbría	1,33	12,40	9,30	1,15	9,15	7,93
Fisterra	1,67	18,75	11,25	2,11	19,29	9,14
Muros	0,93	10,14	10,85	1,16	9,98	8,62
Noia	0,98	12,84	13,09	1,38	13,06	9,43
Outes	1,27	11,59	9,15	1,42	13,86	9,78
P. do Son	1,32	15,98	12,13	1,17	12,24	10,43
<b>Seo de Fisterra, R. de Muros-Noia</b>	<b>1,10</b>	<b>12,61</b>	<b>11,47</b>	<b>1,30</b>	<b>12,50</b>	<b>9,61</b>
<b>Galicia</b>	<b>1,37</b>	<b>12,91</b>	<b>9,45</b>	<b>1,48</b>	<b>12,77</b>	<b>8,65</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística (IGE).  
Elaboración propia



Polo tanto, o territorio conta con un capital de emprenditorialidade razoable que, sen embargo, non está a ser aproveitado eficientemente. En consecuencia, é necesario establecer medidas que permitan reducir a taxa de mortalidade de empresas.

### A estratificación das empresas

A respecto do tamaño das empresas, cabe indicar que a tipoloxía máis representativa é a empresa sen asalariados (autónomos), dado o número de empresas e a súa abundancia relativa, xa que mentres o conxunto de empresas representan o 5,44% do total das empresas da provincia, as empresas sen asalariados representan o 5,63% do total de empresas sen asalariados provinciais no 2007 (Táboa 9).

**TÁBOA 9. NÚMERO DE EMPRESAS POR ESTRATO DE ASALARIADOS.**

Concello	Sen asalariados.	1 a 5	6 a 9	10 a 49	50 a 249	250 ou máis	Total	% A*	% M*
Carnota	154	87	5	6	1	0	253	60,87	97,23
Cee	345	182	33	26	2	0	588	58,67	95,24
Corcubión	70	32	3	1	0	0	106	66,04	99,06
Dumbría	116	50	9	4	0	0	179	64,80	97,77
Fisterra	143	80	8	4	0	0	235	60,85	98,30
Muros	315	155	4	10	1	0	485	64,95	97,73
Noia	664	353	39	34	1	0	1.091	60,86	96,79
Outes	274	119	14	11	1	0	419	65,39	97,14
Porto do Son	323	159	7	4	2	0	495	65,25	98,79
A Coruña (a)	42.702	21.865	2.639	3.163	395	50	70.814	60,30%	94,9%
<b>Galicia (b)</b>	<b>100.640</b>	<b>55.034</b>	<b>6.639</b>	<b>7.615</b>	<b>894</b>	<b>92</b>	<b>170.914</b>	<b>58,88%</b>	<b>95,0%</b>
<b>Seo de Fisterra, R. Muros-Noia/(a)</b>	<b>5,63%</b>	<b>5,57%</b>	<b>4,62%</b>	<b>3,16%</b>	<b>2,03%</b>	<b>0,00%</b>	<b>5,44%</b>		
<b>Seo de Fisterra, R.Muros-Noia/(b)</b>	<b>2,39%</b>	<b>2,21%</b>	<b>1,84%</b>	<b>1,31%</b>	<b>0,89%</b>	<b>0,00%</b>	<b>2,25%</b>		

A: Autónomos. M: Microempresas (de 0 a 9 asalariados).

Fonte: Instituto Galego de Estadística (IGE).

Elaboración propia

As medianas e grandes empresas (a partir de 50 empregados) son un número reducido na economía local. Non obstante, a pesar de que o trataremos nos apartados seguintes, algunhas destas empresas pertencen ao entramado produtivo do complexo mar-industria, en particular, son empresas dedicadas á conserva e acuicultura pioneiras no seu campo, con tecnoloxías e mecanismos de innovación produtivo que as sitúa entre as máis competitivas do mundo.

En definitiva, o territorio caracterízase por unha acentuada atomización das súas empresas, concentradas nun elevado número en emprendementos de carácter familiar. A este respecto



debemos indicar que é usual moi común que as PEME dominen numericamente o tecido económico, aínda que non acaden un peso elevado en termos de xeración de valor.

#### Tipo e características das empresas relacionadas co complexo mar-industria

De acordo coa base de datos SABI e o directorio ARDAN, están radicadas un total de 510 empresas, das cales 39 se dedican directamente á produción, comercialización e transformación de produtos do mar, e ao desenvolvemento de actividades auxiliares necesarias para levar a cabo a actividade produtiva das primeiras.

**TÁBOA 10. NÚMERO E TIPO DE EMPRESAS REXISTRADAS NOS SECTORES DA PESCA, ACUICULTURA, COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS PESQUEIROS E INDUSTRIAS AUXILIARES**

Concello	Nome empresa	Facturación (miles €)	Empregos	Ramas de actividade CNAE
Carnota	Stolt Sea Farm	22.904	154	Acuicultura de augas mariñas
Muros	Conservera de Esteiro SA	8.887	15	Elaboración e conservación de pescados e produtos a base de pescado
Outes	Freinaval SL	2.726	28	Construción e reparación de barcos
Outes	Astilleros Varaderos Lago-Abeijón SL	2.165	42	Construción e reparación de barcos
Porto do Son	Portosínfis SL	2.139	24	Elaboración e conservación de pescados e produtos a base de pescado
Muros	Curropesca SL	2.125	s/d	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Carnota	Conservas Carnota SA	1.766	95	Elaboración doutros produtos alimenticios
Cee	Congelados Riveiro	1.648	9	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Muros	Conservas Marinas SL	1.450	35	Elaboración e conservación de pescados e produtos a base de pescado
Muros	Muros fresco S.L	1.368	Sen datos	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Outes	Abeijon hermanos SL	997		Construción e reparación de barcos
Muros	Pescados Ría de Muros SL	987	6	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Cee	Conxelados Villa de Cee	972	7	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Porto do Son	Tarrimar SL	806	5	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Cee	Congelados Neira	613	6	Comercio polo xunto pescados e mariscos

itc.ménsula




Muros	Pescados e Mariscos Maximino SL	527	2	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Porto do Son	Colla Pesca SL	522	20	Pesca
Corcubión	Pescados Corcubión SL	503	1	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Muros	Pescados Roibel SL	501	1	
Muros	Lago Mejilloneras S.L.	487	15	Acuicultura de augas mariñas
Porto do Son	Xoubiña de Portosín	444	15	Pesca
Muros	Recesmar SL	430	17	Pesca
Noia	Mejillonera Elemont SL.	368	Sen datos	Explotación de moluscos e mariscos
Porto do Son	Recursos Marinos de Galicia SL	317	9	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Muros	Acuicultura del Atlántico SL	302	5	Acuicultura de augas mariñas
Outes	Talleres O Freixo	293	4	Construción e reparación de barcos
Porto do Son	Astilleros Portosín	248	Sen datos	Construción e reparación de barcos
Porto do Son	Pesquera Cabo Naval SL	221	10	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Fisterra	Congelados Sardineiro SL	213	s/d	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Porto do Son	López Calo SL	188	11	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Muros	Construcciones Navales del Principado SL	180	2	Construción e reparación de barcos
Muros	Olvimar SL	122	2	Acuicultura de augas mariñas
Muros	Playa De Bornalle SL	119	4	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Muros	Mejilloneras Juan Formoso SL	99	2	Acuicultura de augas mariñas
Outes	Mejilloneras Frojan	90	4	Criadeiro de moluscos e comercialización
Outes	Mariscos Chaparrito	73	1	Comercio polo xunto pescados e mariscos
Fisterra	Carpinteria Insua SL	66	1	Construción e reparación de barcos
Noia	Noyamar SL	60	Sen datos	Pesca
Porto do Son	Mariscos da Canisa	47	1	Comercio polo xunto pescados e mariscos

Fonte: Fontes SABI e ARDAN, 2008.  
Elaboración propia



Aínda que poden manter unha vinculación intersectorial con outras ramas de actividade como os servizos contables e xurídicos, a carpintaría de madeira, comercio polo xunto da madeira e de pinturas, entre outros, non están incluídos no listado xa que para cuantificar de forma axeitada as relacións económicas entre estas ramas e o sector pesqueiro sería preciso un estudo máis profunda que soborda en moito o presente, de tal forma que aquí se ofrece unha visión conservadora da realidade económica do sector.



Se atendemos ao número e tipoloxía das empresas rexistradas nos sectores da pesca, acuicultura, comercialización e outras industrias auxiliares, existen total de 39 empresas, das cales 12 se dedican ao comercio polo xunto de peixes e mariscos, 5 se dedican á acuicultura ou cultivo de peixes, 5 á construción e reparación de barcos, 4 á elaboración e conservación de pescados, e só 2 á pesca extractiva. Por número de empresas, Muros concentra máis do 46% do total, seguido de lonxe por Porto do Son 14,2% e Outes co 10,71%.

Ademais, se consideramos o volume de facturación como medida da xeración do valor, existe un claro predominio de dous empresas dedicadas á acuicultura de rodaballo e á conserva, con máis de 30 millóns de euros no ano 2007. Logo sitúanse un segundo grupo de catro empresas con un volume de venda que oscila en torno aos 2,5 millóns de euros anuais, un terceiro grupo que aglutina ás empresas entre 1,3 e 1,7 millóns de facturación anual, e finalmente aquelas empresas con menos de 1 millóns de euros de volume de vendas.

En termos de xeración de empregos no sector, as estatísticas oficiais indican una configuración distinta. Coa excepción da planta de acuicultura de Lira, as empresas que xeran máis emprego están localizadas nos municipios de Carnota, Muros e Outes, e se dedican á transformación de produtos do mar e á construción e reparación de buques respectivamente.

#### A COMPOSICIÓN DA OFERTA DE PRODUTOS PESQUEIROS


Se atendemos á rendibilidade da pesca medida a partir do volume dos desembarcos, este territorio experimentou un crecemento sostido da produción comercializada en lonxa, agás o ano 2003 no que se produciu o peche das zonas de pesca e marisqueo como consecuencia do vertido do *Prestige*. Na actualidade, este volume acada os 6,2 millóns de quilos, un 38,8% máis



respecto ao 2001; mentres que no total das lonxas galegas este incremento foi inferior ao 20% (Gráficos 1 a) e b)).

No que respecta á facturación das descargas de pescado fresco nos portos de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, detéctase un crecemento particularmente importante da orde do 94%, e se ben esta tendencia mantívose en Galicia, o certo é que este aumento foi do 45%.

## GRÁFICO 2. DESCARGAS DE PESCADO FRESCO NAS LONXAS DO GAC 4 E GALICIA



a) en peso (millóns de quilos) e b) en valor (millóns de euros).

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.

Elaboración propia a partir da

Isto é, a estratexia de explotación estivo dirixida a incrementar o volume da produción sobre aquelas especies de maior valor unitario e que lle proporcionan ao pescador un mellor beneficio nas súas contas de explotación.


Tanto no caso do volume como no respecto ao valor das descargas, a tendencia crecente e case continua das mesmas tivo lugar a partir do ano 2003. Logo prodúcese un proceso de estabilización con lixeiras fluctuacións das descargas ao longo do tempo. En Galicia, este fenómeno é máis visible e mesmo segue unha traxectoria de crecemento ano tras ano.

Pola súa banda, afinando na análise dos desembarcos por lonxa, os Gráficos 2 a) e b) permiten identificar un proceso de concentración das descargas en só dous lonxas, Muros-Noia, que ven medrar o seu peso relativo no conxunto das lonxas, tanto en peso como en valor. No tocante ao peso das descargas, advírtese que o 60% do volume se comercializa na lonxa de Muros, preto do 15% en Noia e o 25% nas restantes centros de venda.





### GRÁFICO 3. PORCENTAXE DAS DESCARGAS DE PESCADO FRESCO NAS LONXAS DO GAC 4



**c)** en peso (millóns de quilos) e **d)** en valor (millóns de euros).

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.

Elaboración propia

No caso do valor dos desembarcos, a pesar de que ambas lonxas aglutinan case o 85% ao longo de todo o período, obsérvase que se produciu cambio importante no que se refire á porcentaxe de cada unha delas. Noia medra dun xeito significativo ao pasar do 20% ao 55% do valor total dos desembarcos. A explicación deste cambio débese, principalmente, ao incremento das descargas e dos prezos de berberecho en lonxa, situación que será analizada nos apartados seguintes.

#### As descargas en quilos por especies principais

Se analizamos os datos sobre as especies e cantidades das entradas en lonxa para as diferentes especies podemos efectuar unha serie de consideracións e valoracións. As descargas apenas representan o 3% do volume total comercializado en todo o litoral galego. Esta situación modificouse lixeiramente, detectando un pequeno incremento nos anos examinados.

Pero o feito que hai que salientar é que 15 especies concentran máis do 90% das descargas en quilos, e só 3 delas alcanzan preto do 66,8% do total da área de estudio, sendo particularmente importantes os desembarcos de peixes peláxicos como o xurelo e xarda e moluscos como o berberecho. De feito, se ben o xurelo diminuíu o 17% as descargas, non ocorre o mesmo co berberecho e a xarda que as aumentaron nun 90% e 23% respectivamente (Táboa 11).

A redución das descargas de xurelo poden estar asociadas a factores como a sobreexplotación do recurso ou simplemente a unha fluctuación natural dunha especie peláxica destas características. Da consulta con profesionais do sector, o espectacular aumento dos



desembarcos de berberecho débese, en gran medida, á creación de novos plans de explotacións para esta especie que con anterioridade non se explotaba e á rexeneración e limpeza das praias permitindo unha mellora do ecosistema, o que permitiu a compensación da caída das descargas das restantes especies capturadas.

Outro factor que incidiu no aumento das descargas é a intensificación do esforzo pesqueiro sobre aquelas especies que habitualmente se capturan na baixura, co fin de acadar un maior volume capturado. Con todo, un aspecto interesante a destacar é o feito que só 4 especies (xurelo, berberecho, xarda e polbo) teñen un peso moi elevado no conxunto das descargas. Estas especies capturadas forman parte da composición da oferta de produtos do mar tradicionais, xa que gran parte da pesca de baixura galega—e esta zona non é a excepción— tense especializado nas pescarías de especies peláxicas como o xurelo e a xarda e de cefalópodos como o polbo.

No que se refire aos moluscos como a ameixa fina, a ameixa babosa, ou o berberecho, son especies que habitan nos fondos areosos, e dependen das condicións ambientais favorables nas zonas de cultivo, especialmente no que se refire á salinidade, temperatura e dispoñibilidade de alimento. O seu alto valor acadado en lonxa as converte en especies moi valoradas polas mariscadores, razón que explica o seu alto volume comercializado nas lonxas.

### As descargas en valor por especies principais

Se atendemos ao valor da produción por especies, cabe destacar unha diversificación semellante ao observar que 18 especies acadan o 90% do valor total das vendas en lonxa, aínda que só 5 delas representen máis do 84,7% do valor. A este respecto, cabe destacar que o valor da produción comercializada medrou significativamente durante os anos 2001-2007, pasando de 11,1 a 21,8 millóns de euros (Táboa 12).

Nunha primeira etapa, caracterizada por un crecemento ininterrompido que comprende 2001-2004, a facturación do pescado vendido aumentou máis dun 100%. Neste período, acentúase o crecemento do valor das descargas de berberecho e polbo, especies con apreciado valor no mercado e altamente valorado no mercado galego e español. Non obstante, nun segundo período, do 2005-2007, obsérvanse variacións interanuais aínda que con unha tendencia a alza ata chegar aos 20 millóns de euros de facturación.



Nesta etapa, as especies que contribúen de forma significativa ao incremento dos beneficios son principalmente moluscos como berberecho, ameixa babosa e ameixa fina, e cefalópodos como o polbo, o que demostra o éxito do establecemento do plan de recuperación. Con todo, un aspecto salientable é que o peso do valor dos desembarcos tamén medrou respecto ao total galego, pasando do 3,1% en 2001 ata o 4,71% no 2001.

### Calendario de vedas do marisqueo

En Galicia existe todo un conxunto de disposicións que introducen numerosos límites que deben ser cumpridos á hora de exercer a pesca. Ademais das limitacións técnicas do barco e artes previstas na Lei 6/1993, do 11 de Maio, de Pesca de Galicia, existen outras que teñen que ver co establecemento de horarios e calendarios de traballo e o período de veda na explotación



do recurso mariño. Así, en canto ás limitacións de horarios e de calendario, o Decreto 424/1993 no Capítulo IV (Límites ao exercicio da pesca) di que a actividade pesqueira de aquelas embarcacións que faenen no ámbito da Comunidade Autónoma só se poderá exercer durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal de 48 horas continuadas.

No descanso obrigatorio estará sempre incluído o domingo, e as embarcacións que faenen en augas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que estean incluídas no Rexistro de Buques da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e que teñan como base algún porto galego, deberán cesar na súa actividade e permanecer nel desde as 24 horas do venres até as 24 horas do domingo, debendo levantar as artes do seu calado e levalas a porto. A partir de aquí, o Decreto 424/1993 comeza a definir de forma detallada cada un dos aparellos ou artes de pesca, os requisitos para o seu emprego, o período durante o ano en que se poderá utilizar, zonas e mesmo horarios para calar ou levantar as artes.

Pola súa banda, o Decreto 423/1993, do 17 de decembro, establece que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aprobará, con carácter anual, un Plan xeral de Explotación Marisqueira, con garantías dunha boa xestión do recurso na costa galega durante todo o ano. Neste sentido, a Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se aproba o Plan para o ano 2008 determina os períodos de veda dos diferentes crustáceos de forma que se poidan adoptar as medidas





necesarias para a súa conservación. As especies, días máximos de extracción e os meses do ano nos que está permitida a extracción de marisco son as que se observan na Táboa 13 para as confrarías pertencentes ao ámbito territorial de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia.

**TÁBOA 11. ÉPOCAS PERMITIDAS PARA A EXTRACCIÓN DE MARISCO NO GAC 4.**

<b>PLANS DE EXPLOTACIÓN EN AUTORIZACIÓN MARISQUEIRAS</b>															
Confraría	Modalidade	Especies	Días*	Época probable de extracción											
				X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
Muros	A pé	B,AF,AB,AX,A,Cn	60												
Muros	A flote	AB,AF,Cn,B,C,R,AR,Abc	70												
Noia	A pé/flote	B,AF,AB,AX,Cn	136												
Noia	A flote	O	38												
<b>PLANS ESPECÍFICOS EN ZONAS DE LIBRE MARISQUEO</b>															
Corcubión	A pé	AF,AB,B,Cm,Cd,AX	100												
Corcubión	A pé	L	35												
Lira	A pé	L	30												
Lira e O Pindo	A pé	B,AF,AX	35												
Muros	A pé	L	36												
Noia, Muros, P. do Son	A pé	B,AF,AB,R,Cn	108												
Noia, Muros, P. do Son	A flote	AR,AB,C,Abc,Cn,AF,B,R	68												
O Pindo	A pé	Cm	5												
O Pindo	A pé	L	5												
<b>PLANS DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE (POLLICEPIS POLLICEPIS)</b>															
Fisterra	A pé/flote		160												
Lira	A pé		A pé: 35												
	A flote		Flote: 72												
Muros	A pé		46												
O Pindo	A pé		40												
P. do Son	A pé/flote		147												
<b>PLANS DE EXPLOTACIÓN DE EQUINODERMOS</b>															
Lira	A pé		40												
Lira, Fisterra e Corcubión	MSAS		70												
Muros	A pé		21												
P. do Son, Portosín e Muros	MSAS		60												
<b>PLANS DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA/LONGUEIRÓN</b>															
Corcubión	A pé	N,L,LV	25												
Fisterra, Corcubión e Lira	MA	N,L	190												
Muros	A pé	L	12												
Muros	MA	N,L	57												
P. do Son, Portosín,	MA	N,L,LV	66												

itc.r itc.ménsula



Noia e Muros																		
--------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Nomenclatura das especies e acrónimos empregados. Especies: AF: ameixa fina. AB: ameixa babosa. AR: ameixa rubia. AX: ameixa xaponesa. Abc: ameixa bicuda. B: berberecho. C: carneiro. Cd: cadelucha. Navalla. L: longueirón. LV: longueirón vello. O: ourizo. Artes. MA: mergullo en apnea. MSAS: mergullo con subministración de aire desde superficie. \* Días máximos de extracción.

Deste xeito todas as embarcacións que operen en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou rexistradas nela requiren permiso de explotación, e deberán respectar os tamaños, as artes autorizadas, a potencia dos motores, e as zonas e períodos de pesca segundo a lexislación estatal ou autonómica que lles sexa de aplicación. Pero, o que hai que destacar é que as propias mariscadoras foron capaces de establecer, de forma autónoma, mecanismos de autocontrol das capturas diarias segundo as especies, e das formas de xestión dos areais, de tal maneira de cumprir cos plans de explotación ao tempo de asegurar a rendibilidade e conservación do recurso.

#### O PROBLEMA DA COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS PESQUEIROS

A comercialización das especies capturadas procedentes tanto do marisqueo como da pesca de baixura ten dous destinos: nun, o destino á venda do peixe en fresco, noutro, o dirixido á industria, Nos dous casos prodúcese un mecanismo comercial, a poxa, que prexudica gravemente os intereses dos mariñeiros.

Con carácter xeral os pescadores ofrecen o produto capturado mediante este sistema de poxa en lonxa tanto aos comerciantes por xunto como os comerciantes polo miúdo, vendendo todo o produto ofertado. Factores como as características de cada lonxa, a súa localización xeográfica, os distintos tipos de flotas, as diversas especies que capturan e os tipos de compradores que diariamente acoden a elas, xeran condicións específicas en termos de comercialización do pescado. Moitos compradores mercan produtos en lonxas medianas e pequenas onde o valor soe ser máis baixo para logo revendolo nas grandes, onde os produtos adquiren un mellor valor unitario de venda, debido a unha maior concentración da oferta e o maior número de operadores económicos. No caso das lonxas medianas e pequenas como poden ser as de Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia, os pescadores reciben polo seu produto un valor inferior ao do mercado, existindo unha ampla marxe para que os intermediarios repercutan o valor da súa actividade nos prezos finais.

Doutra banda, ao aumento dos prezos dos fornecementos e elementos de armado dos buques pesqueiros súmase tamén a contrapartida na conta de resultados económico–financeiros da explotación do barco. Así, os ingresos derivados da venda do peixe non subiron na mesma



porcentaxe, xa non do gasóleo, senón dos restantes *inputs* básicos da actividade da pesca extractiva ou mesmo do Índice dos Prezos ao Consumo.

### O comportamento dos prezos en lonxa

Neste sentido, un aspecto interesante de destacar é a variación das cotizacións medias na comercialización dos produtos nas lonxas dos últimos anos. Se atendemos aos prezos medios rexistrados observamos unha redución significativa en todas as lonxas, do 5,7 €/kg a 4,3 €/kg, o que representa unha redución do 24,56%, feito que contrasta coa evolución favorable seguida en Galicia. As lonxas na que se detectan as caídas máis importantes son Corcubión e Noia, mentres que só Carnota, Fisterra e lixeiramente Muros amosan un pequeno aumento dos prezos (Táboa 14).

**TÁBOA 12. TENDENCIA DOS PREZOS MEDIOS DAS DESCARGAS DE PESCADO FRESCO NAS LONXAS DE SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA E GALICIA**

Lonxas	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Carnota	4,37	5,08	4,53	4,39	5,19	4,22	4,61
Corcubión	8,46	5,66	4,18	5,1	5,81	6,10	5,1
Fisterra	3,51	3,89	3,91	3,91	4,22	4,99	4,41
Muros	1,51	1,52	2,66	1,51	1,57	1,56	1,53
Noia	11,33	4,96	6,82	6,56	9,06	7,8	5,93
Porto do Son	5,42	5,72	6,36	5,68	5,44	3,9	4,2
Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia	5,77	4,47	4,74	4,53	5,22	4,76	4,30
Galicia	4,98	5,48	5,74	5,97	6,15	5,65	5,75

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.  
Elaboración propia

**TÁBOA 13. VARIACIÓN DOS PREZOS DAS PRINCIPAIS ESPECIES COMERCIAIS NAS LONXAS DE SEO DE FISTERRA, RÍA DE MUROS-NOIA.**

Especies	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Berberecho	3,77	2,90	3,72	3,71	4,14	5,04	3,72
A. fina	19,35	19,45	23,18	25,84	29,67	28,01	24,38
Polbo	3,87	5,03	5,67	5,08	5,33	5,09	5,03
A. babosa	11,16	12,84	13,42	12,86	13,9	15,26	15,04
Xurelo	0,69	0,68	0,53	0,75	0,81	0,88	0,81

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.  
Elaboración propia



Non obstante, cabe destacar que a dinámica dos prezos nas principais especies comerciais comportouse dun xeito diferente, xa que salvando o berberecho, o prezo medio dos desembarcos evolucionou de forma positiva no período 2001-2007. Os maiores aumentos déronse na ameixa fina (25%), ameixa babosa (20%) e no polbo (23%). Isto debeuse a que os mercados foron acollendo progresivamente estas especies coincidindo co despegue de capturas das pescaías de moluscos (Táboa 15).

### Alternativas á poxa tradicional de produtos pesqueiros

A regra xeral é que ante os baixos prezos que se obteñen en primeira venda, os pescadores, de forma individual, poden desenvolver distintas estratexias orientadas á optimización do valor do produto capturado. Dun xeito xenérico e inicial, intensifican o esforzo pesqueiro ao descoñecer cal vai ser o valor do produto no mercado, favorecendo a maior sobreexplotación do recurso.

Este tipo de mecanismo de venda do produto incentiva que o pescador incremente o número de capturas non reportadas e aumente o volume dos descartes, o que a súa vez incide negativamente na conservación do recurso pesqueiro a longo prazo. Ademais, o incremento dos custos de explotación—especialmente os do gasóleo—está creando graves problemas para a continuidade das unidades de produción.

O principal problema do sistema de poxa á baixa é que os armadores/mariñeiros non poden repercutir os custes de explotación ao prezo do pescado na poxa. Este inconveniente aumenta na medida a medida que aumenten as lonxas de menor tamaño. A posibilidade de pactar prezos ou simplemente deixarse levar pola tendencia á baixa da poxa fai que garantir a viabilidade económica da pesca con vías de xeración de beneficios sexa unha tarefa de difícil planificación.

Os pescadores soen trasladar os seus produtos a lonxas onde o prezo medio sexa máis alto ca lonxa local, de maneira de garantir un mínimo beneficio para asegurar a viabilidade económica da súa actividade. Ante esta problemática, deben buscarse novas fórmulas que permitan valorizar os produtos pesqueiros garantindo, ao mesmo tempo, a protección do consumidor e o fomento da diversificación da produción pesqueira como factor de progreso das comunidades locais. O obxectivo non debería ser outro que alcanzar unha venda específica e diferenciada de forma que o mercado identifique a orixe e a calidade do produto.

Aínda que cada unha das alternativas á comercialización tradicional posúe as súas vantaxes e inconvenientes, as fórmulas poderían ser a desde a poxa a alza onde o responsable da poxa decide un prezo de partida en función do seu coñecemento do mercado e os compradores





puxan por un prezo determinado, a poxa 'on line' onde se dá acceso a un maior número de compradores potenciais e, con eles, acadaríanse mellores prezos para os pescadores; os contratos de aprovisionamento entre un barco e un comprador que garante un prezo pola captura, calidade e tamaño do pescado capturado.

Finalmente, outra das opcións posibles consiste na comercialización directa onde as confrarías, asociacións de armadores ou organizacións de produtores chegan a un acordo con unha ou varias empresas para que, en función das circunstancias do mercado, desenvolvan e capten clientes para a comercialización directa, eficiente e estable a longo prazo, de tal forma de alcanzar prezos máis altos evitando a actuación dos intermediarios.

A adopción de calquera destes mecanismos ou da posible combinación entre algún deles dependerá da capacidade de asociacionismo empresarial dos axentes económicos, das necesidades locais, e dos caracteres das especies capturadas. A experiencia da creación de *Lonxanet* a partir de xuño de 2001 na que participa a iniciativa da Confraría de Lira pon de manifesto que o sector é consciente da necesidade de adoptar novas fórmulas de comercialización do peixe. Para minimizar o riscos de perda de rendibilidade no proceso de poxa. Esta só é unha das iniciativas posibles, e no futuro poden adoptarse novas fórmulas capaces de xestionar de forma autónoma o seu produto.



TÁBOA 14. DESCARGAS EN VOLUME POR ESPECIES NAS LONXAS DO GAC 4 E GALICIA (QUILOS)

Especies	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Total
Xurelo	2.049.278	1.351.688	255.601	1.594.409	1.426.438	1.817.360	1.699.639	10.194.412
Berberecho	191.689	1.085.881	1.159.082	1.902.030	1.046.810	1.556.005	1.995.971	8.937.467
Xarda	591.176	896.567	38.309	589.679	558.971	1.022.395	768.663	4.465.759
Polbo	399.843	480.521	408.681	592.504	332.564	312.419	460.839	2.987.371
Pescada	100.769	63.473	118.150	119.441	133.256	163.695	197.058	895.841
Faneca	206.470	110.783	96.874	138.596	130.082	89.440	66.127	838.372
A. fina	103.030	61.917	39.303	106.589	104.965	117.960	192.873	726.638
A. babosa	38.959	9.659	82.883	164.373	209.671	100.837	91.673	698.054
Ourizo	71.797	72.858	57.596	112.558	121.657	111.795	133.179	681.439
Congro	97.457	107.199	66.424	128.765	85.097	44.942	32.133	562.016
Lirio	92.127	81.927	45.481	89.701	78.044	23.524	0	410.802
Escachos	41.482	29.144	61.579	64.090	86.995	70.723	18.712	372.724
Peixe sapo	19.407	29.221	65.148	37.629	56.436	74.568	62.679	345.088
Raia	57.296	39.299	32.283	71.820	61.129	47.976	32.939	342.742
Chopiño	12.892	9.305	5.659	47.061	55.471	10.665	11.380	152.432
15 especies	4.073.669	4.429.442	2.533.049	5.759.245	4.487.584	5.564.300	5.763.865	32.611.154
%/Total	90,91	91,03	89,95	92,12	90,69	92,27	92,61	91,56
<b>Total</b>	<b>4.481.025</b>	<b>4.866.048</b>	<b>2.816.155</b>	<b>6.252.069</b>	<b>4.948.387</b>	<b>6.030.289</b>	<b>6.223.860</b>	<b>35.617.833</b>
<b>Galicia</b>	<b>142.877.677</b>	<b>128.035.835</b>	<b>124.665.700</b>	<b>151.246.800</b>	<b>161.843.359</b>	<b>169.325.898</b>	<b>172.248.796</b>	<b>1.050.244.065</b>
%/Galicia	3,13	3,80	2,25	4,13	3,05	3,56	3,61	3,39

Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.

Elaboración propia



**TÁBOA 15. DESCARGAS EN VALOR POR ESPECIES NAS LONXAS DO GAC 4E GALICIA (EUROS)**

Especies	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Total
Berberecho	888.871	4.245.200	5.712.952	8.227.157	5.484.532	9.259.538	7.947.290	41.765.539
A. fina	2.186.852	1.295.548	1.396.625	3.242.880	3.336.345	3.105.242	4.435.977	18.999.469
Polbo	1.596.275	2.455.855	2.222.152	2.847.131	1.836.910	1.653.156	2.394.261	15.005.740
A. babosa	415.299	126.187	1.596.188	2.680.159	3.431.153	1.494.419	1.218.171	10.961.576
Xurelo	2.239.274	1.382.062	196.345	1.352.661	1.452.098	1.927.159	1.607.558	10.157.158
Pescada	481.461	186.773	390.111	498.232	586.313	592.297	608.370	3.343.557
Xarda	432.062	578.033	0	368.862	353.897	569.402	405.841	2.708.096
Peixe sapo	149.307	164.067	305.549	183.083	291.592	413.920	365.563	1.873.080
Percebe	148.352	148.371	167.106	360.147	381.944	119.286	134.109	1.459.314
Ourizo	138.744	178.917	100.236	213.232	209.024	215.433	310.173	1.365.759
Faneca	333.100	186.773	134.048	216.360	211.514	143.632	116.948	1.342.374
Sanmartiño	184.427	247.879	166.288	221.616	135.439	129.202	97.440	1.182.291
Centola	97.952	39.035	92.151	101.536	196.629	250.163	160.815	938.280
Abadexo	145.555	118.142	92.794	129.761	136.731	149.568	148.588	921.140
Navalla	80.983	122.102	47.440	89.009	141.847	345.210	75.823	902.415
A. rubia	41.154	16.991	192.857	64.292	16.991	256.740	187.677	776.702
Congro	128.713	141.658	100.236	92.670	102.738	54.046	35.179	655.240
Rodaballo	116.443	84.121	70.289	83.291	51.115	65.810	51.978	523.047
<b>18 esp.</b>	<b>9.804.824</b>	<b>11.717.715</b>	<b>12.983.366</b>	<b>20.972.079</b>	<b>18.356.813</b>	<b>20.744.223</b>	<b>20.301.758</b>	<b>114.880.778</b>
<i>%/Total</i>	<i>87,57</i>	<i>89,59</i>	<i>94,65</i>	<i>93,08</i>	<i>91,96</i>	<i>93,29</i>	<i>93,00</i>	<i>92,24</i>
<b>Total</b>	<b>11.196.476</b>	<b>13.078.855</b>	<b>13.716.979</b>	<b>22.531.241</b>	<b>19.962.305</b>	<b>22.236.374</b>	<b>21.829.451</b>	<b>124.551.680</b>
Galicia	354.890.786	328.996.465	334.643.619	389.228.045	412.380.310	432.698.231	463.192.675	2.716.030.131
<i>%/Galicia</i>	<i>3,15</i>	<i>3,98</i>	<i>4,10</i>	<i>5,79</i>	<i>4,84</i>	<i>5,14</i>	<i>4,71</i>	<i>4,59</i>


Fonte: Plataforma Pesca de Galicia.  
Elaboración propia



## 1.4.2. O SECTOR TURÍSTICO

As comarcas de Fisterra, Muros e Noia posúen un elevado potencial para o desenvolvemento do turismo pola variedade e diversidade dos seus recursos naturais, histórico-artísticos e culturais. A reducida alteración que sufriu o territorio ao longo do tempo, grazas á conciencia ambiental das xentes desta zona, permite gozar de paisaxes abraiante. A elevada riqueza patrimonial que este destino posúe, a tradición dun pobo típico mariñeiro co seu folclore, artesanía e gastronomía conforman un destino diferente no que existen multitude de posibilidades para gozar da variedade de actividades que ofrece.

A localización na que se atopa este destino, próximo a un dos maiores núcleos turísticos, Santiago, e a ría, que ofrece multitude de posibilidades de desenvolvemento turístico, cos seus quilómetros de praias, e a combinación paisaxística do mar e a montaña, ofrecen potencialidades para o desenvolvemento de diversas modalidades de turismo. A riqueza



patrimonial e cultural que esta zona posúe outorgan unha imaxe dun destino diferente que debe ser utilizado para buscar alternativas á elevada estacionalidade que posúe actualmente este territorio e así, desenvolver unha industria turística capaz de manter persoal cualificado ao longo de todo o ano, ofrecer empregos de calidade co fin de atraer ao destino un turismo de calidade. Para iso, faise necesaria unha revisión das dificultades que presenta o destino, como a elevada estacionalidade da demanda, a oferta de aloxamento caracterizada por establecementos de categorías inferiores, a carencia de sinalización nalgúns dos seus recursos turísticos, así como a adecuación de servizos a un novo modelo de turismo.

### A ANÁLISE DA ACTIVIDADE TURÍSTICA

itc.ménsula

**Nas comarcas de Fisterra, Muros e Noia conflúen unha ampla variedade de recursos que pola súa riqueza e atractivo dotan ao territorio de potencial para o desenvolvemento do sector turístico.** O estado inalterado e virxinal dos seus recursos naturais dotan a este territorio dunha beleza paisaxística inigualable combinado co mar e a montaña. Posúen relevancia moitos dos seus recursos culturais nos que as diversas culturas deixaron a súa pegada



mediante a arquitectura e outras manifestacións. O legado histórico de civilizacións antigas ponse de manifesto a través dos seus centros históricos, pazos, igrexas e santuarios. O folclore, a artesanía e a gastronomía mariñeira convértense nesta zona en atractivos turísticos pola súa tradición acadada ao longo dos tempos.

**O tipo de turismo que o territorio recibe coincide co modelo tradicional español de sol e praia, cunha marcada estacionalidade.** O número de turistas foi aumentando co paso dos anos, pero segue a tendencia dunha acusada estacionalidade da demanda no mes de agosto principalmente.

O **perfil de turista** que acode a este destino caracterízase por:

- **Estancia media de un a sete días.** A pesar de que ao longo do ano, o viaxeiro que actualmente acode a esta zona é un turista de paso principalmente. Os datos publicados polo INE destacan que os niveis de ocupación hostaleira, campamentos turísticos e aloxamentos rurais apenas rexistraron un aumento significativo desde 1999.
- **O principal mercado turístico é o español.** A maioría de turistas que viaxan a esta zona son españois sendo a súa maioría madrileños, cataláns e valencianos ademais de viaxeiros da propia comunidade autónoma, principalmente da A Coruña, aínda que de forma continua tamén se desprazan a estas comarcas franceses, portuguesas e alemás.
- **A motivación principal dos turistas é principalmente a procura do descanso e o goce da contorna.** Existen diferenzas na motivación que activa o desprazamento ao destino dependendo da idade e das persoas que viaxen (familiares ou amigos), pero segundo a información recompilada, a motivación principal é a procura de tranquilidade e o descanso seguida do divertimento mediante a realización de actividades lúdicas e deportivas no medio natural, así como a realización de actividades culturais. Toma relevancia o interese cara actividades culturais.
- **O medio de transporte máis utilizado é o coche.** Os problemas de accesibilidade que este destino presenta fan que este medio de transporte sexa o que ten un uso máis xeneralizado.
- **O aloxamento elixido polos viaxeiros é principalmente o Cámping e a casa particular.** De acordo cos datos recompilados pola Oficina de turismo de Porto do Son, os turistas que se reciben en período estival elixen como aloxamento o




cámping principalmente seguido do uso da casa particular e o aloxamento en hoteis e hostais. Destaca que do número de turistas que son de paso, só unha pequena parte dos turistas elixen o aloxamento rural do mesmo xeito que ocorre co uso da casa familiar.

- **Destacan o número de excursións** que se reciben no destino, tanto colexios e Imerso como grupos de estranxeiros de países próximos a España. Ao longo de todo o ano recíbense grupos de excursionistas no territorio, tanto daqueles que se atopan nunha viaxe programada, como daqueles nos que teñen como único destino este territorio e volven ao seu lugar de residencia no mesmo día.

**A concentración de turistas no mes de agosto presenta problemas de masificación no destino.** Tomando como exemplo os datos recompilados pola Oficina de Turismo de Muros, obsérvase como ao longo dos anos a concentración de turistas no mes de Agosto foi moi elevada con respecto a outros meses. O problema da masificación presenta un problema para aqueles que viaxan ao destino en busca de descanso e tranquilidade.


**TIPO DE ALOXAMENTO ELIXIDO PORTO DO SON 2006**



Fonte: Oficina de Turismo de Porto do Son  
Elaboración propia



## EVOLUCIÓN TURISTAS 2006-2006 MUROS



Fonte: Oficina de Turismo de Muros  
Elaboración propia

Para a realización deste estudo non se puideron empregar datos dun ente que combine todo o destino e desta maneira poder concretar un perfil de visitante xeral. A información obtida provén dos datos solicitados polas oficinas de turismo dos Concellos de Muros, Carnota, Porto do Son, Muros e Fisterra. Os datos apenas poden ser contrastados posto que cada oficina posúe un calendario de apertura diferente e os métodos de recompilación de cada unha das oficinas son diferentes ofrecendo información diversa en cada un dos casos.

### AVALIACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL DO SECTOR TURISMO


**O sector servizos do destino está formado por empresas pequenas que empregan a persoal pouco cualificado e repartidas de forma heteroxénea por todo o territorio.** A oferta do sector servizos é reducida e non existen categorías superiores en aloxamento e restauración. A elevada estacionalidade do turismo presenta problemas á hora de empregar a persoal cualificado posto que a concentración da demanda en período estival fai que estes fuxan a zonas onde poidan manter un emprego seguro con mellores condicións económicas ao longo de todo o ano.



**Reducida presenza de empresas de servizos.** O produto turístico ofrecido nas tres comarcas vese limitado pola carencia de empresas de servizos que ofrecen actividades complementarias ao aloxamento posto que son escasas e moitas delas localízanse fóra do territorio.

**As empresas que ofrecen aloxamento caracterízanse por ser pequenas, de categorías inferiores e repartidas de forma desigual polas tres comarcas.** A oferta de aloxamento é de 106 establecementos, concentrados principalmente nas zonas do litoral. O total de capacidade de carga existente nas tres comarcas alcanza a cifra de 4.645 prazas. Así, o maior número de prazas concéntrase nos Concellos de Porto do Son, Muros e Fisterra.

### Nº DE PRAZAS SEGUNDO O CONCELLO




Fonte: Secretaría Xeral de Turismo  
Elaboración propia

**Non existe oferta de aloxamento de categorías superiores.** En xeral, todos os municipios posúen establecementos de categorías inferiores, ningún deles alberga un hotel con categoría superior ás 3 estrelas. Así mesmo, o número de prazas pertencentes a Pensións (905 prazas) fronte ás ofrecidas por establecementos hostaleiros (853 prazas) é superior. Así, máis da metade de establecementos hostaleiros son de 1 estrela (54% do total de hoteis).





### Nº DE HOTEIS SEGUNDO A CATEGORÍA




Fonte: Secretaría Xeral de Turismo  
Elaboración propia

**Os campamentos turísticos concentran a metade das prazas ofertadas.** O seguinte gráfico pon de relevo a repartición da capacidade de carga total dos 9 Concellos, sendo os campamentos turísticos os que concentran a metade de prazas totais, mentres que pensións e hoteis conxuntamente, rexistran aproximadamente o 40% do total de prazas dispoñibles.



## Nº DE PRAZAS SEGUNDO A CATEGORÍA



Fonte: Secretaría Xeral de Turismo  
Elaboración propia

**Destaca a presenza de prazas de aloxamento rural como parte da oferta de aloxamento ofrecida.** Dos nove concellos, sete posúen casas rurais cunha capacidade total de 190 prazas. Grazas á execución de proxectos como Proder II e Leader Plus o desenvolvemento do turismo rural potenciouse neste territorio co fin de diversificar a oferta e desestacionalizar a demanda tradicional, concentrada na súa meirande parte no mes de agosto. O concello de Cee é o que máis prazas concentra.

OFERTA DE ALOXAMENTOS RURAIS		
Concellos	Establec.	Prazas
Carnota	2	29
Cee	3	45
Dumbría	1	15
Muros	1	6
Noia	2	29
Outes	4	54
Porto do Son	1	12
<b>Total</b>	<b>14</b>	<b>190</b>

Fonte: Secretaría Xeral de Turismo  
Elaboración propia



**As vivendas alugadas toman auxe nos últimos anos.** Con respecto ás vivendas alugadas, non existen datos que poidan cuantificarse ao non estaren rexistradas como vivendas turísticas. O tipo de turista que se aloxa neste tipo de vivendas adoita ter unha estancia media superior á media.

## RECURSOS, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TURÍSTICOS

### Información turística

**Reducido número de Oficinas de Turismo.** Actualmente existen cinco oficinas de Turismo nos Concellos de Carnota, Corcubión, Fisterra, Muros e Porto do Son. A apertura das oficinas de turismo destes municipios é principalmente nos meses estivais, aínda que algunhas amplían o seu calendario de apertura a decembro como é o caso da Oficina de Muros. O persoal empregando adoita ser unha ou dúas persoas e nalgúns casos emprégase a persoal de apoio, principalmente bolseiros. Non existe coordinación entre as diferentes oficinas de turismo e non ofertan guías especializados ou outros servizos complementarios aparte do servizo de información e atención ao visitante.

**-Carnota.** Desde o ano 2000 leva funcionando a Oficina de Turismo de Carnota. O calendario de apertura é de xuño a setembro pola mañá e polas tardes (08.30 -16.30 e de 17.00 a 21.00 ). Grazas ao PDT da Costa da Morte, creouse un novo punto de información turística. O total de empregados é de tres persoas, unha delas atende o punto de información turística nos meses de xullo e agosto unicamente.

**-Muros.** A Oficina de Turismo de Muros ten empregadas a tres persoas contratadas polo Concello, dúas delas durante catro meses e unha durante seis meses ampliando o labor de difusión e dinamización a anos anteriores. No 2008 instalouse unha caseta en Esteiro (grazas ao PDT da Costa da Morte) ampliando o servizo.

**-Corcubión.** A oficina de turismo de Corcubión estivo aberta durante o 2007 desde os meses de abril a decembro, sendo 2008 o segundo ano de apertura.

**-Fisterra.** A oficina de turismo de Fisterra emprega a dúas persoas (unha delas contratada en período estival). Está aberta todo o ano.

**-Porto do Son.** A oficina de turismo de Porto do Son ten un calendario de apertura de tres meses desde xullo ata setembro empregando unicamente a unha persoa.

### Oferta deportiva

**Elevado potencial do destino para o desenvolvemento de turismo náutico.** Pola localización costeira na que se atopan as comarcas de Fisterra, Muros e Noia, os deportes



náuticos toman relevancia xa non só ao redor da ría, senón a partir da desembocadura do río Tambre que permite, por exemplo, a realización de deportes como o remo, Kaiak, piragüismo, etc., así como o aproveitamento dos cursos fluviais existentes nos que se poden practicar outros deportes como a pesca. Así, o territorio ofrece un alto potencial para o desenvolvemento de deportes náuticos xogando, ademais, un papel relevante na desestacionalización da oferta turística.

**Elevada calidade da infraestrutura náutico-deportiva.** O Club náutico de Portosín foi creado en 1977 na ría de Muros-Noia é denominado «Porto de Santiago». O porto deportivo ten unha capacidade de 200 amarres e posúe capacidade para albergar 80 embarcacións lixeiras. A ampla oferta e variedade de servizos ofrecidos fai que sexa un dos clubs máis importantes da cornixa cantábrica. No club realízanse encontros deportivos e conta con escola de vela que imparte cursos ao longo de todo o ano.

**Desenvolvemento de infraestruturas náuticas.** Preténdese construír un porto deportivo e dúas bases náuticas en Muros, facendo máis factible a expansión deste tipo de turismo nun futuro próximo. Ademais, no territorio cóntase xa con dous clubs de remo (Testal e Esteiro) o que pode apoiar a expansión turística neste sentido.

A pesca preséntase como unha opción mediante a cal fomentar o turismo. O río Tambre destaca pola súa riqueza fluvial, sendo un dos máis importantes en Galicia, onde desde anos se realizou a pesca de lampreas e salmóns. Tamén os dous cotos de pesca existentes en Noia e Outes poden apoiar o desenvolvemento deste tipo de actividade deportiva.

### Oferta de Turismo Activo

**Potencial para o desenvolvemento de turismo activo.** O destino tamén é apto para o desenvolvemento de actividades deportivas como parapente, escalada, trékking, etc., pero existe un reducido número de empresas que se dedican á explotación deste tipo de deportes polo que o desenvolvemento deste tipo de actividades vese freado posto que, en moitos casos, son este tipo de empresas as que poden chegar a conseguir o máximo aproveitamento posible dos recursos naturais neste respecto.

**Reducido número de empresas de servizos.** Actualmente, a pesar do reducido número de empresas que dan este tipo de servizo, as casas rurais comercializan estas empresas xa que a base de motivación do público que acode a este tipo de aloxamento o fai polo goce da natureza. Existen dúas liñas de comercialización deste tipo de empresas que son por



unha banda as que propoñen actividades para o goce da natureza e por outro para o goce do mar e a auga.

### Oferta cultural de lecer e entretemento

**Existencia dunha rica e variada oferta cultural e gastronómica.** As tres comarcas concentran unha ampla variedade de festividades que se celebran ao longo do ano, maioritariamente celebradas en período estival.

As festas patronais dos distintos municipios adoitan ser as máis importantes e adóitanse celebrar en períodos estivais principalmente nas que se celebran procesións, verbenas e outras actividades lúdicas como concertos, pasacalles, así como tradicionais procesións marítimas nas festas da Virxe do Carmo. Tamén as xornadas gastronómicas amenizan a locais e turistas, así como exhibicións de artesanía e noites abertas de cine.

Tamén existen eventos deportivos como en Noia, no que se celebra un rally durante as festas de San Marcos en abril, o cal é quen de concentrar un numeroso público afeccionado ao motor.

A oferta de Museos ou Centros de interpretación non é moi numerosa. Destacan:

#### -Cee.

##### **Colección Visitable da Fundación Fernando Branco de Lema**

Atópase na antiga «Escola das Nenas» desde o mes de agosto do ano 2001. Destacan os numerosos aparellos que formaron parte dos gabinetes de física, química e historia natural, e que son comparables aos que podemos atopar en Universidades como as de Santiago ou Salamanca. Tamén sobresaen os retratos de Federico de Madrazo, as pinturas de Díaz Carreño ou Urquiola e Aguirre ou a colección de gravados doados pola Calcografía Nacional.

#### -Corcubión.

##### **Museo Marítimo «Seo de Corcubión»**


Este museo, de carácter privado, conta xa con máis de mil pezas relacionadas coa vida marítima da Costa da Morte, recollidas desde Cabo Fisterra ata Punta Ínsua, e que van desde aparellos de pesca a vellos motores de principios do s. XX, pasando por bitácoras ou equipos radioeléctricos.



### Oferta turismo Rural

A oferta de aloxamento rural ten presenza en todo o destino aínda que aínda a súa capacidade é reducida. Fisterra e Corcubión son os dous únicos municipios nos que non se rexistran establecementos rurais. De acordo coas características propias do contorno, as posibilidades de atopar tranquilidade, descanso e o goce da natureza nun contorno sen urbanizar, poñen de manifesto o potencial de desenvolvemento e a capacidade de atracción do turismo rural que esta zona posúe. O turismo rural preséntase como un elemento desestacionalizador da demanda que contrarresta os aspectos negativos do turismo tradicional de sol e praia que reciben estas comarcas. A calidade do contorno, a elevada variedade de recursos e a beleza das súas paisaxes fan que o territorio Fisterra-Muros-Noia sexa idóneo para o desenvolvemento deste tipo de turismo sempre podendo complementar a oferta de aloxamento cunha ampla diversidade de servizos complementarios, necesarios para a adecuada comercialización do turismo rural na zona. O gráfico pon de relevo a concentración de aloxamentos rurais en certos municipios.

**Nº ALOXAMENTOS RURAIS SEGUNDO OS MUNICIPIOS**



Fonte: Secretaría Xeral de Turismo  
Elaboración propia

**Riqueza da tradición e cultura dos pobos mariñeiros.** A variada oferta cultural e o mantemento da vida tradicional típica dun pobo pesqueiro fai que a integración na vida rural e cultural achegue valor engadido á oferta de aloxamento neste destino.



### Recursos turísticos

Neste apartado recóllense todos os recursos diferenciadores deste destino que polo seu valor ecolóxico, cultural e artístico poñen de relevo o potencial turístico deste destino. Analizaranse os recursos naturais, patrimoniais e culturais que este destino posúe, así como as condicións nas que se atopan para a súa explotación turística.

### Espazos naturais

Desde o punto de vista orográfico e xeomorfolóxico este territorio defínese pola súa situación litoral. A grandes trazos, atopámonos cunha área costeira completa, na que coexisten formas xeolóxicas e xeomorfolóxicas que confiren a esta zona un importante valor paisaxístico e ecolóxico. No seu interior, o sistema de serras e vales, o modelo fluvial; no seu borde exterior, no límite co mar, promontorios costeiros, cabos e rías que, á súa vez encerran praias-barreira e acantilados, sistemas de lagoas, marismas ou sistemas de dunas, algúns dos cales están integrados na actualidade dentro da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, e da Rede Natura 2000, coas figuras de Lic's e Zepa.

A nivel xeral, estes nove concellos están compostos por unha elevada porcentaxe de superficie agraria e forestal, en proporción ao total de superficie territorial; concretamente o 30% deste territorio.

Posúe unha densidade media de poboación bastante baixa, e a acción antrópica pode avaliarse, en canto a

incidencia negativa se refire, baixa en termos absolutos, salvando diferenzas e sucesos conxunturais, como fora o caso PRESTIGE.



**DISTRIBUCIÓN SUPERFICIE MUNICIPAL (Ha.)**

CONCELLOS	SAU*	FORESTAL DESARBORADO	FORESTAL ARBORIZADO	SUPERFICIE CONCELLO	FORESTAL TOTAL	SAU/SUP. TOTAL	FOR.ARBOR. / FOR. TOTAL
Cee	1.104	401	3.877	5.383	4.279	21,00%	0,91%
Corcubión	119	54	409	582	463	0,20%	0,88%
Dumbría	2.718	2.291	5.308	10.316	7.599	0,26%	0,70%
Fisterra	661	295	1.719	2.675	2.014	0,25%	0,85%
Carnota	577	1.896	3.199	5.672	5.095	0,10%	0,63%
Muros	594	1.501	4.013	6.108	5.514	0,10%	0,73%
Noia	241	342	2.430	3.013	2.772	0,08%	0,88%
Outes	2.430	763	6.103	9.297	6.867	0,26%	0,89%
Porto do Son	761	1.732	4.842	7.335	6.574	0,10%	0,74%
<b>Total</b>	<b>9.205</b>	<b>9.275</b>	<b>31.900</b>	<b>50.381</b>	<b>41.177</b>	<b>22,35%</b>	<b>7,21%</b>

\* Superficie Agraria Útil.

Fonte: Anuario de Estadística Agraria, 2004. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.

Elaboración propia.

Neste espazo organízanse un conxunto de Espazos Naturais Protexidos de alto valor ambiental, que engloban a parte dos concellos que nos ocupan e algúns dos cales están propostos para seren incluídos na Rede Natura 2000. Consideramos relevante incluílos nesta epígrafe porque, a pesar das súas especificidades, constitúen boas mostras da identidade física e biótica deste territorio.

A **Rede Natura 2000** é a iniciativa máis importante para crear unha rede de espazos naturais baseada en criterios científicos. A súa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies, entre as que se encontran moitas seriamente ameazadas por un desenvolvemento carente de planificación.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como **ZEPAS pola Directiva de Aves (79/409/CEE)** e os espazos designados para o cumprimento da **Directiva de Hábitats (92/43/CEE)**, coñecidos na súa 1ª fase como **Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)**.

Créase así unha rede de lugares nos que se asegurará a súa conservación e o mantemento da función para a súa conservación, aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un deses lugares. No territorio que nos ocupa encóntranse os seguintes Espazos Protexidos:





### Costa da Morte.

Declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Abrangue 11.809 ha. e está situado ao noroeste da provincia de A Coruña e compón unha franxa costeira que comprende a meirande parte das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, así como unha pequena sección da de A Coruña. Dos municipios afectados polo GAC 4, só Fisterra queda afectado por esta figura de protección.

É un extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo), que, con excepción dunha grande parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, inclúe a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis afastados e mellor conservados da costa galega.

Este LIC inclúe ao redor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) correspóndese con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha.) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sueste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Entre os valores máis destacados encóntranse:

- Zonas húmidas, como Traba e Baldaio. Conservan un gran valor, atesourando importantes e moi variadas mostras de vexetación estuárica e palustre.
- Sistemas de dunas. Están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como son as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos «montes brancos» das praias de A Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por riba dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as dunas en crecente (Trece).
- As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de *coídos* ou praias de cantos (con exemplos singulares coma o de Cuño, en Muxía).
- Os complexos de covas mariñas ou *furnas* (como as de Muxía-Nemiña, Roncudo ou Sisargas).
- Rasas cuaternarias (cabo San Adrián, por exemplo), megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun gran interese. Non en van este LIC engloba ata cinco Puntos de Interese Xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: Lagoa de Baldaio (C-110), Rasas Cuaternarias de Cabo San Adrián (C-111), Praia do Trece (placas eólicas) (C-112), Penas Abaladoiras de Muxía (C-113)



–que abrangue ás praias de cantos, rasa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido– e Coído de Cuño (C-114).



### Esteiro do Tambre.

Declarado **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEVN)**. Comprende unha superficie de 1.581 ha. e está situado ao fondo da ría de Muros e Noia, ocupando estuario e curso baixo do río Tambre, e introducíndose curso arriba polo tramo baixo. Entre os concellos que forman parte do GAC 4, quedan afectados Noia, Outes e Porto do Son.

O 73% da área do LIC está ocupada por hábitats mariños e marítimo-terrestres, cunha superficie de augas mariñas de 1.062 ha., na meirande parte sobre fondos de menos de 10 m de profundidade, mentres que preto dunha quinta parte abrangue o curso baixo do Tambre, augas arriba da influencia das mareas, ao longo duns 6 km. Esta parte é a máis crebada da súa conca, na que o



Tambre encaixa fortemente entre dous grandes bloques fracturados, que dan paso, nas zonas altas, a terreos en forma de meseta cara aos 300 m de altitude. De feito, este curso baixo «cólgame» ao longo duns 3 km, onde forma unha gorxa de forte pendente lonxitudinal (1,7%), trazada sobre paredóns de migmatitas granitoides, entre os montes de Lueiro e Cornanda. Dous pequenos afluentes, os ríos Xallas e Corzán, únense ao Tambre neste treito ao longo de valgadas



de pendente moi pronunciada, que pode alcanzar máis dun 25%. A máxima altitude do LIC alcánzase neste sector, con 233 m s.n.m.

### Monte e Lagoa de Louro.

Declarado **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEVN)**. Ocupa unha superficie de 1.096 ha. e atópase situado ao suroeste da provincia de A Coruña, na comarca de Muros. Dos concellos que engloba o GAC 4, os que quedan afectados pola figura de protección son os de Carnota e Muros.

O monte Louro é un pequeno «inselberg» ou afloramento rochoso illado, situado no extremo sur do LIC, que se eleva abruptamente sobre unha plataforma de abrasión ou rasa ata unha altura de 239 m. Está constituído por granitos de dúas micas, de gran fino, e granitos con megacristais de gran medio, podéndose observar nel frecuentes exemplos de micromodelado (pías e cacholas). Estes fenómenos, así como a presenza da rasa costeira e o complexo de barra dunar e lagoa litoral outorgan un alto valor xeomorfolóxico á área, que foi cualificada Punto de Interese Xeolóxico (PIG C-116) de importancia nacional.



Entre os valores máis destacados deste espazo encóntrase os seguintes:

- Tramos de costa rochosa de baixa altura.
- Praias de seixos e areais.
Para o desenvolvemento de produtos de turismo cultural e histórico crearase un centro de interpretación de Castro Baroña, acondicionarase un centro de arte funerario en Noia, definiranse os itinerarios de visita do centro histórico de Muros e deseñaranse rutas históricas chamadas «Do megalítico á época actual». Así mesmo, preténdese o desenvolvemento do turismo cultural industrial mediante a recuperación e rehabilitación de espazos nas minas de San Fins. Para o desenvolvemento do turismo de natureza e do turismo náutico preténdese realizar actuacións ao redor da revalorización do contorno do Tambre e a creación dun museo do mar en Muros. Preténdese tamén o establecemento e coordinación dunha rede de bases náuticas no contorno da Costa da Morte.



### 3. Valorización do destino turístico

Para levar cabo a profesionalización e modernización do sector turístico realizaranse accións en canto á reciclaxe de empresarios e traballadores como un activo do sector turístico, formación de guías turísticos e de prescritesores de información ao visitante, establecemento dunha rede asociada de hostaleiros para a posta en valor do produto gastronómico, visitas didácticas do persoal hostaleiro e outros destinos, creación dun foro permanente de coordinación e participación de axentes sociais, realización dun programa de promoción da calidade turística de acordo con MACT.

Doutra banda, levará a cabo un programa ambiental, para iso, realizarase un estudo da capacidade de carga e un plan de alivio e prevención de impactos ambientais e medios para a sensibilización ambiental da poboación e do sector turístico.

### 4. Promoción, comercialización e xestión turística.

Para poder comercializar o produto do territorio da Costa da Morte realizaranse actuacións con respecto á creación dunha imaxe de marca e un manual de identidade, deseño e execución dun Plan Integral de Comunicación/Estratexia de Medios. Comercializaranse paquetes concertados e realizarase promoción turística en mercados específicos de conexión aérea con Santiago de Compostela e un reforzo da presenza coordinada en feiras nacionais e internacionais.

Para coordinar o destino e os diferentes axentes que interveñen, crearase un ente xestor que integre aos diversos axentes tanto públicos como privados. Para obter información cualificada do sector crearase un observatorio turístico e o mantemento da xerencia do Plan de Dinamización de Produto Turístico.

#### Actuacións levadas a cabo por PRODER II

Comeza o desenvolvemento e a posta en marcha cara ao ano 2000 no que se crea a primeira mesa sectorial xeneral, posteriormente crearanse sete mesas sectoriais integradas por 2 fundacións comarcais de Muros e Noia, 110 asociacións de diferentes ámbitos: veciñais, asociacións de nais e pais de alumnos, muller e mocidade, sociais, deportivas, culturais, empresariais, de produtores e comunidades de Montes.

Os concellos involucrados son os de Lousame, Noia, Porto do Son, Outes e Muros. Realizáronse diferentes actuacións centradas na creación de equipamentos sociais e



deportivos, a valorización do patrimonio cultural e a formación. As principais liñas de actuación tratan de potenciar e reforzar a competitividade do sistema empresarial.

### 1. Prestación de servizos ás empresas.

- Deseño, elaboración e mantemento de Páxina Web.
- Asistencia a eventos de promoción turística. A asistencia a estes eventos levou consigo outras accións como a preparación de material promocional e dunhas casetas nas que estaban representados os cinco concellos de Lousame, Noia, Porto do Son, Outes e Muros.
  - VIII Feira Internacional de Turismo Interior – INTUR 2004 (Valladolid).
  - VII Salón de Turismo, Gastronomía e Artesanía – Expogalaecia 2004 (Vigo).
  - XI Feira Nacional do Desenvolvemento e Turismo Rural, Deporte de Natureza e Aventura – EXPO’TURAL 2005 (Madrid).
  - XII Salón Nacional de Turismo Rural – AGROTUR 2005 (Barcelona).
  - IV Edición da Feira Andaluza de Turismo e Desenvolvemento Rural – FERANTUR 2006 (Sevilla).
- .- Sistema de Información Xeográfica (S.I.X.) da ría de Muros-Noia. Sistema informático destinado ao almacenamento, visualización, análise e tratamento de información sobre recursos naturais, patrimoniais, equipamentos, infraestruturas, establecementos hostaleiros, etc. dos diferentes concellos. Este procedemento pretende pór de relevo a potencialidade, capacidades e fortalezas da ría de Muros-Noia.
- Estudo para a creación dun produto turístico da ría de Muros-Noia. O estudo tiña como finalidade analizar as posibilidades de desenvolvemento turístico do destino da ría de Muros-Noia analizando a situación de partida e as vías posibles de creación dun destino turístico diferenciado e de calidade.
- Foro turístico da ría de Muros-Noia. O fin da creación deste foro foi crear un foro de debate no que se presentasen diversas iniciativas de desenvolvemento rural no ámbito turístico realizadas ao abeiro de diversas axudas europeas e nacionais, así como lograr un achegamento ás novas directrices e liñas de financiamento das administracións para conseguir un desenvolvemento sustentable do territorio no período 2000-2013.



- Anuncio publicitario para televisión. Creouse unha campaña de promoción do destino coa realización dun anuncio publicitario a nivel autonómico e local.

- Sinalización de recursos turísticos. A ría de Muros-Noia aglutina unha elevada cantidade de recursos os cales era necesario sinalizar poñendo así en valor os elementos patrimoniais singulares do destino.

- Plan de calidade de establecementos turísticos da ría de Muros-Noia. Mediante a posta en marcha deste plan preténdense realizar actuacións de activación e desenvolvemento do turismo nesta área, posto que este sector representa unha das vías fundamentais para a diversificación económica, o asentamento de poboación e a creación de emprego, así como a revalorización dos recursos. A ampliación e fortalecemento do tecido empresarial turístico era necesario para destacar e diferenciar a oferta do destino.



## 2. Valorización do patrimonio rural e local.

- A restauración arquitectónica que permita manter e incrementar o patrimonio urbano.

- Iluminación pública no centro histórico de Muros.
- Centro sociocultural de Cando.
- Lousado tradicional do núcleo de Porto do Son.
- II Fase de lousado tradicional do núcleo de Porto do Son.

- A elaboración de inventarios, restauración e recuperación dos edificios que polas súas características singulares forman parte do patrimonio artístico-cultural da zona.

- Restauración de retablo barroco.

- A recuperación de determinados elementos da arquitectura tradicional.

- Rehabilitación do lousado tradicional do centro histórico de Noia.
- Infraestrutura do centro histórico de Noia.



- O apoio á creación e a difusión cultural.
  - Centro de recursos patrimoniais.
  - Equipamento da Escola Municipal de música.
  - Rehabilitación da Escola Municipal de música.
  - Centro de Dinamización Asociativa de Merelle.
  - Centro de Dinamización Social de Cruído.
  - Centro Social de Santa María de Roo.
  - Centro Social de Boa.
  
- A protección, defensa e conservación dos recursos naturais e da paisaxe.
  
- A eliminación e reciclaxe de residuos.
  
- A recuperación e protección ambiental de determinados espazos, etc.

### 3. Fomento dos investimentos turísticos no medio rural. Agroturismo e turismo local.

- Fomento dos investimentos no medio rural, tanto individuais como colectivos, que se dirixan ao desenvolvemento dunha actividade turística.
  - Hotel rural «Val de Nebra».
  - Casa de turismo rural «Do Zuleiro».
  - Casa de turismo rural «Do Tarela».
  - Hotel de 1 estrela «O Nosso».
  - Construción dunha pensión de 3 estrelas «Áncora da Ría».
  - Equipamento do Hotel Restaurante «A Salgadeira de ».
  - Ampliación do porto deportivo «Club náutico Portosín».
  - Escola de actividades náuticas.
  
- Actividades de promoción do turismo rural.
  
- Creación de prazas turísticas non medio rural.
  - Ampliación, reforma e rehabilitación do Hostal Ría Muros.
  - Ampliación casa de turismo rural «Perfeito María».
  - Ampliación casa de turismo rural «Casa do Xan».



- Concepción e posta en marcha de accións que contribúan a unha nova forma de facer turismo. Establecemento dunha estratexia de desenvolvemento do turismo local (sinalización de recursos, elaboración de rutas, creación dunha central de reservas, etc.)
- Deseño e promoción de marcas e etiquetas para ou desenvolvemento do turismo temático, etc.
- Futuras accións da ARD Muros-Noia
  - O Plan de Dinamización do Produto Turístico da Ría Muros –Noia (PDPT).
  - O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013).
  - O Fondo Europeo de Pesca (2007-2013).

### Actuacións levadas ao cabo por iniciativa LEADER PLUS.

Os concellos que compoñen o Grupo de Acción Local son: Cabana, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

#### 1. Servizos á poboación.

- Creación dunha xestoría administrativa.
- Creación dunha lavandaría-tinturaría.
- Creación dun centro ocupacional para enfermos mentais.
- Ampliación do centro de rehabilitación integral «Umbela».
- Creación dun ximnasio en Fisterra.
- Creación dunha clínica dental e traslado dun laboratorio de prótese dental.

#### 2. Patrimonio natural.

- Creación dunha empresa para a dinamización de recursos.
- Acondicionamento dunha parcela para Área Recreativa en Suarriba (Fisterra).
- Sinalización de recursos naturais e dotación de espazos complementarios da paisaxe.
- Acondicionamento das tarefas recreativas de Meanos, Pedramaior, Baixo, Budián, Villar e A Santa
- Adecuación do contorno natural do campo do Almozarro.

#### 3. PEMES e servizos.

- Construción dun tanatorio en Cabana de Bergantinos.



- Exposición de mobles de cociña.
- Modernización de taller téxtil.
- Empresa de instalación eléctrica.
- Ampliación de maquinaria c.e.e.
- Taller téxtil.
- Creación dunha imprenta.
- Mellora de taller de ferralla.
- Ampliación e modernización de taller téxtil.
- Modernización e ampliación panadaría artesanal.
- Ampliación e modernización de serradoiro de pedra artesanal.
- Construción dun tanatorio en Muxía.
- Traslado e ampliación dun obradoiro de pedra.
- Modernización e ampliación de panadaría artesanal.
- Remodelación de edificio para exposición permanente de hostalaría.
- Creación dun mesón en Fisterra.
- Instalación dun restaurante en Fisterra.
- Creación dunha planta de derivados de formigón.
- Creación dun parque infantil de lecer.
- Traslado e ampliación dun taller téxtil.
- Creación de taller artesán de marroquinería e zoqueiro.
- Ampliación de taller téxtil.
- Ampliación de taller de carpintaría de madeira.
- Ampliación e modernización de carpintaría artesanal.
- Creación dunha lavandaría – tinturaría en Camariñas.
- Mecanización proceso industrial.
- Creación dun café-bar restaurante.
- Creación dunha empresa téxtil con liña de marca propia.
- Ampliación taller téxtil.
- Creación dunha empresa de demolicións de edificios antigos.
- Centro integral de lavado de vehículos «Vertido Cero».

#### 4. Valorización do patrimonio cultural e arquitectónico.

- Adecuación da praza do Barreiro en Lira.
- Creación dun miradoiro en Caldebarcos.



- Publicación de material gráfico para promoción do territorio.
- Acondicionamento de área de lecer fronte á igrexa parroquial de Borneiro.
- Posta en valor do conxunto histórico artístico de Corcubión.
- Publicacións para a promoción do territorio Nerio.
- Urbanización praza pública en Bardullas.
- Sinalización de lugares e de patrimonio arquitectónico en Carnota.
- Melloras en áreas recreativas de Morpeguite, Santa Mariña e O Castro.
- Recuperación de contornos do patrimonio cultural e arquitectónico do concello de Mazaricos.
- Humanización de espazos: dotación de equipamentos adaptados aos contornos en rúas do centro histórico.
- Posta en valor do patrimonio natural e arquitectónico da Costa da Morte.

## 5. Turismo.

- Hotel rústico en Fisterra.
- Reforma e ampliación de edificio para pensión de 3 estrelas.
- Participación Fitur 2003.
- Creación de empresas de rutas turísticas.
- Construción dun hotel en Laxe de 2 estrelas.
- Creación dunha empresa de turismo activo.
- Turismo rural en Lira.
- Participación en SITC 2003.
- Rehabilitación casa de turismo rural en Soesto.
- Restauración casa de aldea para hotel rústico.
- Participación en Turisport 2003.
- Reforma e adaptación de apartamentos turísticos.
- Rehabilitación de edificación para hotel rústico.
- Rehabilitación de vivenda para casa de turismo rural.
- Participación en Feira Internacional Fitur 2004.
- Creación dunha pensión de 2 estrelas en O Pindo.
- Participación no Salón Internacional de Turismo de Cataluña (SITC 2004).
- Creación dunha pensión de 3 estrelas.
- Rehabilitación de vivenda para casa de turismo rural.
- Creación dun hotel residencia dunha estrela.





- Creación de tres apartamentos turísticos (bungalows).
- Participación non Salón de Turismo, Deporte e desenvolvemento rural Turisport 2004.

#### 6. Outros investimentos.

- Intereses póliza crédito ano 2006.
- Gastos financeiros de póliza de crédito para o ano 2007.
- Gastos financeiros de crédito para o ano 2008.

#### 7. Formación e emprego.

- Curso de calidade no sector do turismo.

#### 8. Cooperación interterritorial.

- Rehabilitación casa reitoral de Berdeogas.
- Valorización do patrimonio histórico-cultural, natural e gastronómico.
- Centro de interpretación dos naufraxios, faros e sinais marítimas da Costa da Morte.
- Museo da electricidade do Ézaro.
- Centro de información turístico-cultural e de promoción de recursos.
- Centro de interpretación dos Batáns do Mosquetín.
- Centro de interpretación dos recursos turísticos e patrimoniais do territorio en Torres do Allo.
- Publicación de material gráfico para a valorización do patrimonio.

#### 9. Cooperación transnacional.

- Posta en valor de portos en núcleos singulares.

#### Actuacións levadas a cabo pola Confraría de Pescadores Mar de Lira.

A flota pesqueira é exclusivamente de baixura, existe un continuo despoboamento da zona e a falta de substitución xeracional en profesionais do mar foron a base para as actuacións que se están levando a cabo pola Confraría de Pescadores Mar de Lira. Así, enfocáronse en tres ámbitos as súas actuacións.



## 1. Económica.

- Posta en marcha dun sistema de comercialización directa propio (LONXANET)
- Constitución da cooperativa de mariscadoras2.- Biolóxica.
- Creación dunha reserva mariña de interese pesqueiro.
- Participación no proxecto Cebo biolóxico.
- Actividades vinculadas á Reserva Mariña con enfoque turístico (Ecobuceo, Centro de Interpretación).
- Promoción dos produtos e fomento da sustentabilidade mediante a creación dunha rede de restaurantes pola conservación do mar e posta en marcha de xornadas gastronómicas.

## 2. Social.

Posta en valor da cultura tradicional pesqueira e o patrimonio cultural da zona mostrando a complexidade do mundo da pesca e do mar.

- Proxecto MARDELIRA. Posta en marcha do obradoiro de pesca, desenvolvemento do turismo pesqueiro e da pesca deportiva sustentable. Mediante estas ferramentas achégase o mundo da pesca aos nenos e á sociedade en xeral.
- Participación en proxectos europeos como SEREA, IMEC, FISHERNET e SEXA WOMEN e en redes como RECOPADES.

O desenvolvemento do turismo mariñeiro e o crecemento da súa demanda nos últimos tempos pon de manifesto a necesidade de lexislación propia no referente a pesca-turismo e turismo mariñeiro. Hai que ter en conta que esta actividade ten un alto grao de potencialidade, o que fai necesario a súa regulación e control para manter os estándares de calidade e evitar intrusionas nesta actividade.



# INCLUÍR DÚAS PÁXINAS DE DAFO EN FORMATO A3



## 2. PROPOSTA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN

### 2.1. MODELO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

---

Chegado este momento, contamos con información suficiente como para facer a presentación da nosa aposta estratéxica cunhas mínimas garantías de éxito; unhas garantías que se sustentan na adopción de medidas reais, dimensionadas en función da capacidade e vocación do capital humano, así como dos recursos ao seu alcance. E, ademais, partindo da base de que os fondos do Plan de Acción Costeira non servirán para pór remedio a todos os males do territorio, desde o Grupo de Acción Costeira preténdese focalizar estas axudas a grandes liñas de traballo que, pensamos, servirán para estruturar accións integradas con vista a xerar pequenos polos de desenvolvemento que contribúan a fortalecer, especializar e desenvolver a economía do territorio.

Estas liñas de traballo tenderán a dar solución ao problema que atinxe ao sector pesqueiro e que a grandes trazos vén sostendo unha situación endémica debida a factores que comparte co resto do seu gremio a nivel galego, pero con variantes propias que van perfilar o seu carácter local e que se van derivar da traxectoria histórica e cultural desta zona en concreto. Isto condúcenos hoxe a presentar un modelo de desenvolvemento baseado nos seguintes argumentos.

**1) A elevada dependencia destes territorios con respecto ao sector pesqueiro, condúcenos a desbotar a reconversión do sector, para orientalo á diversificación, como vía para lograr o desenvolvemento económico.**

Para lanzar as nosas propostas, resulta de sumo interese teren en conta a vocación real da poboación, e para a zona que nos ocupa, esta é claramente pesqueira, cunha cultura mariñeira de moita tradición e calado, a pesar dos condicionantes que provocaron o carácter endémico desta actividade. Entre os condicionantes estruturais ou históricos que contribúen a definir o perfil do sector nestas comarcas, encóntrase o importante papel da familia dentro dos sistemas de explotación, onde a economía doméstica e os roles dentro dela, xogan un papel moi importante nos modos de produción, ao mesmo tempo que a existencia dun elevado grao de especialización en toda esta parte da costa galega, coloca ao sector pesqueiro nunha situación preeminente, mesmo con respecto do resto do territorio autonómico.



Un feito que parece prevalecer sobre o empeoramento das condicións de traballo é a escasa rendibilidade da explotación pesqueira, debido a factores como o encarecemento dos custes de produción e o importante papel do intermediario na baixada indiscriminada do prezo do peixe. De feito, as análises do sector revélanos que aínda continúa constituíndo unha importante fonte de xeración de emprego, a pesar da importancia que están adquirindo os sectores da construción e de servizos. Estes datos confirmannos que a situación endémica do sector conduciu máis ben á transformación no perfil da explotación, pero non á súa desaparición.

É o caso da substitución dos grandes pesqueiros que faenaban en altura, pola figura do autónomo con pequenas embarcacións dedicadas á pesca de baixura, polo que pensamos que sería unha irresponsabilidade apoiar estratexias tendentes ao desmantelamento total da actividade. Por outra banda, a dependencia deste sector tamén se mide pola capacidade que ten a poboación de incidir nas súas propias vidas. A precariedade das economías domésticas tamén limita a capacidade de aforro que teñen as familias para cambiar de actividade ou de negocio. Unha realidade que supón unha limitación á hora de proporen o cambio de actividade, debido á aparición en escena de factores como o risco e o endebedamento, que virían a colocar en xaque á poboación que depende deste sector.

Polo tanto, desde o GAC non apoiaremos o transvasamento das actuais unidades de produción vinculadas coa pesca cara outros sectores, senón que se traballará no desenvolvemento de medidas que contribúan indirectamente ao mantemento dos postos de traballo actuais no mar, pero dignificando as súas condicións de vida. Diversificando a actividade cara aqueles subsectores da cadea de valor que mellor contribúan a especializar e facer máis competitiva a produción local, conseguírase manter estes postos de traballo e tamén capitalizar o valor engadido da pesca a través de fórmulas de concertación e recuperación de técnicas produtivas tradicionais. O máis favorable sería a diversificación da renda mariñeira a través doutros sectores coma o turismo, e a retención de valor engadido da pesca a través de medidas que favorezan o control de toda a cadea de valor do sector por parte dos mariñeiros.

No caso do turismo, trátase do sector máis valorado neste Plan, no que focalizaranse as actuacións a mellorar establecementos e definir unha tipoloxía concreta de imaxen e servizos máis afín coa cultura do mar, e que agora recollerán no seu nome a terminoloxía de “mariñeiro” aplicada a restaurantes e hoteis, e incluso a actividades de turismo activo. A este respecto, vanse valorar as actuacións por parte de propietarios de empresas do subsectors de servizos turísticos,



xa existentes, que cumpran como requisito sine qua nom a xeración de postos de traballo no territorio e, moi preferentemente, no sector pesqueiro e a súas familias.

Doutra banda, no que respecta ao sector pesqueiro propiamente dito, valoráranse aquelas actuacións orientadas á creación de actividades de transformación, preferentemente a partir de pequenas industrias artesanais de transformación do peixe; asemesmo, tamén aquelas orientadas á asociación de axentes do sector co distinto rango (autónomos, pequenos empresarios e cofrarías), para a creación de empresas de transformación, distribución e comercialización do peixe.

**2) A escasa capacidade de investimento da poboación pesqueira vai determinar que as estratexias de desenvolvemento do sector empresarial pasen polo incentivo das PEMES ou pola promoción de determinadas fórmulas de asociacionismo produtivo.**

Os datos estatísticos e a información cualitativa obtida nas entrevistas e mesas de traballo sectoriais, revélanos unha forte atomización do sector empresarial e unha escasa capacidade multiplicadora de emprego, dándose na maioría dos subsectores a coincidencia entre o traballador e a figura do empresario autónomo. Este aspecto revélanos, sobre todo, a fragilidade que presenta a economía da zona e a escasa capacidade de investimento e de risco que presenta o empresariado. Este empresariado está orientado cara a unha escala local da economía e a sectores de actividade con baixo índice de risco, como son os sectores da construción ou do comercio, e deixando case deserto o sector industrial, que representa tan so un 4% se restamos aquela industria subsidiaria da construción.

Esta situación é moi ilustrativa das condicións empresariais do territorio, do perfil de promotor empresarial que se debe potenciar, e dos criterios mínimos de valoración que deben terse en conta á hora de aprobar os proxectos. Tralo período de avaliación e contraste cos representantes dos distintos grupos sectoriais do territorio, o GAC tomou a decisión de non reforzar propostas que teñan que ver cos sectores do comercio polo miúdo e da construción, debido á enorme representación coa que xa contan, e si a outros sectores como o da industria artesanal relacionada coa pesca e a negocios relacionados cos servizos turísticos no territorio, coa fin de diversificar a economía e as rendas das familias mariñeiras, ao mesmo tempo que se establecerán uns baremos sobre xeración de emprego e perfil da man de obra, focalizando os esforzos cara a pequena-mediana empresa cun número de empregados nun número comprendido entre 5 e 20.



Dentro da estratexia de asociacionismo produtivo, e tendo en conta a escasa capacidade de investimento do sector, valorouse a posibilidade de promover a asociación de axentes con distintas categorías xurídicas, co fin de poren en marcha un ente a nivel territorial que capitalice a función de intermediación e comercialización no sector da pesca. Tralas distintas mesas de traballo mantidas na Zona 4 coas distintas confrarías de pescadores, extraeuse a convicción e a firme disposición de dito sector a emprender accións deste tipo como a saída máis viable para o sector da pesca. Entre os asociados pertencentes a este ente poderían encontrarse as confrarías e algúns empresarios locais.

Outra das cuestións relevantes á hora de poren en marcha estas iniciativas é a xeración de emprego. Na actualidade existe unha escasa capacidade de relevo ocupacional no sector da pesca e iso é debido á desvalorización que se vive desde dentro do propio sector, a cal leva a que os pescadores tenten colocar aos seus fillos noutras actividades diferentes da súa propia. Coa única excepción daqueles casos nos que, debido a un vínculo patrimonial, de mantemento dos medios de produción, ou a falta de cualificación e de formación dos mozos e mozas, xustifique a inserción no sector.

Por este motivo, desde o GAC decidiuse o establecemento de criterios de valoración das iniciativas empresariais que teñan en conta a discriminación do perfil da man de obra empregada. Esta discriminación será porcentual e favorecerá o emprego das familias mariñeiras (xente nova e mulleres) así como dos discapacitados, a través dunhas cotas que se establecerán segundo o tipo de actividade que se trate.

### 3) O desenvolvemento e a competitividade do territorio pasa pola captación de talentos e a capacitación do capital humano.

Tendo en conta o punto de partida no que nos encontramos, e o perfil do substrato socioeconómico deste territorio, o GAC asume de entrada que a maior dificultade para a asignación de orzamento vai vir da iniciativa privada, precisamente polo escaso espírito emprendedor e a desconfianza, xa mencionadas en páxinas anteriores.

Outro aspecto a ter en conta é a escasa cualificación do emprego, que se deriva dos datos extraídos das Oficinas de Emprego, en canto ás cifras de demandantes de emprego por sector. Delas, extráese a especial orientación da demanda de emprego cara o sector terciario, e non pola súa cualificación, senón por todo o contrario. A xente deixa os estudos bastante pronto e nos casos da xente nova que pensa na “amplitude de horizonte”, terminan na maioría dos casos



saíndo do seu contorno cara outros lugares con maiores e mellores oportunidades para a promoción profesional, coa conseguinte fuga de talentos e de capital humano. Un feito contrastado con algunhas das maiores empresas que operan no territorio é a dificultade de cubrir os postos de traballo máis cualificados, e máis concretamente os cadros directivos e de escalas superiores e/ou estratéxicas na toma de decisións da empresa.

Detectada esta carencia e as condicións que a provocan, o GAC plantéxase a necesidade imperiosa de abrir unha medida orientada á captación de talento, a través das asociacións de antigos alumnos, dos centros de ensinanza, e coas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), para a información e concienciación sobre a necesidade de cadros especializados a sectores que serán determinados polo GAC durante o proceso de selección dos proxectos máis punteiros. Ademais, esta busca de talentos irá acompañada doutra medida orientada á capacitación de capital humano, especificamente nas áreas de negocio ou de especialización requiridas polo sector empresarial desenvolvido.

#### 4) Para conseguir a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) na súa integridade e a maximización das inversións realizadas, os proxectos e accións non produtivas deseñaranse para dar soporte ás accións produtivas.

A aposta máis importante do GAC 4 céntrase no seu papel de Dinamizador de Proxectos no territorio, e para iso expónse como necesidade *sine quantum* o deseñar unha estratexia integral de desenvolvemento, na cal, todas as liñas de actuación teñan unha correspondencia coas necesidades detectadas, xerando á vez un sistema de retroalimentación interna entre elas co obxecto de maximizar os efectos do PEZ. Este sistema pódese estruturar da seguinte maneira:


- ⇒ Detección dos puntos fortes na economía do GAC 4 e establecemento das liñas de actuación chave que van dar contido á fase operativa do PEZ: o sector da pesca, o sector de servizos orientado ao turismo, e servizos especializados de apoio á empresa (administrativos, financeiros, bancarios, etc.).
- ⇒ Dar prioridade ás actuacións a desenvolver, establecendo unha porcentaxe de representatividade dentro do orzamento para cada unha das liñas de actuación.
- ⇒ Conceptualización e enfoque dos proxectos de maneira que todos eles teñan como fío condutor a esencia do «Mariñeiro», e poidan quedar insertos dentro da imaxe e a marca do territorio. Así, o «mariñeiro», non só formará parte do sector pesqueiro, senón que achegará contido a todas as actuacións en turismo.
- ⇒ Dinamización e fortalecemento das liñas de actuación previstas, para o cal, os proxectos non produtivos, tanto de promotores públicos e privados, así como





as accións do GAC, estarán orientados a dar apoio aos proxectos produtivos, ampliando desta maneira as garantías de éxito do Programa, e dos resultados previstos. Así, tanto os investimentos en ordenación, rehabilitación, formación, asistencia técnica, e demais accións non produtivas, estarán concibidas para xerar apoio loxístico aos novos segmentos de negocio, que coincidan coas liñas establecidas no PEZ, e tamén para achegarlles 'know-how' na mellora da competitividade.





## 2.2. OBXECTIVOS DO PEZ

---

### OBXECTIVO XERAL.

Conseguir mellorar a calidade de vida nas zonas pesqueiras a través da creación de sinerxías territoriais que contribúan ao desenvolvemento local desde unha perspectiva social, económica e ambiental.

### OBXECTIVOS INTERMEDIOS.

1. Fortalecer o sector da pesca a través do control dos procesos de comercialización, de maneira que se evite a fuga de valor engadido e se manteñan as rendas mariñeiras nunhas condicións dignas.
2. Traballar os activos económicos do territorio que contribúan a frear a emigración do sector máis novo da poboación e a mellorar a calidade de vida das familias mariñeiras a través da diversificación das súas rendas.
3. Mellorar a competitividade das zonas de pesca.
4. Garantir a sustentabilidade do medio mariñeiro a través da complementariedade entre a protección dos valores ecoculturais e o seu aproveitamento para a realización de actividades turísticas, culturais e de tempo libre.
5. Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades (xente nova, mulleres e discapacitados) a través da posta en marcha de medidas que lles dean prioridade sobre o emprego.
6. Conseguir o efecto demostrativo do Plan Estratégico Zonal a través da utilización das ferramentas que o propio Plan de Acción Costeira pon en marcha para a sensibilización, o reforzo do coñecemento e a transferencia das leccións aprendidas.



## 2.3. ESTRATEXIAS

**Obxectivo 1.** Fortalecer o sector da pesca a través do control da cadea de valor do sector pesqueiro, de maneira que se evite a fuga de valor engadido e se manteñan as rendas mariñeiras nunhas condicións dignas.

- 1.1. Analizando que sectores do mar resultan ter maior potencialidade e aptitudes para lograr ser competitivos no mercado.
- 1.2. Recuperando o «saber facer» mariñeiro para aplicalo á creación de novos produtos asociados á calidade e á identidade territorial.
- 1.3. Detectando as posibilidades de asociación de distintos axentes económicos para a capitalización da cadea produtiva do sector mariñeiro.
- 1.4. Establecendo ferramentas para a captación do valor engadido a través do control do proceso de comercialización de produtos mariñeiros.
- 1.5. Establecendo medidas de capacitación do capital humano para acometer o desenvolvemento e modernización do sector pesqueiro na súa nova aposta de xestión e competitividade.
- 1.6. Buscando novas fontes de financiamento que complementen os fondos do GAC para poder aumentar os efectos do PEZ.

**Obxectivo 2.** Traballar os activos económicos do territorio que contribúan a frear a emigración do sector máis novo da poboación e a mellorar a calidade de vida das familias mariñeiras a través da diversificación das súas rendas.

- 2.1. Aproveitando os propios recursos do territorio para a xeración de activos económicos en torno ao «Turismo Mariñeiro».
- 2.2. Dotando de contido as experiencias do «Turismo Mariñeiro» a través da articulación/demostración das propias actividades produtivas pesqueiras.
- 2.3. Recuperando o patrimonio cultural vinculado coa pesca tradicional e reinventando un novo uso máis afín ás novas estratexias de desenvolvemento.
- 2.4. Creando un programa de especialización e profesionalización do servizo turístico que posibilite a competitividade do sector.
- 2.5. Traballando a diferenciación dos produtos turísticos da zona a través da asociación de distintos sectores produtivos converxentes co turismo baixo unha mesma estratexia de imaxe, servizo e comunicación.



- 2.6. Deseñando estratexias de comercialización que poñan no mercado os servizos e recursos territoriais a través da creación de produtos comerciais.

**Obxectivo 3.** Garantir a sustentabilidade do medio mariñeiro a través da complementariedade entre a protección dos valores ecoculturais e o seu aproveitamento como contido de actividades turísticas, culturais e de tempo libre.

- 3.1. Detectando os puntos negros que se foron xerando ao longo da costa da Ría de Muros-Noia e da Costa da Morte por un uso público indiscriminado para previr e restaurar os efectos negativos sobre os recursos.
- 3.2. Establecendo unha ordenación do uso público dos recursos naturais, que teña en conta os instrumentos de planeamento existentes nos Espazos Naturais Protexidos, o no seu defecto, establecer unha zonificación segundo a fragilidade dos ecosistemas.
- 3.3. Xerando novas áreas de negocio nas zonas menos fráxiles, a partir da explotación de servizos básicos e complementarios aos visitantes das praias e outros contornos naturais frecuentados, que xerarán emprego no territorio e concentrarán a carga de uso público nestes lugares.

**Obxectivo 4.** Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades (xente nova, mulleres e discapacitados) a través da posta en marcha de medidas que lles dean prioridade sobre o emprego.


- 4.1. Deseñando programas de formación cualificada e específica nos sectores prioritarios establecidos no PEZ para o desenvolvemento do territorio, con especial atención ás mulleres.
- 4.1. Implementando un plan de captación de talento, que vaia dirixido ás novas xeracións para a súa formación en oficios e postos cualificados de xestión e dirección empresarial.



**Obxectivo 5.** Velar polo efecto demostrativo do Plan Estratéxico Zonal a través da utilización das ferramentas que o propio Grupo de Acción Costeira pon en marcha para a sensibilización, o reforzo do coñecemento e a transferencia das leccións aprendidas.

- 5.1. Extremando a operatividade dos procedementos para que a información cualificada chegue aos seus destinatarios.
- 5.2. Difundindo periodicamente os obxectivos e logros do Plan de Acción Costeira para garantir a sensibilización e implicación da poboación.
- 5.3. Organizando congresos ou seminarios especializados que sirvan de apoio técnico para a implementación das liñas de traballo propostas.
- 5.4. Organizando encontros para o intercambio de experiencias con outros lugares con características e problemas similares.
- 5.5. Deseñando ferramentas que posibiliten o traballo en rede e a transnacionalización do Plan Estratéxico Zonal, dos seus logros e das leccións aprendidas.





itc.ménsula








CONVERXENCIA PLAN ESTRATÉXICO ZONAL DO GAC 4 COAS MEDIDAS DE APOIO DO FONDO EUROPEO DE PESCA						
GAC 4 OBJECTIVOS DO PEZ		OBJECTIVOS VERTICAIS			OBJECTIVOS TRANSVERSAIS	
		Obj.1. Fortalecer o sector da pesca a través do control da cadea de valor do sector pesqueiro, de maneira que se evite a fuga de valor engadido e se manteñan as rendas mariñeiras nunhas condicións dignas.	Obj.2. Traballar os activos económicos do territorio que contribúan a frear a emigración do sector máis novo da poboación e a mellorar a calidade de vida das familias mariñeiras a través da diversificación das súas rendas.	Obj.3. Garantir a sustentabilidade do medio mariñeiro a través da complementariedade entre a protección dos valores ecoloxiais e o seu aproveitamento como contido de actividades turísticas, culturais e de tempo libre.	Obj.4. Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades (xente nova, mulleres e discapacitados) a través da posta en marcha de medidas que dean prioridade sobre o emprego.	Obj.5. Obj.6. Velar polo efecto demostrativo do Plan Estratégico Zonal a través da utilización das ferramentas que o propio Plan de Acción Costeira pon en marcha para a sensibilización, o reforzo do coñecemento e a transferencia das leccións aprendidas.
<b>EJE 4 MEDIDAS DE APOIO</b>	<b>Med.a)</b> Consolidar a competitividade das zonas de pesca.					
	<b>Med.b)</b> Reestructurar e reorientar as actividades económicas, en particular a través da promoción do turismo ecolóxico, sempre que estas actividades no dean lugar a un aumento do esforzo pesqueiro			5.A		
	<b>Med.c)</b> Diversificar actividades a través da promoción da pluriactividade dos pescadores, mediante a creación de empregos adicionais fóra do sector pesqueiro					
	<b>Med.d)</b> Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca	3.A - 3.B				
	<b>Med.e)</b> Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.		4.A -4.B 4.C			

<b>Med.f)</b> Protexer o medio nas zonas de pesca, a fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as aldeas e poboacións costeiras con actividade pesqueira e protexer e mellorar o seu patrimonio natural e arquitectónico		4.D			2.C
<b>Med.g)</b> Restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais.					
<b>Med.h)</b> Promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, principalmente a través do establecemento de redes e a difusión de boas prácticas. (...) e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local					2.D
<b>Med.i)</b> adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local;					2.A - 2.B 2.C - 2.D 2.E
<b>Med.j)</b> contribuir a sufragar os gastos de funcionamento dos grupos.					1.A - 1.B 1.C - 1.D 1.E - 1.F



Medida xa subvencionada por axudas específicas ao sector pesqueiro deste territorio trala catástrofe do PRESTIGE

Liñas de traballo do Plan Extratérico Zonal



## 2.4. PROPOSTA OPERATIVA DO GAC 4

Unha vez chegado este punto, expomos a proposta operativa para a implementación do Plan Estratéxico Zonal do GAC 4.

Presentamos unha previsión orzamentaria feita a partir da recollida de información nas mesas de traballo. As iniciativas poden ser consideradas «Iniciativas Tipo», no sentido de que de son unha selección daquelas que mellor reflicten ou espírito das liñas de traballo.

Cofinanciamento	Reparto interno do orzamento segundo categoría de gasto	Reparto do orzamento de cofinanciamento en grandes grupos	% de cofinanciamento segundo categoría de gasto
<b>ACHEGA FEP:</b> <b>A) 9.279.075,00 €</b>	<b>B) Gastos funcionamento:</b> 10% de A: 927.907,50 €	<b>B) Gastos de xestión:</b> 20% de A: 1.855.815,00 €	100% de cofinanciamento
	<b>B) Gastos sensibilización e difusión:</b> 10% de A: 927.907,50 €		
	Investimento de Pesca: 25% de A-B	<b>C) Investimento produtivo:</b> C: A x 50%: 4.640.435,50 €	€) -Investimentos produtivos: 60% (máx. 500.000 €)
	Investimento de Turismo: 60% de A-B		
Investimento de Calidade de vida: 15% de A-B	<b>D) Investimento non produtivo:</b> D: A-B-C: 2.782.824,50 €		

Aclaracións sobre as siglas:

**A:** Importe total da axuda do PEZ.

**B:** Gastos de xestión do Grupo.

**C:** Investimento produtivo.

**D:** Investimento non produtivo.



**PROGRAMA OPERATIVO DO GAC 4.****1. XESTIÓN DO GAC****1.A. Gastos de persoal**

- 1.A.1. Xerencia
- 1.A.2. Secretaria Técnica
- 1.A.3. Técnico 1
- 1.A.4. Técnico 2
- 1.A.5. Administrativo

**1.B. Asistencia á xestión**

- 1.B.1. Asistencia técnica 1 (Redacción PEZ)
- 1.B.2. Asistencia técnica 2 (Asesoramento fiscal-contable)
- 1.B.3. Asistencia técnica 3 (Arquitecto)

**1.C. Subministrados exteriores**

- 1.C.1. Comunicacións: Tel., Fax
- 1.C.2. Material funxible oficina

**1.D. Material informático, telemático e de reprografía**

- 1.D.1. Adquisición material informático
- 1.D.2. Adquisición material reprografía
- 1.D.3. Mantemento e conservación
- 1.D.4. Outros: fotografía, correos, copias...

**1.E. Mobiliario e equipo de oficina**

- 1.E.1. Mantemento e conservación

**1.F. Inmobles e locais**

- 1.F.1. Mantemento e reparacións

**1.G. Outros gastos**

- 1.G.2. Axudas de custo doutros membros do GAC

**2. SENSIBILIZACIÓN E CAPACITACIÓN****2.A. Publicidade, comunicación e relacións públicas**

- 2.A.1. Publicidade
- 2.A.2. Web do proxecto
- 2.A.3. Publicacións técnicas
- 2.A.4. Folletos do programa
- 2.A.5. Presentacións públicas de proxectos do GAC
- 2.A.6. Celebración de xornadas informativas
- 2.A.7. Asistencia a feiras de pesca e turismo

**2.B. Congresos e seminarios**

- 2.B.1. Congresos específicos de apoio ás accións
- 2.B.2. Seminarios técnicos

**2.C. Estudos e traballos técnicos**

- 2.C.1. Plan de viabilidade económica/financeira/xurídica da Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe (PCDP)
- 2.C.2. Plan de xestión de marcas territoriais
- 2.C.3. Plan de negocio executivo e de viabilidade da Franquía Hostaleira
- 2.C.4. Deseño do Manual de Produto de Turismo Mariñeiro
- 2.C.5. Catalogación do patrimonio costeiro industrial
- 2.C.6. Programas de certificación da calidade (sicted e Q)

**2.D. Intercambio de experiencias e traballo en rede**

- 2.D.1. Xornadas de traballo con outros GAC galegos ou estatais
- 2.D.2. Viaxes de estudos a outras rexións

**2.E. Formación**

## PROGRAMA OPERATIVO DO GAC 4.

- 2.E.1. Programa de captación do talento emprendedor
- 2.E.2. Capacitación con especial atención a colectivos desfavorecidos formación continua

### 3. FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO

#### 3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4

- 3.A.1. Conserveiras para a transformación e envase de mariscos, algas e outros produtos dentro de liñas de alta calidade
- 3.A.2. Cocedoiro de polbo e mariscos
- 3.A.3. Envase ao baleiro e ultraconxelación de produtos da pesca en pequenos volumes para mercados selectos
- 3.A.4. Planta de secado, salgado e prensado artesanal de peixe para mercados especializados
- 3.A.5. Viveiro e cocedoiro de marisco
- 3.A.6. Cocedoiro e envase de Berberecho

#### 3.B. Apoio a iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4

- 3.B.1. Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe fresco (PCDP) e de transformacións primarias do GAC 4
- 3.B.2. Viveiro para a almacenaxe, comercialización e distribución de mariscos para mercado retalista (nin cría nin engorde)
- 3.B.3. Distribuidora por xunto de peixe fresco
- 3.B.4. Distribuidora de peixe fresco en mercados próximos
- 3.B.5. Empresa de comercialización de peixe fresco en mercado próximos

### 4. PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN

#### 4.A. Apoio á implantación de novos aloxamentos dentro da tipoloxía "mariñeira" e hoteis con encanto

- 4.A.1. Hoteis mariñeiros
- 4.A.2. Casas mariñeiras
- 4.A.3. Hoteis Monumento mariñeiros
- 4.A.4. Hotel-Talasso

#### 4.B. Apoio á reconversión de establecementos hostaleiros a categorías superiores e reformas ao abeiro de plans de certificación da calidade

- 4.B.1. Rehabilitación hoteis mariñeiros
- 4.B.2. Reforma de restaurantes para cumprir cos requisitos da certificación Compromiso de Calidade Turística
- 4.B.3. Tascas mariñeiras
- 4.B.4. Restaurantes mariñeiros
- 4.B.5. Implementación da franquía de hostalaría mariñeira

#### 4.C. Apoio á creación, mellora e competitividade comercial das empresas de servizos turísticos ligados ao mar

- 4.C.1. Empresa de servizos turísticos náuticos
- 4.C.2. Empresa de actividades de aventura
- 4.C.3. Empresa de actividades de mergullo
- 4.C.4. Empresa de chárter náutico
- 4.C.5. Plataforma multipropósito
- 4.C.6. Escola de navegación

#### 4.D. Recuperación de patrimonio cultural para uso turístico

- 4.D.1. Museo do mar (iniciativa non produtiva)
- 4.D.2. Centro de interpretación da cultura mariñeira (iniciativa non produtiva)
- 4.D.3. Restauración de barco de pesca tradicional para uso museográfico (iniciativa non produtiva)
- 4.D.4. Rehabilitación de antiga carpintería de ribeira e creación de museo (iniciativa non produtiva)



#### PROGRAMA OPERATIVO DO GAC 4.

- 4.D.5. Rehabilitación de antiga lonxa (iniciativa non produtiva)
- 4.D.6. Rehabilitación de escola unitaria (iniciativa non produtiva)
- 4.D.7. Rehabilitación de antiga salgado-secado (iniciativa non produtiva)

#### 5. CALIDADE DE VIDA E MEDIO AMBIENTE

##### 5.A. Calidade de vida e medio ambiente

- 5.A.1. Empresa de servizos sociais
- 5.A.2. Rexeneración de ecosistemas litorais (iniciativa non produtiva)
- 5.A.3. Plan de ordenamento de praias e ecosistemas dunares (iniciativa non produtiva)



### 3. LIÑAS DE TRABAJO E ACCIÓNS

#### 3.1. XESTIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

##### ► Obxectivos xerais

- Actuar coma verdadeiro líder do desenvolvemento converténdose nun axente impulsor dun modelo de crecemento sólido e perdurable.
- Levar a cabo unha xestión eficiente do Plan de Acción Costeira garantido o cumprimento dos obxectivos establecidos, tanto nas accións produtivas coma nas non produtivas.

#### ÁREAS DE XESTIÓN E TAREFAS

- **ÁREA DE XESTIÓN DE PROXECTOS.** Deberá desenvolver os protocolos que garantan o cumprimento do plan de xestión de axudas deseñado, respectando os principios de obxectividade, eficacia, transparencia e publicidade nos que este se inspira. Realizará o asesoramento e seguimento dos proxectos e participará na elaboración da proposta de valoración segundo os criterios establecidos. Entre as súas tarefas estarán as seguintes, sen prexuízo de outras:
  1. Comprobación do non inicio dos investimentos das producións potencialmente máis competitivas no territorio, como son o berberecho, o polbo e as algas, para o seu envase e comercialización.
  2. Avaliación do proxecto presentado.
  3. Proposta de resolución na parte que lle corresponda.
  4. Certificación de inicio das actuacións (que certificará co Presidente do GAC).
  5. Verificación do investimento.
  6. Certificación da execución (emitida xunto co Presidente do GAC).
- **ÁREA DE SECRETARÍA TÉCNICA.** Centralizará a documentación e expedientes, funcionando como apoio técnico para as Mesas Sectoriais, a fin de facer efectivo o principio de colaboración e publicidade. Entre as súas tarefas estarán as seguintes, sen prexuízo doutras:
  1. Exame da documentación aportada polo solicitante das axudas.
  2. Solicitud ao organismo correspondente do informe de subvencionabilidade (de ser o caso).



3. Proposta de resolución na parte que lle corresponda.
  4. Notificacións ao solicitante, verificación do investimento na parte que lle corresponda.
- **OUTRAS TAREFAS.** Ámbalas dúas áreas realizarán tarefas de difusión, animación e dinamización, á vez que asesoran ós cargos de Secretario e Tesoureira, segundo o disposto no art. 12.1 dos Estatutos. En síntese as tarefas a desenvolver polas entidades asociativas con experiencia en xestión de proxectos de desenvolvemento, abarcan tres frentes: a dinamización da poboación; o apoio técnico á xestión e a xestión administrativa do plan, reservándose sempre as decisións que haxa que adoptar o GAC.

### SEDE SOCIAL, OFICINAS E RECURSOS

- **SEDE SOCIAL DO GAC.** Estará situada na oficina de Muros.
- **OFICINAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E ADMISIÓN DE SOLICITUDES.** Distribúense no territorio tres oficinas para dar un mellor servizo á poboación.
1. Muros.
  2. Noia..
  3. Corcubión..

### ORZAMENTO NOTAS PREVIAS

PARTIDA	NOTAS
<b>Todas as partidas.</b>	
Cálculo de inflación.	Como norma xeral, aplícase a todos os gastos un incremento anual do 5% por efecto da inflación. As cifras desta táboa refírense ao primeiro exercicio, salvo outra indicación.
<b>Gastos de persoal</b>	
Xerente	.
Técnico	.
Administrativo	.
<b>Asistencia á xestión</b>	
Asistencia técnica 1	Inclúe o gasto previo de redacción do PEZ (2008) e outros gastos menores.
Asistencia técnica 2	Impútase un gasto mensual de 350 €.
Asistencia técnica 3	Estímase un gasto mensual de 800 € durante 11 meses ao ano.
<b>Subministros exteriores</b>	





Comunicacións	Estímanse dúas liñas de móbil cun consumo medio de 120 €/mes, tres liñas fixas con tarifa plana de 90 €/mes e tres liñas de Fax por 90 €/mes.
Subministro eléctrico	Asumido polos propietarios. Non supón gasto para o GAC.
Material funxible	Estímase un gasto para o primeiro ano de 2.500 € por cada un dos tres locais.
<b>Material informático, etc.</b>	
Material informático	600 € de gasto en consumibles na oficina principal + 300 € en cada unha das outras dúas e outros 500 € de compras varias.
Material reprografía	Consumibles doutros equipos.
Mantemento	Aplicase un gasto de 500 euros desde 2010.
Outros	Diversas compras miúdas. A partir do terceiro ano impútase un incremento do 15%.
<b>Mobiliario e equipos</b>	
Adquisición de equipos	Non se imputa ao presuposto do Plan de Acción Costeira ningún cargo por estes conceptos.
Mantemento	Aplicase unha partida de 400 €/ano para reparacións e tarefas de mantemento dos equipos.
<b>Inmobles e locais</b>	
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>          -Concretar os estándares do turismo mariñeiro a nivel territorial ou de destino.          -Que se fixen uns mínimos criterios a considerar para as iniciativas que se definan como turismo mariñeiro, especialmente no sector da restauración e da hostalaría.          -Referendar as iniciativas de servizos de turismo mariñeiro existentes no territorio coa ampliación a outros sectores turísticos.          -Mellorar as perspectivas económicas das actividades de turismo mariñeiro existentes na actualidade</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>          No territorio do GAC 4 se teñen concretado iniciativas do que se ven en chamar turismo mariñeiro de notable importancia. Estas iniciativas abranguen fundamentalmente á prestación de servizos entorno á navegación e a pesca xa que o resto dos elementos que o compoñen carecen dunha especialización forte na temática mariñeira.</p> <p>Partindo, polo tanto, da experiencia acadada debería facerse un esforzo por definir un estándar de calidade transversal a todos os sectores que compoñen a oferta turística do territorio de tal xeito que esta modalidade de turismo pase de ser unha iniciativa exemplar a un sector de actividade con presenza en todo o territorio.</p> <p>No tocante á metodoloxía pensamos que a ferramenta de planeamento mais axeitada pola practicidade da mesma é a creación dun “manual de produto” que defina os contidos mínimos a ter en conta en cada subsector para que cada empresa ou iniciativa poida ser considerada de turismo mariñeiro. Esta dirección do traballo pode chegar incluso a converterse nun procedemento de certificación da calidade.</p> <p>O manual de produto tamén ten a utilidade de que pode ser utilizado polo GAC 4 como ferramenta vinculada ás iniciativas de hostalaría, no sentido de potenciar o asentamento no territorio de restaurantes e hoteis que operen baixo a denominación de “mariñeiro” cons requisitos mínimos de imaxe, calidade e servizo.</p>
Procedemento de posta en marcha	1-Mandato da directiva do GAC 4 para a contratación dos estudos. 2-Contratación



	<p>3-Redacción dos documentos</p> <p>4-Presentación e aprobación pola directiva do GAC 4 así como a consideración de si o manual de produto de “turismo mariñeiro” debe ser vinculante para a selección de iniciativas a financiar polo GAC.</p> <p>5-Presentación pública do proxecto</p> <p>6-Presentación da iniciativa ós outros GAC para facer unha sondaxe a receptividade á idea e determinar se ven a vantaxe a apoiar a implantación dos estándares no seus territorios.</p> <p>7-No caso de que os demais GAC decidan fomentar a iniciativa no seu territorio, negociar coa Dirección Xeral de Turismo as distintas opcións de dar cobertura legal ou administrativa ao turismo mariñeiro.</p>			
Requirimentos	<p>-Consenso dentro do GAC 4 para o lanzamento da iniciativa</p> <p>-Consciencia de todos os axentes de que a aposta polo turismo mariñeiro, entendido como experiencia ampla, é unha oportunidade de desenvolvemento para o territorio.</p>			
Relación con outras accións	<p>-Xestión de marcas territoriais</p> <p>-Todas as iniciativas turísticas do GAC 4</p> <p>-Franquía de hostalaría mariñeira</p> <p>-Programas de certificación da calidade</p> <p>-Publicidade social.</p>			
Resultados agardados	<p>-A creación do primeiro manual de produto a nivel galego que defina os estándares do turismo mariñeiro.</p> <p>-A obtención dunha ferramenta práctica para guiar as tomas de decisión do GAC nas iniciativas do sector turístico.</p>			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>	
	Deseño do manual de produto de turismo mariñeiro		65.000,00 €	
	<b>Total</b>		<b>65.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto				<i>non produtivo</i>
%Financiamiento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i>	65.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>		
Tempo exec.	3 meses			



<b>2.C.5.</b>	<b>Catalogación de patrimonio costeiro industrial</b>		
Eixo de intervención	No procede		
Prioridade do PEZ	4.D. Recuperación de patrimonio cultural para uso turístico.		
Ámbito de intervención FEP	<b>1.f) Protexer o medio nas zonas de pesca, a fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as aldeas e poboacións costeiras con actividade pesqueira e protexer e mellorar o seu patrimonio natural e arquitectónico.</b>		
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Revalorización do patrimonio local.</li> <li>-Mellora da calidade da paisaxe.</li> <li>-Fortalecemento da identidade cultural da poboación.</li> <li>-Diversificación da oferta cultural e turística.</li> </ul> <p><u>Descrición da actividade.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Inventario da arquitectura tradicional ligada ás producións industriais.</li> <li>-Estudo das características arquitectónicas, materiais e usos construtivos.</li> <li>-Estudo de bens mobles relacionados coa edificación de maquinaria industrial.</li> <li>-Estudo dos procesos de produción.</li> <li>-Relacións de produción. Estudo da relación dos devanditos procesos co contorno social e económico.</li> <li>-Grandes fitos na historia das actividades que albergaban.</li> </ul>		
Procedemento de posta en marcha	1-Mandato da directiva do GAC 4 para a contratación do estudo. 2-Tramitación do concurso. 3-Contratación. 4-Redacción do documento.		
Relación con outras accións	-Liña de traballo “Fortalecemento da competitividade do sector da Pesca”. -Liña de traballo “Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación”.		
Resultados agardados			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>
	Catalogación de patrimonio costeiro industrial		10.000,00 €
	<b>Total</b>		<b>10.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto			<b>non produtivo</b>
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i> 10.000,00 €
Calendario	<b>2009</b>		
Tempo exec.	3 meses		





2.C.6.	<b>Programas de certificación da calidade</b>
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>  <b>PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES DE NEGOCIO A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</b></p> <p><u>Transversal:</u>          -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías          -Fomento da igualdade de oportunidades          -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	2.C. Estudos e traballos técnicos
Ámbito de intervención FEP	<b>1.i) Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>          -Introducir elementos de calidade na toma de decisións do GAC 4 no tocante a iniciativas turísticas.          -Fomentar unha cultura da calidade no sector hostaleiro.          -Incrementar a competitividade turística do territorio a través da calidade.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>          Un dos riscos postos de manifesto no proceso de traballo para a constitución do GAC 4 foi o relativo a evitar que o programa fora visto como unha vía fácil para conseguir financiamento para todo tipo de iniciativas de hostalaría, incluídos bares e discotecas.</p> <p>Nun primeiro momento pensouse na posta en marcha de mecanismos de choque que evitaran directamente que este tipo de establecementos puideran ser beneficiarios das iniciativas do GAC, pero a aplicación de calquera destes mecanismos sempre implicaba o risco de deixar fora iniciativas de interese para o territorio, vala como exemplo o dos bares e tascas que deberán ser o xermolo das tascas mariñeiras chegado momento.</p> <p>Por outra banda, a necesidade de introducir no territorio elementos de competitividade no eido do turismo fíxonos recorrer ós sistemas de certificación da calidade como método de obxectivación e estandarización da mesma.</p> <p>A confluencia destas dúas circunstancias fíxonos ver que os sistemas de certificación, amais de incidir directamente na calidade da hostalaría, serven ao propósito de evitar a adhesión de empresarios que buscan diñeiro fácil.</p> <p>Polo tanto, o GAC deberá ser o animador de procesos colectivos de certificación da calidade para aqueles empresarios que entendan a vantaxe e a necesidade de que o seu establecemento e o seu territorio melloren en calidade.</p> <p>A recompensa a este compromiso será, pois, o apoio do GAC ás accións de remodelación dos seus establecementos para atender ós requirimentos de certificación.</p> <p>Polo tanto, entendemos que a participación dunha empresa nun programa</p>





	de certificación da calidade deberá ser recoñecido no proceso de selección de iniciativas financiadas polo GAC, o cal deberá incluír tamén a recoñecemento ás necesidades de reforma derivadas de procesos de certificación do pasado.			
Procedemento de posta en marcha	1-Mandato da directiva do GAC 4 para a contratación das auditorías. 2-Contratación 3-Proceso de certificación dos establecementos 4-Concesión dos certificados de calidade 5-Recepción polo GAC das propostas de reforma de establecementos certificados ou con concesión condicionada			
Requisitos	-Consenso dentro do GAC 4 para o lanzamento da iniciativa.			
Relación con outras accións	-Xestión de marcas territoriais -Todas as iniciativas turísticas do GAC 4 -Franquía de hostalaría mariñeira -Manual de produto de turismo mariñeiro -Publicidade social.			
Resultados agardados	-O incremento de establecementos con calidade acreditada co “compromiso de calidade turística” ou “Q”. -O incremento da calidade no sector turístico da comarca.			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>	
	Auditorías de calidade		76.000,00 €	
	<b>Total</b>		<b>76.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto				<b>non produtivo</b>
%Financiamiento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i>	76.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	
Tempo exec.	6 meses en dúas fases de 3 meses			

### 3.2.D. INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS E TRABALLO NA REDE

<b>2.D.1.</b>	<b>Xornadas de traballo con outros GAC Galegos e estatais</b>
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u></p> <p>-FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, ES ESPECIAL A TRAVÉS DA MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN.</p> <p>-PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p>-MELLORA DO CONTORNO NATURAL E A CALIDADE DE VIDA.</p> <p><u>Transversal:</u></p> <p>-Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías</p> <p>-Fomento da igualdade de oportunidades</p> <p>-Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	2.D. Intercambio de experiencias e traballo en rede
Ámbito de intervención FEP	<b>1.h) Promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, principalmente a través do establecemento de redes e a difusión de boas prácticas.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u></p> <p>-Xerar liñas de colaboración con outros GAC que dean mais profundidade a certas liñas de traballo propias</p> <p>-Incrementar as posibilidades de éxito de certas iniciativas dinamizadas directamente polo GAC.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u></p> <p>No momento de peche do PEZ queda explicitada a necesidade de que desde o GAC se traballe na coordinación e transferencia de coñecemento cos outros GAC. Esta liña supón o nivel máximo do traballo do GAC 4 como axente dinamizador, e afecta as seguintes liñas de acción:</p> <p>-Coordinación co GAC 3 Costa da Morte para a creación dunha Plataforma de Comercialización e Distribución da Pesca (PCDP). Neste caso tratarase de pulsar nun primeiro momento a dispoñibilidade humana e orzamentaria para traballar nesta liña e de ser o caso traballar conxuntamente repartindo esforzos.</p> <p>-Coordinación con todos os GAC galegos para a implementación dunha iniciativa conxunta de xestión de marcas mariñeiras que inclúe a creación dunha franquía de hostalaría mariñeira.</p> <p>-Coordinación con todos os GAC para definir conxuntamente os estándares do modelo de turismo mariñeiro que potenciaremos desde os GAC.</p> <p>-Coordinación con todos os GAC para programar formatos de formación conxuntos nas materias que podan ser consideradas comúns.</p> <p>- Coordinación con todos os GAC para a participación de promotores dos seus territorios no programa de captación de talento emprendedor do GAC 4.</p>
Procedemento de posta en	1-Mandato da directiva do GAC 4 para que a presidencia inicie contactos cos outros GAC ou delegue na xerencia esta función





marcha	2-Realización de sesións de traballo cos outros GAC 3-Execución das liñas de traballo acordadas				
Requirimentos	-Consenso dentro do GAC 4 para o lanzamento da iniciativa -Vontade de coordinación e traballo en rede dos outros GAC.				
Relación con outras accións	-Plataforma de comercialización e distribución pesqueira -Franquía de hostalaría mariñeira -Xestión comercial de marcas mariñeiras -Manual de produto de turismo mariñeiro -Formación -Programa de captación do talento emprendedor				
Resultados agardados	-A coordinación con outros GAC para a posta en marcha conxunta de iniciativas. -A mellor xestión dos recursos económicos do GAC 4				
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>			<i>Euros</i>	
	Xornadas de traballo con outros GAC			14.000,00 €	
	<b>Total</b>			<b>14.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto			<i>non produtivo</i>		
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i>	14.000,00 €	
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>
Tempo exec.	45 meses				

<b>2.D.2.</b>	<b>Viaxes de estudos a outras rexións</b>			
Eixo de intervención	Non procede			
Prioridade do PEZ	2.A. Publicidade, comunicación e relacións públicas.			
Ámbito de intervención FEP	<b>1.h) Promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, principalmente a través do establecemento de redes e a difusión de boas prácticas.</b>			
Puntos de interese e Descrición da actividade	<u>Puntos de interese para ou PEZ:</u> -Transnacionalización das experiencias. -Aumento do coñecemento. -Divulgación da metodoloxía de traballo.  <u>Descrición da actividade.</u> -Contacto con outros grupos de desenvolvemento pesqueiro. -Organización de xornadas de traballo para coñecer outras experiencias. -Transferencia de coñecementos. -Formación e cualificación dos técnicos do GAC.			
Procedemento de posta en marcha	Non procede.			
Relación con outras accións	-Liña de traballo de Competitividade “Pesqueira”. -Liña de traballo “Promoción Económica: creación de emprego e oportunidades a través da diversificación”.			
Resultados agardados	Realización de 4 visitas de estudo: -Dous en 2009: 2ª e 4ª trimestre. -Unha no 4º trimestre do 2010. -Unha no 3ª do 2011.			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>	
	Viaxes de estudos a outras rexións		100.000,00 €	
	<b>Total</b>		<b>100.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto			<i>non produtivo</i>	
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i>	100.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>
Tempo exec.	4 meses en total, entre organización e realización; un mes cada visita.			



2.E.1.	<b>Programa de captación do talento emprendedor</b>
Eixo de intervención	<u>Vertical ou sectorial:</u> Non procede <u>Transversal:</u> Non procede
Prioridade do PEZ	2.E. Formación
Ámbito de intervención FEP	<b>1.i) Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Mellorar o impacto das iniciativas privadas no balance do GAC -Tratar de acadar un perfil de promotor mais competitivo e con maior formación. -Fomentar iniciativas de PEMES  <u>Descrición da actividade:</u> Unha das debilidades que afecta ao territorio ten que ver coa escasa especialización do seu capital humano, que unido ao endebedamento das economías mariñeiras nos fixo albergar dúbidas respecto a capacidade do territorio para xerar suficientes iniciativas emprendedoras no período de funcionamento do GAC. A esta circunstancia temos que unir a atomización e fragilidade do tecido empresarial, co cal a previsión do perfil de promotor de iniciativas produtivas é dun autónomo que xerará unha iniciativa de autoemprego ou de emprego familiar. As iniciativas empresariais con maior capacidade de xeración de emprego serán máis escasas e se esperan que procedan en boa parte de promotores alleos ao territorio. Atendendo a esta circunstancia concibiuse unha ferramenta que incida na capacitación do capital humano ao tempo que potencie a creación de pequenas e mediadas empresas que fagan máis forte o tecido empresarial. Esta ferramenta é o programa de <b>captación do talento emprendedor</b> : os programas de emprendedores convencionais dedícanse á formación, asesoramento e facilidades no acceso ao crédito. O programa de emprendedores do GAC 4 amais de traballar nestas liñas pode por sobre a mesa o atractivo fundamental do financiamento a fondo perdido de porcentaxes moi atraentes ás iniciativas con maior capacidade de emprego.
Procedemento de posta en marcha	1-Deseño polo miúdo do programa. 2-Selección de institucións que acompañarán ao desenvolvemento do programa. 3-Selección dun equipo de dirección do programa formado por expertos destas institucións cuxa función nesta fase sexa a de seleccionar ós emprendedores. 4-Selección dunha institución para impartir o programa formativo e o asesoramento ós emprendedores. Esta decisión debería estar vinculada ao carácter do programa formativo, é dicir, cremos que este debería estar na liña dunha posgraduación en creación e desenvolvemento empresarial e que na medida do posible esta institución outorgara un título en favor dos emprendedores. Este aspecto é de crucial importancia xa que o



	<p>financiamento de iniciativas vai a ser limitado, polo tanto será conveniente prever algún tipo de contraprestación práctica aos participantes no programa que non poidan financiar os seus proxectos. Amais, se temos en conta os elementos de diagnóstico que motivaron a concepción desta liña de traballo, o mero feito de que un número de participantes do territorio reciban un plan de formación de calidade en desenvolvemento empresarial xa pode ser considerada unha iniciativa con valor por si mesma.</p> <p>Cremos que unha escola de negocios sería a institución mais axeitada para desenvolver o programa académico.</p> <p>5-Convocatoria a nivel nacional ou mesmo internacional do programa apoiándose en unidades de emprendedores das distintas comunidades autónomas, deputacións, grandes cidades, universidades e unidades de negocios de embaixadas estranxeiras.</p> <p>6-Selección dos emprendedores e das iniciativas polo equipo director do programa. Para a criba propomos os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Afinidade coas liñas de pesca do PEZ</li> <li>-Viabilidade da iniciativa</li> <li>-Potencial de crecemento da iniciativa</li> <li>-Capacidade económica do emprendedor (temos que considerar que o fin último desta liña de traballo é concretar iniciativas con maior capacidade de xeración de emprego e riqueza)</li> </ul> <p>Xunto a estes criterios xenéricos cremos que se deben contemplar outros de carácter máis territorial como o establecemento de cotas para garantir o acceso a emprendedores do territorio que non poidan competir cun grande volume de emprendedores foráneos. Unha orientación da política de cotas pode ser a que segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-30% para residentes, fillos de residentes ou nados no territorio. Dentro deste cota se garantiría ao acceso a mariñeiros ou familiares de mariñeiros ata un 50% do mesmo.</li> <li>-20% para emprendedores provenientes doutros GAC</li> <li>-50% para emprendedores provenientes doutras zonas</li> </ul> <p>7-Desenvolvemento do programa formativo</p> <p>8-Asesoramento ós emprendedores</p> <p>9-Selección de iniciativas a financiar polo GAC 4 e polos outros GAC</p> <p>10-Paso á fase de investimento</p>			
Requisitos	-Consenso dentro do GAC 4 para o lanzamento da iniciativa			
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Todas as liñas que contemplen iniciativas produtivas</li> <li>-Comunicación social</li> <li>-Formación</li> </ul>			
Resultados agardados	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Conseguir unha promoción de técnicos cun nivel alto de cualificación en xestión empresarial no territorio</li> <li>-Concretar iniciativas empresariais con maior capacidade de xeración de emprego que a media do programa</li> </ul>			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>	
	Deseño do manual de produto de turismo mariñeiro		155.000,00 €	
	<b>Total</b>		<b>155.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto			<i>non produtivo</i>	
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i>	155.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	
Tempo exec.	10 meses			



<b>2.E.2.</b>	<b>Capacitación con especial atención a colectivos desfavorecidos.</b>		
Eixo de intervención	Non procede		
Prioridade do PEZ	2.A. Publicidade, comunicación e relacións públicas.		
Ámbito de intervención FEP	<b>1.f) Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local.</b>		
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Mellorar a calidade de vida.</li> <li>-Aumentar o acceso laboral dos colectivos desfavorecidos.</li> <li>-Mellorar a cualificación da poboación.</li> </ul> <p><u>Descrición da actividade.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Formación de colectivos desfavorecidos (mulleres, novas, inmigrantes, discapacitados).</li> <li>-Colaboración con outros GAC para a organización de programas formativos comúns.</li> </ul>		
Procedemento de posta en marcha	Non procede.		
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Liña de traballo de Competitividade “Pesqueira”.</li> <li>-Liña de traballo “Promoción Económica: creación de emprego e oportunidades a través da diversificación”.</li> </ul>		
Resultados agardados	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Realización de 2 cursos de formación; no primeiro e segundo trimestre do 2010.</li> <li>-400 persoas formadas.</li> </ul>		
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>		<i>Euros</i>
	Capacitación		36.000,00 €
	<b>Total</b>		<b>36.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto		<b>non produtivo</b>	
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	0,00 €	<i>Achega FEP</i> 36.000,00 €
Calendario		<b>2010</b>	
Tempo exec.	4 meses en total, entre organización e realización; un mes cada visita.		





### 3.3. FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO

#### ► Obxectivos xerais

- Fortalecer o sector da pesca a través do control da cadea de valor, de maneira que se evite a fuga de valor engadido e se manteñan as rendas mariñeiras en condicións dignas.
- Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades a través da posta en marcha de medidas que lles dean prioridade sobre o emprego.

#### XUSTIFICACIÓN

Con esta liña de traballo pretendemos xerar as ferramentas necesarias para o mantemento da identidade destas poboacións, a través da revalorización daquilo que as súas xentes mellor saben facer; aquilo que está no substrato cultural da poboación, e en base ao cal construíron historicamente a súa identidade, o seu «saber facer», e a súa forma de relacionarse coa contorna e cos demais: **trataremos de acrecentar o valor da cultura mariñeira xerando os activos económicos necesarios para diversificar e controlar os elos da cadea de valor.**

Nun contorno como este, afectado pola desestruturación económica e social, tentar suplantar as actividades tradicionais como a pesca por outras actividades diferentes, unicamente contribuiría a desestructurar aínda máis á poboación, desaproveitando o seu coñecemento. Por iso, aínda que as accións que se levarán adiante baixo este eixo non contribuirán a aumentar o esforzo pesqueiro, este sector non será substituído mais se orientará diversificar este sector naquelas actividades deficitarias pero que mellor contribúen a reter o valor engadido que na actualidade se perde, recuperando os saberes tradicionais do sector.

Partimos do feito de que o sector da pesca atravesa por unha situación crítica, debido a factores estruturais e conxunturais xa definidos no diagnóstico. Con todo, aínda segue sendo un dos sectores que máis poboación emprega, e cremos que o seu principal problema radica na súa dependencia; unha dependencia que vén determinada por varios factores:

- A falla de diversificación na cadea de valor do sector.
- A dependencia que ten dos intermediarios para comercializar a súa materia prima.
- Os elevados custos de produción.
- Pero, principalmente, pola falta de ferramentas necesarias para abordar o cambio que necesita a súa estrutura.



## PRIORIDADES DE INTERVENCIÓN

- APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCIÓNS PESQUEIRAS DO GAC 4. Con esta medida preténdense financiar as iniciativas de investimento na industria de transformación. As liñas ás que se lles dará prioridade serán as seguintes:
  1. Aproveitamento das técnicas tradicionais e artesás no sector, tales como son o prensado, o secado e a salgadura, e a súa transformación en novos produtos, que contribúan a xerar competitividade a través da identidade e a diferenciación.
  2. Aproveitamento das producións potencialmente máis competitivas no territorio, como son o berberecho, o polbo e as algas, para o seu envase e comercialización.
  3. Aproveitamento das técnicas de envase ao baleiro e ultraconxelación para a comercialización en mercados selectos.
- APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE COMERCIALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS PRODUCIÓNS PESQUEIRAS DO GAC 4.
  1. Creación dunha plataforma de comercialización e distribución da produción de pesca do territorio, relacionada directamente coas Confrarías de Pescadores e cuxa función sexa a de centralizar as funcións de compra de materia prima, comercialización e distribución directa.

## CONTRIBUCIÓN DESTA LIÑA DE TRABAJO AO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

A nosa formulación pode estruturarse da seguinte maneira:

- **CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA.** Tanto a industria como a comercialización constitúen tipos de negocios empresariais que toman *inputs* doutras unidades da economía e ofrece os *outputs* que produce ao mercado, funcionando ambas como dinamizadoras da economía pesqueira nos seus restantes elos da cadea de produción, neste caso do sector primario:
  1. En primeiro lugar estaría o propio valor económico xerado pola actividade e que deberá medirse en función da súa contribución ao PIB do territorio.

itc.ménsula



2. En segundo lugar, o desenvolvemento destas actividades contribuiría ao sostemento da actividade extractiva dos pescadores autónomos, sen necesidade de aumentar o esforzo pesqueiro.
  3. Doutra parte, a existencia dunha plataforma de comercialización, que funcionaría a modo de clúster territorial, no que participarían as diferentes confrarías e o empresariado local, constituiría a perda de poder dos intermediarios actuais, establecendo un prezo xusto pola materia prima e contribuindo desta maneira a garantir unha renda digna aos pescadores.
  4. Estas actividades funcionarían á súa vez como dinamizadoras doutros subsectores económicos subsidiarios como provedores ou como clientes. Este é o caso das fábricas de latas, plásticos, maquinaria, etc. para no tocante aos provedores, noutro rango de actividades, a restauración e as tendas *delicatessen*, que se fornecerían dos produtos de calidade garantida coas Marcas Territoriais.
  5. Ao mesmo tempo, podería xerarse unha sinerxía en torno ao sector pesqueiro, que actuase de reclamo para o investimento e xeración de novos negocios, contribuindo todo isto a deseñar todo un armazón ou círculo de beneficio e rendibilidade social, a partir dos recursos endóxeos e o traballo dunha cultura da identidade económica e da calidade.
- **CONTRIBUCIÓN SOCIAL.** A rendibilidade destas intervencións non pode medirse unicamente en termos económicos ou monetarios. Neste terreo habería que contemplar as derramas que se prevén obter no ámbito territorial grazas á aprendizaxe transferida, o coñecemento incrementado no sector e a especialización. Todo iso debería concluír nunha recuperación e reinvenção do liderado económico do sector da pesca a través do cambio na súa estrutura de funcionamento e a súa contribución á mellora da competitividade da comunidade local.



## CRITERIOS ESPECÍFICOS

## FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO

## Criterios de valoración - Porcentaxe de subvención

Valoración máxima dos proxectos: 75 puntos		%mínimo	%máximo
<b>Activ. productivas</b>	Empresarios individuais, sociedades mercantís, cooperativas, sociedades laborais e calquera outra entidade con personalidade xurídica e entidades locais que cumpran requisitos. Mínimo 20 puntos	35%	60%
<b>Activ. non productivas</b>	Mínimo 40 puntos	55%	100%

## SISTEMA DE CONTROL E SEGUIMENTO DAS ACCIÓNS

INDICADORES	TEMA	MAGNITUDE	OBXECTIVOS
<b>Realización</b>	-Conserveiras creadas.	Nº	2
	-Viveiros e cocedoiros creados.	Nº	3
	-Plantas de envase creadas.	Nº	1
	-Plantas de secado creadas.	Nº	2
	-Distribuidoras creadas.	Nº	2
	-Empresas de comercialización creadas.	Nº	2
<b>Resultado</b>	-Emprego xerado.	Nº	48
	-Mulleres contratadas.	%	50-60
	-Municipios afectados.	Nº	9
	-Persoal formado.	Nº	48

## RESUMO DE ACCIÓNS

itc.ménsula

PRIORIDADE	ACCIÓN
APOIO A INICIATIVAS	Conserveira para a transformación e envase de mariscos, algas e outros produtos dentro de liñas de alta calidade.



<p>EMPRESARIAIS DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCIÓNS</p>	<p>Conserveira para a transformación de produtos do mar para mercados selectos</p> <p>Cocedoiro de polbo e mariscos</p> <p>Planta de envase ao baleiro e ultraconxelación de produtos da pesca en pequenos volumes para mercados selectos.</p> <p>Planta de secado, salgadura e prensado artesanal de peixe para mercados especializados.</p> <p>Viveiro e cocedoiro de marisco</p> <p>Cocedoiro e planta de envase de berberecho</p>
<p>APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE COMERCIALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS PRODUCIÓNS PESQUEIRAS DO GAC 4.</p>	<p>Viveiro para a almacenaxe, comercialización e distribución de mariscos para mercado retalista (nin cría nin engorde).</p> <p>Distribuidora por xunto de peixe fresco</p> <p>Distribuidora de peixe fresco en mercados próximos.</p> <p>Empresa de comercialización de peixe fresco en mercado próximos.</p>



## RELACIÓN CON OUTRAS LIÑAS DE TRABALLO

LIÑA DE TRABALLO	PRIORIDADE	ACCIÓN
SENSIBILIZACIÓN E CAPACITACIÓN	PLAN DE COMUNICACIÓN E RELACIÓNS PÚBLICAS	Páxina Web do proxecto
		Folletos do programa
		Presentacións públicas de proxectos do GAC
	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN Á POBOACIÓN SOCIAL	Celebración de xornadas informativas
	CONGRESOS E SEMINARIOS	Congresos específicos de apoio ás accións Seminarios técnicos
	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	Plan de viabilidade económica-financeira-xurídica da Plataforma de Comercialización e Distribución
		Programas de certificación da calidade
Plan de xestión de marcas territoriais		
INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS E TRABALLO EN REDE	Xornadas de traballo con outros GAC galegos ou estatais Viaxes de estudos a outras rexións	
FORMACIÓN	Programa de captación do talento emprendedor	
	Capacitación de colectivos desfavorecidos formación continua	
ASISTENCIA A FEIRAS E OUTROS EVENTOS	Asistencia a feiras de pesca	
PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.	APOIO Á RECONVERSIÓN DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS A CATEGORÍAS SUPERIORES E REFORMAS AO ABEIRO DE PLANS DE CERTIFICACIÓN DA CALIDADE	Tasca mariñeira
		Restaurante mariñeiro
		Implementación (Apertura dunha tenda-restaurante piloto, sede e plan de expansión) da franquía de hostalaría mariñeira



### 3.3.A. APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCCIÓN PESQUEIRAS DO GAC 4

<b>3.A.1. Conserveiras para transformación e envase de mariscos, algas e outros produtos dentro de liñas de alta calidade.</b>	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u> PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b>
Puntos de interese e descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Incidencia na creación de valor engadido no sector pesqueiro. -Innovación e aproveitamento de novas especies. -Pequenas industrias artesanais.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u></p> <p>Os principais produtos que se desexan traballar son: -Mariscos frescos e elaborados. Preténdese elaborar preparados dos que non hai tradición na zona pero que outros países están explotando con éxito en mercados emerxentes. -Algas. Preténdese aproveitar certas especies con uso gastronómico noutros mercados.</p> <p>Nun principio, as empresas deberán acceder a mercados exteriores, pero apostarán tamén por introducir estas especialidades no mercado español no sector das delicatessen. Este tipo de conservas entran en novos mercados a través de sectores da poboación interesados na comida saudable para logo ir penetrando ao resto dos consumidores.</p> <p>Para un acceso a determinados mercado preténdese a apertura dunha tenda 'on-line' na que ofertará a produción propia.</p> <p>A sociedade promotora deberá preparar novas instalacións e equipamentos do seguinte tipo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Selección e primeiro tratamento do produto.</li> <li>-Elaboración de precociñados.</li> <li>-Envasado.</li> <li>-Loxística (almacenaxe e transporte).</li> </ul>
Procedemento de posta en marcha	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Plan de viabilidade técnica e económica.</li> <li>-Dotación de novas instalacións.</li> <li>-Contratación con provedores.</li> </ul>



	-Ensaiois iniciais (probos de produción, contratación en mercados). -Inicio da produción. -Comercialización.		
Requirimentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria e estudo de viabilidade.</li> <li>- Orzamentos.</li> <li>- Análise de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>- Valorización e puntuación do proxecto.</li> <li>- Fotocopia CIF da promotora e DNI da administradora.</li> <li>- Anteprojecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>- Fotocopia escritura constitución.</li> <li>- Fotocopia escritura de propiedade.</li> <li>- Declaración de non haber solicitado máis axudas.</li> <li>- Declaración de creación de emprego feminino e de mozos do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración de poñer a documentación precisa a disposición dos órganos establecidos.</li> <li>-Permisos de actividade.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos dous anos anteriores. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e Facenda.</li> <li>-Certificado bancario de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>		
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4.</li> </ul>		
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Planta de produción e envasado</li> <li>-Administración e servizos auxiliares</li> </ul> <u>Emprego indirecto:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Apoio ao emprego pesqueiro e marisqueiro.</li> <li>-Servizos de loxística e subministros.</li> </ul> <u>Incremento do saber facer:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Innovación en produtos derivados.</li> </ul>		
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>	
	-Instalacións de planta de produción.	420.000,00 €	
	-Outro equipamento.	150.000,00 €	
	-Vehículos.	130.000,00 €	
	-Outras dotacións.	20.000,00 €	
	<b>Total</b>	<b>720.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto	<b>produtivo</b>		
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	360.000,00 €	<i>Achega FEP</i> style="text-align: right;">360.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>
Tempo exec.	14 meses		





3.A.2. Eixo de intervención	<b>Cocedoiro de polbo e marisco</b>
Prioridade do PEZ Ámbito de intervención FEP Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Vertical:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación</p> <hr/> <p>3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.</p> <hr/> <p><b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b></p> <hr/> <p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u> Valorización das producións pesqueiras. Traballo da calidade nas producións pesqueiras. Posicionamento e competitividade no mercado. Mantemento do emprego mariño sen aumento do esforzo pesqueiro. Aumento do emprego. Aumento da riqueza económica do territorio. -Pequenas industrias artesanais.</p>
Procedemento de posta en marcha	<p><u>Descrición da actividade.</u> A actividade ten por obxecto pór en marcha unha iniciativa sobre primeira transformación de polbo e marisco, dúas das producións máis competitivas deste territorio. Na actualidade xa se emprenderon no territorio accións de revalorización destas producións na liña da calidade e do posicionamento no mercado. Preténdese aproveitar o camiño xa percorrido e pór en valor unha das producións máis importantes do GAC 4 a nivel de calidade e tamén de volume. Por outra banda, esta actividade desenvolverase de maneira integrada respecto das demais iniciativas de competitividade no sector da pesca. A adquisición da materia prima prevé realizarse a través da plataforma de comercialización creada co GAC 4. Os promotores deberán traballar desde o seu inicio co GAC na integración das súas producións nas marcas territoriais, como mecanismo de posicionamento propio e tamén co fin de poder contribuír ao reforzamento da economía local, así como de achegar valor e contido á identidade do territorio.</p> <hr/> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo de mercado.</li> <li>- Proxecto empresarial.</li> <li>- Adecuación do local.</li> <li>- Equipamento industrial.</li> <li>- Compra de vehículo.</li> <li>- Posta en funcionamento.</li> </ul>
Relación con outras accións Resultados agardados	<p>Liña de traballo «Sensibilización e capacitación».</p> <hr/> <p><u>Emprego directo</u> -Autoemprego consolidado</p> <p><u>Emprego indirecto:</u> -Subministros e transportes da zona.</p>





Orzamento e detalle das partidas de gasto	-Servizos de loxística e subministros.			
	<u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u>			
	-Incremento e diversificación da renda mariñeira.			
	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>		
	-Adecuación de local.	80.000,00 €		
-Equipamento industrial.	109.000,00 €			
-Compra de vehículo.	37.000,00 €			
<b>Total</b>	<b>226.000,00 €</b>			
Cualificación do proxecto	<i>productivo</i>			
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	113.000,00 €	<i>Achega FEP</i>	113.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>
Tempo exec.	18 meses			

<b>3.A.3.</b>	<b>Envase ao baleiro e ultraconxelación de produtos da pesca en pequenos volumes para mercados selectos.</b>					
Eixo de intervención	<u>Vertical:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN. <u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación					
Prioridade do PEZ	3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.					
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b>					
Puntos de interese e Descrición da actividade	<u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Valorización das producións pesqueiras. -Traballo de calidade nas producións pesqueiras. -Posicionamento e competitividade no mercado. -Mantemento do emprego mariñeiro sen aumento do esforzo pesqueiro. -Aumento do emprego. -Aumento da riqueza económica do territorio. -Pequenas industrias artesanais.  <u>Descrición da actividade.</u> O obxecto da actividade é a creación dunha fábrica de envase e conxelado de peixe para comercializar no contorno rexional. O proceso consta de varias fases: -Adquisición de peixe a través das lonxas locais. -Selección e limpeza de pezas. -Envase e ultraconxelado.  O fin da operación é a compra de dous vehículos e mellora do equipamento frigorífico.					
Procedemento de posta en marcha	-Estudo de mercado (xa realizado). -Proxecto empresarial (xa realizado). -Compra de vehículos. -Mellora do equipamento frigorífico.					
Relación con outras accións	Liña de traballo «Sensibilización e capacitación»					
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> -Autoemprego -Empregos por conta allea <u>Emprego indirecto:</u> -Subministros e transportes da zona. -Servizos de loxística e subministros. <u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> -Incremento e diversificación da renda mariñeira.					
Orzamento e detalle das	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Concepto</th> <th>Euros</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>-Mellora de equipamento frigorífico.</td> <td>128.000,00 €</td> </tr> </tbody> </table>	Concepto	Euros	-Mellora de equipamento frigorífico.	128.000,00 €	
Concepto	Euros					
-Mellora de equipamento frigorífico.	128.000,00 €					





partidas de gasto	-Compra de vehículos.		62.000,00 €
	<b>Total</b>		<b>190.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<i>productivo</i>		
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	95.000,00 €	<i>Achega FEP</i> 95.000,00 €
Calendario	2009	2010	
Tempo exec.	8-9 meses		

3.A.4.	<b>Planta de secado, salgado e prensado artesanal de peixe para mercados especializados.</b>
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>  <b>PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</b></p> <p><u>Transversal:</u>          -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías          -Fomento da igualdade de oportunidades          -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b>
Puntos de interese e descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>          -Incidencia na creación de valor engadido no sector pesqueiro.          -Acceso da industria pesqueira a novos mercados con maior valor engadido.          -Apoio á imaxe de calidade da industria e á imaxe xeral do territorio.          -Pequenas industrias artesanais.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>          A intención da actividade é comezar a producir conservas artesanais de pescado para colocadas en mercados determinados. En concreto, dedicarase á venda de pescado secado, salgado e prensado.</p> <p>Existe un mercado específico para estes produtos, cada vez con maior demanda debido ao interese crecente polos procesos produtivos artesanais fronte aos tratamentos industriais. Detéctase unha sensibilización cada vez maior sobre os ingredientes e aditivos, así coma os procesos produtivos xerais. A proposta inclúe un etiquetado transparente que actúe como garantía de calidade ademais de como promoción.</p> <p>O mercado local será o primeiro destinatario, se ben se dará prioridade aos mercados urbanos. O obxectivo a longo prazo é a apertura de tendas de alimentación especializadas, traballando tamén con outros provedores.</p> <p>O local terá un pequeno espazo de tenda para a venda polo miúdo. Esta tenda enténdese coma un complemento á renda.</p> <p>Hai un interese expreso en sumar esta actividade ás iniciativas locais de creación de marcas de calidade e de asistencia a feiras xunto con outros emprendedores da zona que realicen actividades semellantes.</p>
Procedemento de posta en marcha	<p>-Proxecto de reforma do local, con especial atención ás instalacións eléctricas.          -Adquisición dos bens de equipo esixidos pola actividade.          -Dotación das oficinas e tenda.          -Produción, promoción e comercialización do produto.</p>



Requirimentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria e estudo de viabilidade.</li> <li>- Orzamentos.</li> <li>- Análise de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>- Valorización e puntuación do proxecto.</li> <li>- Fotocopia CIF da promotora e DNI da administradora.</li> <li>- Anteprojecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>- Fotocopia escritura constitución.</li> <li>- Fotocopia escritura de propiedade.</li> <li>- Declaración de non haber solicitado máis axudas.</li> <li>- Declaración de creación de emprego feminino e de mozos do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración de poñer a documentación precisa a disposición dos órganos establecidos.</li> <li>-Permisos de actividade.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos dous anos anteriores. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e Facenda.</li> <li>-Certificado bancario de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>			
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Plan de xestión de marcas territoriais.</li> </ul>			
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Auto emprego</li> </ul> <u>Emprego indirecto:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Subministrados e transportes da zona.</li> </ul> <u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Incremento e diversificación da renda mariñeira.</li> </ul>			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>			<i>Euros</i>
	-Reforma de local			36.000,00 €
	-Bens de equipo para produción.			82.000,00 €
	-Mobiliario.			40.000,00 €
	-Comunicación			20.000,00 €
	<b>Total</b>			<b>178.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<b>produtivo</b>			
%Financiamiento	<i>Achega propia</i>	89.000,00 €	<i>Achega FEP</i>	89.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>		
Tempo exec.	8 meses			



<b>3.A.5. Viveiro e cocedoiro de marisco.</b>	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>  <b>PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</b></p> <p><u>Transversal:</u>          -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías          -Fomento da igualdade de oportunidades          -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b>
Puntos de interese e descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>          -Incidencia na creación de valor engadido no sector pesqueiro.          -Pequenas industrias artesanais.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>          Con esta acción preténdese a instalación dunha planta de almacenaxe de especies de marisco para a súa venda cocidos e envasados. Unha pequena parte da produción terá saída na venda directa de marisco fresco no contorno (a particulares e hostaleiros) pero na súa maioría se envasará para o mercado foráneo.</p> <p>O cocido do marisco facilita a súa distribución en mercados pola súa maior durabilidade e polas novas tendencias dos consumidores. O produto ten tres mercados diferenciados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Distribuidores de alimentación, para a venda final polo miúdo.</li> <li>-Hostaleiros.</li> <li>-Industria alimentaria, para a preparación de precociñados.</li> </ul> <p>O catálogo inicial de produtos inclúe: lagostino, cigala, centola, boi de mar, nécora e polbo.</p> <p>Equipamento necesario:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipos de procesamento.</li> <li>-Equipos de envasado.</li> <li>-Almacenaxe en frío.</li> <li>-Vehículo de transporte.</li> </ul>
Procedemento de posta en marcha	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Instalación das cadeas de procesamento e envasado e do almacén.</li> <li>-Dotación de vehículo.</li> <li>-Contratación de persoal.</li> <li>-Labor comercial.</li> </ul>
Requirimentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria e estudo de viabilidade.</li> <li>- Orzamentos.</li> <li>- Análise de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>- Valorización e puntuación do proxecto.</li> <li>- Fotocopia CIF da promotora e DNI da administradora.</li> <li>- Anteproxecto realizado polo arquitecto técnico.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia escritura constitución.</li> <li>- Fotocopia escritura de propiedade.</li> <li>- Declaración de non haber solicitado máis axudas.</li> <li>- Declaración de creación de emprego feminino e de mozos do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración de poñer a documentación precisa a disposición dos órganos establecidos.</li> <li>-Permisos de actividade.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos dous anos anteriores. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e Facenda.</li> <li>-Certificado bancario de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>			
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Plan de xestión de marcas territoriais.</li> </ul>			
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Auto emprego</li> <li>-Persoal en produción</li> </ul> <p><u>Emprego indirecto:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Subministros e transportes da zona.</li> </ul> <p><u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Incremento e diversificación da renda mariñeira.</li> </ul>			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>			<i>Euros</i>
	-Maquinaria e instalacións.			260.000,00 €
	-Vehículos.			45.000,00 €
	-Outras dotacións.			95.000,00 €
	<b>Total</b>			<b>400.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<i>produtivo</i>			
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	200.000,00 €	<i>Achega FEP</i>	200.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>	
Tempo exec.	12 meses			





3.A.6. Cocedoiro e envase de berberecho.	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>            PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u>            -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías            -Fomento da igualdade de oportunidades            -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	3.A. Apoio a iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.</b>
Puntos de interese e descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>            -Incidencia na creación de valor engadido no sector pesqueiro.            -Aumento e diversificación da renda das familias mariñeiras.            -Pequenas industrias artesanais.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>            Preténdese instalar un cocedoiro de berberecho para sacar maior partido da extracción deste molusco. No inmovible inclúese un espazo de oficina, a planta de produción, pequena cámara frigorífica e outras instalacións (aseos, almacén, etc.). Ademais disto, deberán instalar os equipamentos de transformación e envasado.</p>
Procedemento de posta en marcha	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Adecuación de baixo para a realización de actividades industriais.</li> <li>-Adquisición en instalación de maquinaria.</li> <li>-Inicio de actividade.</li> </ul>
Requisitos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria e estudo de viabilidade.</li> <li>- Orzamentos.</li> <li>- Análise de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>- Valorización e puntuación do proxecto.</li> <li>- Fotocopia CIF da promotora e DNI da administradora.</li> <li>- Anteprojecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>- Fotocopia escritura constitución.</li> <li>- Fotocopia escritura de propiedade.</li> <li>- Declaración de non haber solicitado máis axudas.</li> <li>- Declaración de creación de emprego feminino e de mozos do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración de poñer a documentación precisa a disposición dos órganos establecidos.</li> <li>-Permisos de actividade.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos dous anos anteriores. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e Facenda.</li> <li>-Certificado bancario de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Iniciativas empresariais de transformación das producións pesqueiras do GAC 4.</li> <li>-Iniciativas empresariais de comercialización e distribución das</li> </ul>



	produccións pesqueiras do GAC 4. -Plan de xestión de marcas territoriais.		
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> -Autoemprego. -Emprego por conta allea. <u>Emprego indirecto:</u> -Subministrados desde o sector marisqueiro. <u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> -Incremento e diversificación da renda mariñeira.		
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>	
	-Reforma de local.	120.000,00 €	
	-Maquinaria de procesamento.	110.000,00 €	
	-Maquinaria de envasado.	100.000,00 €	
	-Dotacións varias (vehículos, oficina).	50.000,00 €	
	<b>Total</b>	<b>380.000,00 €</b>	
Cualificación do proxecto	<i>produtivo</i>		
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	190.000,00 €	<i>Achega FEP</i> 190.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	<b>2010</b>
Tempo exec.	18 meses		



### 3.3.B. APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE COMERCIALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS PRODUCCIÓN PESQUEIRAS DO GAC 4

<b>3.B.1. Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe (PCDP) e de transformacións primarias do GAC 4</b>	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA COMERCIALIZACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	3.B. Apoio a iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Xerar valor engadido para os produtos da pesca</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Trátase dunha acción estruturante das liñas de pesca do PEZ -Boa parte do éxito das iniciativas relativas ao sector pesqueiro pasa por esta intervención. -É a intervención de mais impacto do GAC 4</p> <p><u>Descrición da actividade:</u> O traballo da acción 2C1 (plan de viabilidade económica, financeira e xurídica da Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe) debería resultar nun proceso de constitución do grupo de accionistas desta iniciativa. Se o proceso se desenvolveu con solvencia técnica e conseguiu un nivel de consenso aceptable entre todos os axentes implicados, estaremos en condicións de abordar esta segunda fase, que se solapa coas últimas etapas da acción 2C1 que teñen que ver coa concertación entre axentes para a constitución do núcleo accionarial da iniciativa.</p> <p>Os escenarios que nos podemos atopar neste punto son varios: -O peor dos escenarios posibles é que a iniciativa teña fracasado no proceso de xestión do proxecto, co cal esta segunda fase non prosperaría e o financiamento previsto para ela debería ser destinado a iniciativas individuais de comercialización. -Que a fórmula final teña acadado o consenso do sector pero non ata o punto de conseguir o compromiso económico necesario para por a iniciativa en marcha a pesar do respaldo económico do GAC. Neste caso a fórmula pasaría pola procura de investidores individuais, cun forte peso de capitais foráneos. De darse esta situación debemos chamar a atención sobre o risco que supón para a iniciativa que os investidores sexan comercializadores por xunto do mundo do peixe, xa que podemos estar a abrir a porta, cun forte respaldo de fondos públicos, ao asentamento dun gran comercializador que pode xerar lazos de dependencia no sector que se traducirían no medio prazo nunha situación dominante sobre o sector extractivo. -Que o proceso de traballo teña conseguido un amplo consenso e apoio entre as confrarías ata o punto de que podamos prever un</p>



	<p>respaldo masivo do sector á iniciativa. A ninguén se lle escapa que este é o escenario ideal e o mais acorde coa filosofía e obxectivos do Grupo de Acción Costeira. Neste caso ten certa lóxica pensar nalgunha fórmula de economía social que permita ós mariñeiros acceder directamente ás plusvalías provenientes do valor engadido que esta actividade xerará na comarca.</p> <p>Dentro deste escenario cabe pensar na posibilidade de que aínda cun consenso e un respaldo moi grande do sector, a dispoñibilidade deste para o investimento sexa practicamente nula por dous factores postos de manifesto no diagnóstico: a escasísima capacidade de investimento entre o sector e a percepción deste de que as iniciativas colectivas están mais no ámbito das políticas sociais que das empresariais.</p> <p>Esta situación obrigaría ás administracións públicas a xerar un marco de apoio ao investimento que está fora dos ámbitos de competencias do GAC 4, que pode pasar pola súa integración no grupo de accionistas da sociedade, o apoio directo ós mariñeiros que se integren na iniciativa ou mesmo facilitar o endebedamento da sociedade no momento da constitución.</p> <p><b>Por último, debemos salientar a importancia desta iniciativa e chamar á responsabilidade de todos os axentes xa que ela sola podería ter un impacto maior no sector da pesca e na fixación do valor engadido no territorio que todas as demais iniciativas do GAC.</b> Todo elo sen entrar a valorar cómo unha boa xestión da plataforma podería desenvolver liñas de transformación de produto que permitirían xerar mais emprego directo e mais valor engadido.</p>				
Procedemento de posta en marcha	<p>1-Finalizar os estudos previos e avaliar o nivel de consenso e apoio á iniciativa</p> <p>2-Se o apoio se considera suficiente, presentar á iniciativa ás administracións públicas</p> <p>3-Segundo as especificacións técnicas, valorar e xestionar a constitución do grupo de accionistas</p> <p>4-constitución da sociedade ou cooperativa</p> <p>5-solicitar a axuda ao GAC 4 e de ser o caso ao GAC 3</p> <p>6-Desenvolver os proxectos técnicos de arquitectura, equipamento e comerciais.</p> <p>7-Pasar á fase de investimento material</p> <p>8-Iniciar actividade</p>				
Requirimentos	<p>-Convencemento da directiva do GAC 4 da factibilidade desta iniciativa</p> <p>-Consenso de partida entre todas as confrarías</p>				
Relación con outras accións	<p>-Publicidade social.</p> <p>-Todas as iniciativas de transformación das producións do GAC 4</p> <p>-Resto de iniciativas vinculadas á comercialización</p> <p>-A liña de creación dunha franquía de hostalaría mariñeira</p>				
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo</u></p> <p>-Emprego por conta allea</p> <p><u>Emprego indirecto:</u></p> <p>-Subministros desde o sector marisqueiro.</p> <p><u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u></p> <p>-Incremento e diversificación da renda mariñeira.</p>				
Orzamento e detalle das	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Concepto</th> <th>Euros</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe</td> <td>1.000.000,00 €</td> </tr> </tbody> </table>	Concepto	Euros	Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe	1.000.000,00 €
Concepto	Euros				
Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe	1.000.000,00 €				





partidas de gasto	<b>Total</b>			<b>1.000.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<i>productivo</i>			
%Financiamiento	<i>Achega propia</i>	500.000,00 €	<i>Achega FEP</i>	500.000,00 €
Calendario			<b>2011</b>	<b>2012</b>
Tempo exec.	18 meses			

<b>3.B.2.</b>	<b>Viveiro para a almacenaxe, comercialización e distribución de mariscos para mercado retalista (nin cría nin engorde)</b>	
Eixo de intervención	<u>Vertical ou sectorial:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA COMERCIALIZACIÓN. <u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación	
Prioridade do PEZ	3.B. Apoio a iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4	
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Xerar valor engadido para os produtos da pesca</b>	
Puntos de interese e Descrición da actividade	<u>Puntos de interese para o PEZ:</u> - Mellora das estruturas comerciais do territorio - Fixación de valor engadido da pesca no territorio  <u>Descrición da actividade:</u> O promotor deberá ser comprador de peixes e de mariscos nas lonxas do territorio, xa que con esta iniciativa preténdese intensificar a parte do negocio adicada ao marisco. A idea de negocio está na liña dun dos eixes do diagnóstico: a perda de poder negociador dos pescadores fronte aos compradores, solo que este é un comprador que sofre a mesma situación fronte ós compradores foráneos. Con esta iniciativa espera obter unha marxe temporal de manobra que lle permita reter o marisco vivo ata 48 horas cando as condicións de mercado desaconsellen a súa venda inmediata.	
Procedemento de posta en marcha	1-Desenvolvemento do proxecto técnico 2-Tramitación de permisos 3-Concesión da axuda do GAC 4 4-Execución	
Requisitos	-Contar con todas as autorizacións administrativas	
Relación con outras accións	-Publicidade social. -Transformación das producións do GAC 4 -Iniciativas vinculadas á comercialización -A liña de creación dunha franquía de hostalaría mariñeira	
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> -Autoemprego. -Emprego por conta allea <u>Emprego indirecto:</u> -Subministros desde o sector marisqueiro. <u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> -Incremento e diversificación da renda mariñeira.	
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>
	Rehabilitación nave	43.000,00 €
	Equipamento	110.000,00 €
	Imaxe e promoción	3.000,00 €





	<b>Total</b>			<b>156.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<i>productivo</i>			
%Financiamiento	<i>Achega propia</i>	78.000,00 €	<i>Achega FEP</i>	78.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>		
Tempo exec.	6 meses			

itc.ménsula

3.B.3. Distribuidora por xunto de peixe fresco		
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA COMERCIALIZACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación</p>	
Prioridade do PEZ	3.B. Apoio a iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4	
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Xerar valor engadido para os produtos da pesca</b>	
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Mellora das estruturas comerciais do territorio -Fixación de valor engadido da pesca no territorio -Xeración de emprego no territorio</p> <p><u>Descrición da actividade:</u> Co estímulo ao investimento que supón o GAC, promoverase a comercialización de maiores volumes de peixe en mercados máis distantes. Para elo precisa fundamentalmente investir en persoal, medios de transporte, nave frigorífica e promoción en puntos distantes.</p>	
Procedemento de posta en marcha	1-Desenvolvemento do proxecto técnico 2-Tramitación de permisos 3-Concesión da axuda do GAC 4 4-Execución	
Requirimentos	-Contar con todas as autorizacións administrativas	
Relación con outras accións	-Publicidade social. -Iniciativas vinculadas á comercialización	
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo</u> -Autoemprego -Emprego por conta allea</p> <p><u>Emprego indirecto:</u> -Subministros desde o sector marisqueiro.</p> <p><u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> -Incremento e diversificación da renda mariñeira.</p>	
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>
	Adquisición de camión e equipamento	160.000,00 €
	Reforma da nave frigorífica	184.000,00 €
	Publicidade	20.000,00 €
	<b>Total</b>	<b>364.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<b>produtivo</b>	
%Financiamento	<i>Achega propia</i> 182.000,00 €	<i>Achega FEP</i> 182.000,00 €
Calendario	<b>2009</b>	
Tempo exec.	9 meses	





itc.ménsula

<b>3.B.4.</b>	<b>Empresa de comercialización de peixe fresco en mercados próximos</b>		
Eixo de intervención	<u>Vertical ou sectorial:</u> FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO, EN ESPECIAL A TRAVÉS DA COMERCIALIZACIÓN. <u>Transversal:</u> -Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías -Fomento da igualdade de oportunidades -Fomento da cooperación e da participación		
Prioridade do PEZ	3.B. Apoio a iniciativas empresariais de comercialización e distribución das producións pesqueiras do GAC 4		
Ámbito de intervención FEP	<b>1.d) Xerar valor engadido para os produtos da pesca</b>		
Puntos de interese e Descrición da actividade	<u>Puntos de interese para o PEZ:</u> - Mellora das estruturas comerciais do territorio -Fixación de valor engadido da pesca no territorio  <u>Descrición da actividade:</u> Trátase dunha iniciativa convencional de distribución de peixe a restaurantes, peixerías e outras colectividades da comarca.		
Procedemento de posta en marcha	1-Desenvolvemento do proxecto técnico 2-Tramitación de permisos 3-Concesión da axuda do GAC 4 4-Execución		
Requirimentos	-Contar con todas as autorizacións administrativas		
Relación con outras accións	-Iniciativas vinculadas á comercialización		
Resultados agardados	<u>Emprego directo</u> -Autoemprego -Emprego por conta allea <u>Emprego indirecto:</u> -Subministros desde o sector marisqueiro. <u>Diversificación e igualdade de oportunidades.</u> -Incremento e diversificación da renda mariñeira.		
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>	
	Adquisición de vehículos		43.000,00 €
	Sede da empresa e frigorífico		60.000,00 €
	<b>Total</b>		<b>106.000,00 €</b>
Cualificación do proxecto	<b>produtivo</b>		
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	53.000,00 €	<i>Achega FEP</i> 53.000,00 €
Calendario		<b>2009</b>	
Tempo exec.	3 meses		



### 3.4. PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN

#### ► Obxectivos xerais

- Traballar os activos económicos do territorio que contribúan a frear a emigración do sector de poboación máis novo e a mellorar a calidade de vida das familias mariñeiras a través da diversificación das súas rendas.
- Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades a través da posta en marcha de medidas que lle dean prioridade sobre o emprego.

#### XUSTIFICACIÓN

Con esta liña de traballo pretendemos pór en valor a cultura mariñeira do territorio a través de novas iniciativas que xeren activos no territorio e susciten o interese económico no marco da actividade turística. Con pór en valor referímonos non só a usar, senón tamén reinventar, e sobre todo, dar a coñecer, comercializar.

Retomaremos aqueles elementos que máis diferencian a este territorio, para construír unha imaxe diferenciada e competitiva, de maneira que a identidade mariñeira aparecerá vertebrada en cada un dos elos da cadea de valor do sector turístico, achegando contido tanto ás actividades culturais e actividades deportivas, gastronómicas, de servizos, de comercios, como tamén ao servizo de aloxamento. **Traballaremos a imaxe turística do territorio e asociaremos a cultura mariñeira como eixo vertebrador das actividades, de maneira que achegue aos visitantes una experiencia rica, cargada de emoción, e sobre todo, singular e diferente.**

Partimos dunha excelente riqueza en recursos e potencialidades, pero cunha práctica inexistencia de enfoque da actividade, e que vén determinado a grandes liñas por algunhas cuestións que pretendemos transformar:

- Escasa dimensión da empresa turística pola escasa capacidade de endebedamento no negocio.
- Fraxilidade da empresa turística debido á estacionalidade do turismo.
- Falta de integración das empresas nas estratexias turísticas territoriais.
- Carencia de fórmulas empresariais e visión de negocio que reporten rendibilidade económica aos investimentos realizados pola pequena empresa do sector.



- APOIO Á IMPLANTACIÓN DE NOVOS ALOXAMENTOS DENTRO DA TIPOLOXÍA «MARIÑEIRA» E HOTEIS CON ENCANTO.
  1. Aumento da variedade de aloxamento turístico de tres estrelas para dar servizo a un segmento de mercado de gama media. Iso realizarase de maneira equilibrada de xeito que a oferta de cobertura á meirande parte do territorio, e xerando unha tipoloxía de establecemento que conserve o sabor popular e a esencia mariñeira, máis próximo ao «Hotel con Encanto».
  2. Creación dunha tipoloxía de aloxamento turístico asociada á casa tradicional mariñeira, que ofrezca a posibilidade de cobertura e apoio loxístico para a realización de actividades náuticas e mariñeiras relacionadas coa cultura e experiencias pesqueiras. Con cobertura referímonos á existencia dalgunha estancia para gardar canoas, equipos de mergullo, bicicletas para o paseo pola costa, e outros.
  3. Creación do clube de calidade «Casas Mariñeiras» que estará asociado a un regulamento de certificación no que se contemplarán os mínimos que deberán cubrir este tipo de establecementos en cuestións de servizo, equipamento, imaxe, dereitos e responsabilidades.
- APOIO Á RECONVERSIÓN DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS A CATEGORÍAS SUPERIORES E REFORMAS AO ABEIRO DE PLANS DE CERTIFICACIÓN DA CALIDADE.
  1. Reforma de establecementos hostaleiros para aumentar a súa categoría.
  2. Reforma de aloxamentos rurais para incluílos dentro do club de calidade «Casas Mariñeiras».
  3. Posibilitar a creación de liñas de posta en valor da gastronomía mariñeira asociada a produtos territoriais da pesca, a través de franquías mariñeiras.
  4. Aplicación da imaxe e contidos do produto de Franquías Mariñeiras, a novos negocios a través dun Plan de Expansión.
- APOIO Á CREACIÓN, MELLORA E COMPETITIVIDADE COMERCIAL DAS



## EMPRESAS DE SERVICIOS TURÍSTICOS LIGADOS AO MAR

1. Creación de empresas de servizos turísticos que promovan as actividades deportivas e náuticas en contacto coa natureza.
2. Aproveitar as embarcacións pesqueiras para a realización de itinerarios diversos:
  - Experiencias etnolóxicas, de observación participante, en actividades pesqueiras e en contacto coas xentes do sector, como inspiración de actividades didácticas de tipo cultural.
  - Itinerarios en barco pola Ría de Muros-Noia e pola Costa da Morte, percorrendo os principais puntos asociados á memoria histórica.
3. Aproveitamento dos recursos mariñeiros como base para o deseño de actividades didácticas de orientación ambiental, con efecto demostrativo.

### ➤ RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL PARA USO TURÍSTICO.

1. Creación dunha oferta cultural a partir da creación de equipamentos especializados na interpretación da «Cultura Mariñeira», e que conteñan un mínimo criterio integrador e complementario a nivel de conceptualización.
2. Recuperar o patrimonio arquitectónico relacionado cos procesos de produción tradicionais para que funcionen como Museos da súa propia historia.



## CONTRIBUCIÓN DESTA LIÑA DE TRABALLO AO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

A nosa formulación pode estruturarse da seguinte maneira:

### ➤ CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA.

1. **Xeración de emprego.** O desenvolvemento da oferta turística na súa rama de establecementos de hostalaría e restauración, posibilita a diversificación da renda das familias mariñeiras, de maneira directa, pola posibilidade que se expón da creación de novos establecementos ligados á categoría de Casas «Mariñeiras». E de maneira indirecta, pola xeración doutro tipo de establecementos «Hoteis Mariñeiros», de maior categoría, coa posibilidade de ampliar a súa oferta de servizos e, por tanto, tamén do cadro de persoal. Neste rango de importancia hai que colocar tamén a integración dos demais servizos turísticos que completan a cadea de valor do destino, tales como equipamentos museográficos e de interpretación, servizos de actividades deportivas, etc.
2. **Captación do gasto turístico.** A xeración dunha oferta diversificada en destino, que cubra as necesidades que os turistas teñen de experimentar novas experiencias, aumenta de maneira moi importante a capacidade de ampliar o gasto turístico.
3. **Oferta turística non estacionaria.** A diversificación de actividades e a promoción de estratexias de mercadotecnia ligadas á identidade e a calidade, sitúa o territorio como destino turístico diferenciado, aberto a un turismo de fin de semana, un turismo gastronómico, e de excursionismo, dun só día; cuestións todas elas que ademais veñen fortalecidas pola súa situación estratéxica, a 45 minutos do Eixo Atlántico, que coloca este territorio entre unha hora e hora e media dos principais destinos turísticos de Galicia: Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra-Vigo.
4. **Incremento do PIB do territorio.** A integración das iniciativas xa desenvolvidas no territorio, a través do desenvolvemento de medidas como as marcas territoriais e de



produtos mariñeiros ligados ao mar, abre a posibilidade de dotar aínda de maior contido as iniciativas propostas. Ao diversificar a oferta turística e abrir o campo para a integración das iniciativas xa en marcha ampliamos os resultados previstos polo PEZ, xa que ao establecer un sistema de retroalimentación de actividades multiplicamos o valor engadido e a creación de riqueza en todo o territorio.

5. **Dinamización e reactivación doutros sectores económicos.** O desenvolvemento das actividades turísticas non só fai que evolucione este sector, senón que a través do seu efecto diferido, revaloriza sectores como o da pesca e as súas producións, xa que constitúe o elo que dota de contido as experiencias dos turistas, ao estaren presentes tanto nas actividades didácticas e culturais, coma na gastronomía turística, e en todo o Plan de Marcas Territoriais Mariñeiras. Ao mesmo nivel estarían outro tipo de subsectores económicos que prestan servizos de xestión adicional, como é o caso dos servizos administrativos, financeiros, contables, e consultoras de todo tipo relacionadas coa promoción inmobiliaria. Tampouco hai que desdeñar o aumento dos servizos asistenciais, sociais e de mantemento, tanto de carácter público como privado, que se xerarían polo aumento de actividade e de público en xeral.

➤ **CONTRIBUCIÓN SOCIAL.**

1. **O efecto sobre a confianza social no desenvolvemento endógeno.** Un dos valores máis importantes que achega este sector á sociedade é o efecto demostrativo da cooperación e da unidade de acción, tendo en conta a desconfianza e a escasa capacidade de risco da poboación, xa argumentada no diagnóstico.
2. O efecto que produce esta liña de traballo na formación e especialización da poboación nos oficios derivados da actividade turística.
3. **A revalorización da cultura propia.** A recuperación e



reinterpretación do patrimonio mariñeiro, e a súa instrumentalización para xerar activos económicos e actividades moi valoradas polo público de fóra, xera un aumento da autoestima sobre formas de vida e actividades locais que perderan valor para os seus protagonistas.

## CRITERIOS ESPECÍFICOS

<b>PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</b>				
<b>Criteria de valoración - Porcentaxe de subvención</b>				
<b>Valoración máxima dos proxectos: 75 puntos</b>			<b>%mínimo</b>	<b>%máximo</b>
<b>Activ. productivas</b>	Empresarios individuais, sociedades mercantís, cooperativas, sociedades laborais e calquera outra entidade con personalidade xurídica e entidades locais que cumpran os requisitos.	Mínimo 20 puntos	35%	60%
		Mínimo 40 puntos	55%	100%
<b>Activ. non productivas</b>				



## SISTEMA DE CONTROL E SEGUIMENTO DAS ACCIÓNS

INDICADORES	TEMA	MAGNITUDE	OBXECTIVOS
<b>Realización</b>	-Hoteis Mariñeiros construídos.	Nº	5
	-Casas mariñeiras construídas.	Nº	2
	-Franquías gastronómicas implementadas.	Nº	1
	-Empresas de servizos turísticos creadas.	Nº	5
	-Equipamentos didácticos creados.	Nº	5
	-Recuperación de instalacións mariñeiras.	Nº	3
<b>Resultado</b>	-Emprego xerado.	Nº	146
	-Mulleres contratadas.	%	60
	-Municipios afectados.	Nº	9

## RESUMO DE ACCIÓNS

PRIORIDADE	ACCIÓN
APOIO Á RECONVERSIÓN DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS A CATEGORÍAS SUPERIORES E REFORMAS AO ABEIRO DE PLANS DE CERTIFICACIÓN DA CALIDADE.	<p>Rehabilitación de hotel rural</p> <p>Reforma de restaurante para cumprir cos requisitos da certificación Compromiso de Calidade Turística</p> <p>Reforma de restaurante para cumprir cos requisitos da Certificación Compromiso de Calidade Turística</p> <p>Reforma de restaurante para cumprir cos requisitos da Certificación Compromiso de Calidade Turística</p> <p>Tasca mariñeira</p> <p>Restaurante mariñeiro</p> <p>Implementación (Apertura dunha tenda-restaurante piloto, sede e plan de expansión) da franquía de hostalaría mariñeira</p>





<p>APOIO Á CREAÇÃO, MELLORA E COMPETITIVIDADE COMERCIAL DAS EMPRESAS DE SERVIZOS TURÍSTICOS LIGADOS AO MAR.</p>	<p>Empresa de actividades de aventura</p> <p>Empresa de actividades de mergullo</p> <p>Empresa de chárter náutico</p> <p>Plataforma multipropósito</p> <p>Escola de navegación</p>
<p>RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL PARA USO TURÍSTICO.</p>	<p>Museo do mar (iniciativa non produtiva)</p> <p>Centro de interpretación da cultura mariñeira (iniciativa non produtiva)</p> <p>Restauración de barco de pesca tradicional para uso museográfico (iniciativa non produtiva)</p> <p>Rehabilitación de antiga carpintería de ribeira e creación de museo (iniciativa non produtiva)</p> <p>Museo do mar (iniciativa non produtiva)</p> <p>Centro de interpretación da cultura mariñeira (iniciativa non produtiva)</p> <p>Restauración de barco de pesca tradicional para uso museográfico (iniciativa non produtiva)</p> <p>Rehabilitación de antiga carpintería de ribeira e creación de museo (iniciativa non produtiva)</p> <p>Rehabilitación de antiga lonxa (iniciativa non produtiva)</p> <p>Rehabilitación de escola u nitaria (iniciativa non produtiva).</p> <p>Rehabilitación de antiga salazón-secadeiro (iniciativa non produtiva)</p>



## RELACIÓN CON OUTRAS LIÑAS DE TRABALLO

LIÑA DE TRABALLO	PRIORIDADE	ACCIÓN
SENSIBILIZACIÓN E CAPACITACIÓN	PLAN DE COMUNICACIÓN E RR PP	Web do proxecto Folletos do programa Presentacións públicas de proxectos do GAC
	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN Á POBOACIÓN SOCIAL	Celebración de xornadas informativas
	CONGRESOS E SEMINARIOS	Congresos específicos de apoio ás accións Seminarios técnicos
	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	Programas de certificación da calidade Plan de xestión de marcas territoriais Plan de negocio executivo e de viabilidade da Franquía Hostaleira Deseño do Manual de Produto de Turismo Mariñeiro
	INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS E TRABALLO EN REDE	Xornadas de traballo con outros GAC galegos ou estatais Viaxes de estudos a outras rexións
	FORMACIÓN	Programa de captación do talento emprendedor Capacitación de colectivos desfavorecidos formación continua
	ASISTENCIA A FEIRAS E OUTROS EVENTOS	Asistencia a feiras de turismo
FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO.	APOIO A INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCIÓNS PESQUEIRAS DO GAC 4	Conserveira para a transformación e envase de mariscos, algas e outros produtos dentro de liñas Conserveira para a transformación de produtos do mar para mercados selectos Cocedoiro de polbo e mariscos Planta de envase ao baleiro e ultraconxelación de produtos da pesca en pequenos volumes para mercados selectos Planta de secado, salgadura e prensado artesanal de peixe para mercados especializados.

itc.ménsula





		<p>Viveiro e cocedoiro de marisco.</p> <p>Cocedoiro e envase de berberecho.</p> <p>Plataforma de Comercialización e Distribución de Peixe fresco (PCDP) e de transformacións primarias do GAC 4.</p> <p>Viveiro para a almacenaxe, comercialización e distribución de mariscos para mercado retalista.</p> <p>Distribuidora por xunto de peixe fresco.</p> <p>Distribuidora de peixe fresco en mercados próximos.</p> <p>Empresa de comercialización de peixe fresco en mercados próximos.</p>
CALIDADE DE VIDA E MEDIO	APOIO A EMPRESAS E INICIATIVAS DE CALIDADE DE VIDA E MEDIO.	Plan de ordenamento de praias e ecosistemas dunares.

### 3.4.A. APOIO Á IMPLANTACIÓN DE NOVOS ALOXAMENTO DENTRO DA TIPOLOXÍA «MARIÑEIRA» E HOTEIS CON ENCANTO

4.A.1. Hoteis Mariñeiros	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>            PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u>            -Fomento da igualdade de oportunidades.            -Fomento da sociedade da comunicación e das novas tecnoloxías.            -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	4.A: Apoio á implementación de novos aloxamentos dentro da tipoloxía «Mariñeira» e Hoteis con Encanto.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.e) Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>            -Restaurar o edificio.            -Adecualo aos servizos de aloxamento para a categoría de ***.            -Ofrecer información turística en xeral, dos recursos culturais e naturais do contorno, así como das empresas de servizos turísticos.            -Adaptar a oferta de restauración ás receitas da gastronomía local.            -Adecuar a ornamentación do establecemento e o seu servizo ás pautas establecidas polas normas de calidade (Q) e as da marca do territorio.            -Conexión a Internet.            -Venda 'on-line'.            -Fidelización de clientes a través dun programa de información personalizada posvenda.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>            As obras ten como obxecto a adecuación da arquitectura tradicional aos criterios establecidos polo club de calidade «Casas Mariñeiras», coa fin de formar parte da estratexia de diferenciación e posicionamento do turismo mariñeiro da zona.</p> <p>Os hoteis ofertarán os servizos seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Servizo de aloxamento con almorzo, media pensión e pensión completa.</li> <li>2. Servizo de limpeza e lavandaría.</li> <li>3. Servizo de cafetería para servizo interno e externo.</li> <li>4. Servizo de comedor para servizo interno e externo.</li> <li>5. Servizo de banquetes para servizo externo.</li> <li>6. Servizo de pequenos eventos.</li> <li>7. Servizo de estacionamento.</li> </ol> <p>Ademais, os promotores deberán comprometerse co GAC a realizar charlas eventuais sobre cultura popular con pequena degustación gastronómica de produtos da pesca, e novos produtos de chacinaría</p>



	da industria local. Tamén ofrecerán información turística da zona, como folletos e directorio de empresas de servizos turísticos, e ademais, actuarán como intermediarios, na medida das necesidades do cliente, para xestionar a adquisición de servizos.
Procedemento de posta en marcha	
Requirimentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Memoria e estudo de viabilidade.</li> <li>-Orzamentos.</li> <li>-Acta de inspección previa.</li> <li>-Análises de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>-Valoración e puntuación do proxecto.</li> <li>-Fotocopia da ficha de avaliación previa de Turismo.</li> <li>-Fotocopia do CIF do promotor e DNI da administradora.</li> <li>-Anteprojecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>-Fotocopia da escritura de constitución.</li> <li>-Fotocopia da escritura de propiedade.</li> <li>-Declaración de non teren solicitado máis axudas.</li> <li>-Declaración de creación de emprego feminino e de mozos e mozas do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración da posta a disposición dos órganos establecidos da documentación necesaria.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos dous últimos anos.</li> <li>-Certificado de estar ao corrente.</li> <li>-Certificado de Caixa Galicia de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Ficha de avaliación previa de Turismo.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Curso de formación servizos hostaleiros.</li> <li>-Creación dun club de calidade «Aloxamento Mariñeiro».</li> <li>-Certificación de calidade (SICTED e Q)</li> <li>-Deseño dun Plan de Produto de Turismo Mariñeiro.</li> <li>-Deseño do Plan de Xestión de Marcas Territoriais Mariñeiras.</li> <li>-Capacitación de colectivos desfavorecidos.</li> </ul>
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Limpeza</li> <li>-Bar cafetaría</li> <li>-Salón comedor</li> <li>-Cociñeiros</li> <li>-Recepcionista</li> <li>-Xerente</li> </ul> <p><u>Emprego indirecto:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Servizo externo de lavandaría.</li> <li>-Servizo externo de catering para eventos.</li> <li>-Servizos externos de administración.</li> <li>-Servizo externo de seguros.</li> <li>-Servizo externo de mantemento.</li> <li>-Industria e alimentación.</li> </ul> <p><u>Recuperación do saber facer:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación da gastronomía local á restauración.</li> </ul>



	<u>Recuperación do patrimonio:</u>			
	-Recuperación da arquitectura tradicional e adaptación aos novos usos, respectando a identidade construtiva básica.			
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>		
	-Proxectos arquitectónicos.	145.302,64 €		
	-Implementacións das obras.	325.000,00 €		
	-Mobiliario e equipamento.	210.000,00 €		
	-Comunicación e publicidade.	96.868,42 €		
	<b>Total</b>	<b>777.171,06 €</b>		
Cualificación do proxecto	<i>productivo</i>			
%Financiamento	<i>Achega propia</i>	427.444,08 €	<i>Achega FEP</i>	349.726,98 €
Calendario				<b>2013</b>
Tempo execuc.	5 meses			



4.A.2. Casas Mariñeiras	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u>            PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u>            -Fomento da igualdade de oportunidades.            -Fomento da sociedade da comunicación e das novas tecnoloxías.            -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	4.A: Apoio á implementación de novos aloxamentos dentro da tipoloxía «Mariñeira» e Hoteis con Encanto.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.e) Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u>            -Conseguir ampliar a renda das familias mariñeiras.            -Ofrecer un servizo de acordo coa imaxe e identidade do territorio, en contacto cun contorno mariñeiro e coa posta a disposición do cliente dun equipo básico para a realización de deportes náuticos e de sendeirismo.            -Resolver a oferta de restauración a partir de receitas de gastronomía da zona e de produtos artesáns tradicionais.            -Incluír esta casa dentro do club de calidade «Casas Mariñeiras» para o cal se vai adecuar tanto o seu aspecto físico coma o do servizo, ás normas establecidas nel.            -Ofrecer información turística da zona e realizar unha visita guiada aos lugares máis emblemáticos da zona.            -Informar sobre as empresas de servizos turísticos da zona.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u>            A idea do proxecto é recuperar algunhas edificacións tradicionais da tipoloxía de casa mariñeira respectando aqueles elementos arquitectónicos máis definitorios desta tipoloxía e salvando, na medida do posible, a súa estrutura para poder adecuarse aos novos servizos.</p> <p>Ademais, deberán habilitarse as naves posibles existentes para almacén de equipos náuticos e bicicletas, coa fin de facilitarlle aos clientes a realización de actividades turísticas relacionadas coa natureza. Pola súa banda, os promotores comprometeranse a exercer de guía o primeiro día de estada para mostrarlles a oferta de recursos e actividades que se ofrecen no contorno.</p> <p>Os servizos que se ofertarán deberán ser os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Servizo de aloxamento con almorzo e cea.</li> <li>2. Servizo de limpeza e lavandaría.</li> <li>3. Servizo de comidas contratado aparte.</li> <li>4. Servizo de guía: unha mañá.</li> <li>5. Equipos náuticos para a realización de actividades deportivas.</li> <li>6. Seis bicicletas de montaña para a realización de actividades deportivas.</li> </ol>



Procedemento de posta en marcha		
Requirimentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Memoria e Estudo de Viabilidade.</li> <li>-Orzamentos.</li> <li>-Acta de inspección previa.</li> <li>-Valoración e puntuación do proxecto.</li> <li>-Fotocopia da ficha de avaliación previa de Turismo.</li> <li>-Fotocopia do CIF do Promotor e do DNI da administradora.</li> <li>-Anteprojecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>-Fotocopias da escritura de propiedade.</li> <li>-Declaración de non ter solicitado máis axudas.</li> <li>-Declaración de creación de emprego feminino e de mozos e mozas do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración da posta a disposición dos órganos establecidos da documentación necesaria.</li> <li>-Fotocopia do IRPF dos anos 2007 e 2008.</li> <li>-Certificado de estar ao corrente.</li> <li>-Certificado de Caixa Galicia de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>	
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Curso de formación de servizos hostaleiros.</li> <li>-Creación dun club de calidade «Casas Mariñeiras».</li> <li>-Deseño dun Plan de Produto de Turismo Mariñeiro.</li> <li>-Deseño do Plan de Xestión de Marcas Territoriais Mariñeiras.</li> </ul>	
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo.</u></p> <p><u>Emprego indirecto:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Servizo externo de lavandaría.</li> <li>-Servizos externos de administración.</li> <li>-Servizo externo de seguros.</li> <li>-Industria e alimentación.</li> </ul> <p><u>Recuperación do saber facer:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación da gastronomía local á restauración.</li> </ul> <p><u>Recuperación do patrimonio:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recuperación da arquitectura tradicional vinculada ao sector da pesca e adaptación aos novos usos, entre os que se atopan a realización de actividades de recreo relacionada coa pesca e a náutica.</li> </ul>	
Orzamento e detalle das partidas de gasto	<i>Concepto</i>	<i>Euros</i>
	-Proxecto arquitectónico.	60.000,00 €
	-Implementación da obra.	320.000,00 €
	-Mobiliario e equipamento.	128.170,02 €
	<b>Total</b>	<b>508.170,02 €</b>
Cualificación do proxecto	<i>produtivo</i>	
%Financiamento	<i>Achega propia</i> 279.493,51 €	<i>Achega FEP</i> 228.676,51 €
Calendario		<b>2013</b>
Tempo execuc.	6 meses	





4.A.3. Hoteis Monumentos Mariñeiros	
Eixo de intervención	<p><u>Vertical ou sectorial:</u> PROMOCIÓN ECONÓMICA: CREACIÓN DE EMPREGO E OPORTUNIDADES ECONÓMICAS A TRAVÉS DA DIVERSIFICACIÓN.</p> <p><u>Transversal:</u> -Fomento da igualdade de oportunidades. -Fomento da sociedade da comunicación e das novas tecnoloxías. -Fomento da cooperación e da participación</p>
Prioridade do PEZ	4.A: Apoio á implementación de novos aloxamentos dentro da tipoloxía «Mariñeira» e Hoteis con Encanto.
Ámbito de intervención FEP	<b>1.e) Axudar a pequenas infraestructuras e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.</b>
Puntos de interese e Descrición da actividade	<p><u>Puntos de interese para o PEZ:</u> -Recuperar o edificio en harmonía coas características patrimoniais máis relevantes e adecualo a un servizo de calidade nas instalacións. -Adecuar a ornamentación do establecemento e o seu servizo ás pautas establecidas polas normas de calidade (Q) e as da marca do territorio. -Ofrecer servizo interno e externo. -Adaptar a oferta de restauración ás receitas da gastronomía local. -Ofrecer «Peixe da Ría». -Conexión a Internet. -Venda ‘on-line’. -Ofrecer información turística en xeral, dos recursos culturais e naturais do contorno, así como das empresas de servizos turísticos. -Fidelización de clientes a través dun programa de información personalizada posvenda. -Realizar eventualmente actividades culturais de divulgación da cultura mariñeira con pequena degustación gastronómica dos produtos da pesca e da gastronomía local.</p> <p><u>Descrición da actividade:</u> Aproveitamento de inmobles tradicionais para ubicar hoteis da tipoloxía mariñeira. Os servizos que deberán ofertar serán os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Servizo de aloxamento con almorzo, media pensión e pensión completa.</li> <li>2. Servizo de limpeza e lavandaría.</li> <li>3. Servizo de cafetaría para servizo interno e externo.</li> <li>4. Servizo de comedor para servizo interno e externo.</li> <li>5. Servizo para a realización de pequenos eventos.</li> <li>7. Intermediación de servizos turísticos.</li> <li>8. Información turística xeral da zona (gastronomía, cultura, eventos, equipamentos, patrimonio).</li> </ol>
Procedemento de posta en marcha	



Requisitos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Memoria e Estudo de Viabilidade.</li> <li>-Orzamentos.</li> <li>-Acta de inspección previa.</li> <li>-Análise de memoria e estudo de viabilidade polo xerente.</li> <li>-Valoración e puntuación do proxecto.</li> <li>-Fotocopia da ficha de avaliación previa de Turismo.</li> <li>-Fotocopia do CIF do Promotor e do DNI da administradora.</li> <li>-Anteproxecto realizado polo arquitecto técnico.</li> <li>-Fotocopia da escritura de constitución.</li> <li>-Fotocopias da escritura de propiedade.</li> <li>-Declaración de non ter solicitado máis axudas.</li> <li>-Declaración de creación de emprego feminino e de mozos e mozas do sector da pesca.</li> <li>-Declaración xurada de mantemento do destino do investimento.</li> <li>-Declaración da posta a disposición dos órganos establecidos da documentación necesaria.</li> <li>- Fotocopia do IRPF dos anos 2007 e 2008-10-02- Certificado de estar ao corrente.</li> <li>-Certificado de Caixa Galicia de solvencia dos promotores e de tramitación de empréstitos.</li> <li>-Ficha de avaliación previa de Turismo.</li> <li>-Informe favorable da Xunta de Galicia.</li> </ul>												
Relación con outras accións	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Curso de formación de servizos hostaleiros.</li> <li>-Creación dun club de calidade «Casas Mariñeiras».</li> <li>-Certificación de calidade (sicted e Q)</li> <li>-Deseño dun Plan de Produto de Turismo Mariñeiro.</li> <li>-Deseño do Plan de Xestión de Marcas Territoriais Mariñeiras.</li> <li>-Capacitación de colectivos desfavorecidos.</li> </ul>												
Resultados agardados	<p><u>Emprego directo</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Limpeza</li> <li>-Bar cafetería</li> <li>-Salón comedor</li> <li>-Cociñeiros</li> <li>-Recepcionista</li> <li>-Gobernanta</li> <li>-Director</li> </ul> <p><u>Emprego indirecto:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Servizos externos de administración.</li> <li>-Servizo externo de seguros.</li> <li>-Servizo externo de mantemento.</li> <li>-Industria e alimentación.</li> </ul> <p><u>Recuperación do saber facer:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aplicación da gastronomía local á restauración.</li> </ul> <p><u>Recuperación do patrimonio:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recuperación da arquitectura tradicional e a adaptación aos novos usos, respectando a identidade construtiva básica.</li> </ul>												
